Ames é un concello situado ao suroeste da cidade de Santiago de Compostela que experimentou un importante crecemento urbanístico e demográfico a finais do século XX. Motivado, en boa medida, pola dispoñibilidade do solo, o prezo da vivenda e a proximidade á capital galega. A permisividade das Normas Subsidiarias de Planeamento dos anos 90s e os convenios urbanísticos municipais facilitaron a elevada densidade e altura das edificacións (baixo comercial + 5 alturas de media), en particular no núcleo de O Milladoiro. A súa localización na estrada N-550, na saída natural da cidade cara o sur, cara Padrón, facilitou a súa expansión ao longo desta vía de comunicación, outorgándolle unha distribución de urbanización lineal (Soule, 2006). A aprobación no ano 2002 do PXOM afondou neste modelo, dotando o solo rural e urbano do concello de facilidades para a construción de vivendas unifamiliares, edificios e urbanizacións nas parroquias máis próximas á cidade de Santiago de Compostela (Lois & Piñeira, 2011). Así foi no caso de O Milladoiro, Bertamiráns e as urbanizacións de As Mimosas ou Aldea Nova, nas parroquias de Biduído e Ortoño respectivamente. Mais tamén das construcións en solo de núcleo rural ou de ampliación de núcleo rural, que facilitaron a dispersión de vivendas no conxunto do territorio (Nel.lo, 2017). Isto foi posible debido ao estancamento da dispoñibilidade de solo na cidade de Santiago de Compostela e a

oportunidade da contorna sur ata chegar ao mesmo límite municipal. Esta é unha realidade que se evidencia, por exemplo, no límite do concello de Ames en O Milladoiro e no seu parque empresarial denominado Novo Milladoiro. No caso de Bertamiráns, situado na estrada comarcal AC-543, tamén na saída suroeste da cidade cara a ría de Muros e Noia, repítese o mesmo esquema. Se ben o feito de estar situado na chaira de inundación do río Sar facilitou a creación dun asentamento de menor densidade e cunha menor altura das edificacións (baixo comercial + 3 alturas de media), así como dunha maior dispoñibilidade de zonas verdes. Unha terceira saída sudeste da cidade materializouse no concello de Teo, cara a AC-841 en dirección á localidade de A Estrada e, posteriormente, a autoestrada AP-53 cara Ourense. Este eixo corresponde á urbanización dos Tilos, Cacheiras e A Ramallosa. A expansión cara o norte da cidade de Santiago tivo un impacto moito menor, seguindo en todo caso a estrada N-550 cara A Coruña, que facilitou o crecemento de núcleos como Oroso ou mesmo Ordes.

Xa no século XXI o crecemento da “burbulla” mantívose na área metropolitana, ata a chegada da crise inmobiliaria de 2008, agudizada no ano 2010, e con consecuencias mesmo até o 2014. Durante este período prodúcese un estancamento da construción motivado polas limitacións de financiamento bancario e a ausencia de promocións urbanísticas entre outros factores. No ano 2015 iniciouse dende o goberno municipal de Ames un período de estudo e análise da situación, para intentar aprender dos erros do pasado e reconducir o modelo de cidade para un concello de máis de 32.000 habitantes (INE 2024), tres veces máis que a poboación de principios dos anos 90s (9.864 habitantes, INE 1991). É neste punto onde inicia a súa andaina a Axenda Urbana de Ames³.

3. Retos para un novo modelo de cidade

Entre os principais retos identificados destaca a necesidade dun Plan Territorial Integrado e asumido polo conxunto de administracións que interveñen na área metropolitana (Reto 1), mediante a consolidación e articulación dun modelo policéntrico de asentamentos. A dispersión produce un efecto determinante no uso do vehículo privado (Newman & Kenworthy, 1999; Banister, 2008), que condiciona a mobilidade diaria. A ausencia dun modelo territorial consensuado entre os concellos da área metropolitana e entre as administracións competentes limita as posibilidades de desenvolver unha ordenación do territorio axeitada ás necesidades actuais. Como exemplo, as intencións do concello de Ames por humanizar ou re-urbanizar a Avenida Rosalía de Castro en O Milladoiro para limitar o tránsito de vehículos pola N-550 e atopar unha variante que impida o paso de máis de 30.000 vehículos ao día. O concello de Ames impulsa esta actuación financiada polo Goberno do

³<https://axendaurbanaames.com>

Estado, mais o concello de Teo e a Xunta de Galicia opóñense a esta actuación. É xustamente en O Milladoiro e Bertamiráns onde deben centrarse as actuacións de integración urbana, así como no borde e zona de contacto co entorno rural, evitando a dispersión e favorecendo o uso do transporte público (Newman & Kenworthy, 1999). Con este obxectivo, resulta fundamental a actualización do PXOM do ano 2002 e a revisión do Plan de Transporte Metropolitano.

A revitalización do espazo rural no ámbito produtivo, de dinamización social e posta en valor do seu patrimonio histórico é fundamental (Reto 2). A transformación do rural para dedicarse a uso residencial ocasionou o abandono da terra produtiva (Antrop, 2004; Nel.lo, 2017, Seto, K.C. et al, 2011). A construción de terreos dedicados tradicionalmente á agricultura son utilizados para a especulación mediante segregacións e concentración de parcelas cunha finalidade urbanística. Outras parcelas de uso forestal utilízanse para o cultivo de eucalipto e piñeiro. No val do río Sar houbo tradicionalmente cultivo de froitas, hortalizas e cereais, que poderían ser obxecto de recuperación con novas plantacións. A parte norte do concello de Ames aínda conserva certa actividade agro-gandeira, centrada na produción de forraxes e de leite para a cooperativa CLUN, entre outras cooperativas. Aínda así, o sector primario ten un impacto mínimo na economía local, representa menos do 1% da poboación activa na actualidade, si o comparamos co sector servizos (máis do 85%) segundo o IGE. Así mesmo, a superficie municipal destinada a explotacións agrarias e forestais representa un residual 0,02%. Para reverter esta situación resulta fundamental o impulso de iniciativas de consumo de produtos locais de proximidade (Vázquez-Barquero, 2002), como as realizadas na xestión dos comedores escolares municipais de Ames a través da certificación Km.0 ou a iniciativa encamiñada a dotarse dun mercado de abastos na capital municipal.


Un terceiro reto está relacionado coas cuestións climáticas e ambientais. O río Sar e o Tambre supoñen dous eixos naturais sobre os que actuar nos vindeiros anos. A construción dun sendeiro ambiental polo río Sar aportaría a conectividade necesaria para vertebrar Ames e Santiago de Compostela (Reto 3). Para isto resulta fundamental a modernización e ampliación das depuradoras de Silvouta e Sisalde, para poder impulsar traballos de rexeneración ambiental nas zonas de ribeira, actualmente moi deterioradas e contaminadas.

Finalmente, os investimentos incluídos no Plan Impulsa Ames deben ter continuidade. En particular a reurbanización de rúas e prazas centrais onde o protagonista sexa o peón fronte ao vehículo particular (Reto 4). Así como a ampliación de percorridos urbanos seguros e sendeiros escolares que permitan facilitar a mobilidade peonil nos desprazamentos curtos non superiores a 15 minutos (Reto 5) (Moreno, 2021). Para lograr este obxectivo resulta fundamental ordenar a ubicación dos equipamentos públicos, en particular os deportivos,

educativos e culturais, sanitarios, comerciais, etc. Un claro exemplo de como avanzar neste reto é a construción dos sendeiros escolares que conectan o centro urbano cos centros de ensino como o CEIP Agro do Muíño, o CEIP A Maía e o IESP de Ames en Bertamiráns. Mais tamén no Milladoiro, co CEP de Ventín e o novo colexio en construción.

O deseño dun Plan de Mobilidade (PMUS) resultou fundamental para identificar as principais necesidades neste ámbito. Mais as limitacións para levalo á práctica por unha cuestión competencial dificultan a súa implantación no transporte interno e metropolitano. Necesariamente, calquera actuación debe estar consensuada cos concellos veciños, en particular coa cidade de Santiago de Compostela. A existencia dunha nova estación intermodal ofrece determinadas posibilidades para as liñas de autobús e para un transporte ferroviario de proximidade. Dende as administracións priorizouse o tren de alta velocidade, que ocasionou a perda de varias estacións como a do Casal ou a construción doutras novas con limitada demanda como a do Barbanza-Padrón. Este último exemplo sería o caso das denominadas “estacións sen tren” (Varela, Lois, Pazos, 2023), nun primeiro intento por dotarnos dunha estación “park and ride” no sur da provincia da Coruña, agora mesmo infrautilizada e pouco operativa para esta finalidade.

Figura 3. Densidade demográfica e principais infraestruturas de transporte na franxa costeira do noroeste ibérico. Galicia e Norte de Portugal



Fonte. Varela, Lois, Pazos, 2023.

4. Propostas de futuro

A estratexia de Ames debe centrarse nos principais factores que facilitaron o seu crecemento nos últimos anos. Isto é: localización e mobilidade, prezo do solo e oferta de servizos públicos de calidade. O suroeste da cidade de Santiago de Compostela móstrase como a área urbana máis dinámica e que experimenta un maior crecemento demográfico. Ames é o único concello galego con saldo vexetativo positivo (2023) e unha idade media da poboación máis nova (39-40 anos). No contexto atlántico entre A Coruña e Porto sitúase no eixo norte – sur que concentra na actualidade unha maior densidade demográfica e mellor conectividade por estrada, ferrocarril, portos e aeroportos (figura 3). Ao mesmo tempo sitúase no eixo da costa, en particular cara a ría de Muros e Noia, mais tamén está de camiño aos concellos da Costa da Morte. En termos de mobilidade

a dispoñibilidade de estradas de alta capacidade como a AP-9, a proximidade á estación intermodal e ao aeroporto de Santiago outórgalle unhas facilidades nos desprazamentos internos e cara o exterior. Este feito repercute de maneira moi significativa no asentamento de novas empresas, que teñen no parque empresarial Novo Milladoiro unha oportunidade para desenvolver a súa actividade. O menor prezo do solo para uso empresarial e residencial facilita que Ames sexa un concello atractivo. Este feito favoreceu dende hai máis de dúas décadas que a poboación nova que procura vivenda na cidade optase por ir á contorna próxima (Lefebvre, 1970). Do mesmo xeito aconteceu no ámbito empresarial e no mercado de alugueiro ao ser máis económico que na capital. Esta realidade é obxectiva no ámbito do alugueiro para estudantes universitarios, ao ter cada vez máis complicado atopar vivenda en alugueiro en Santiago de Compostela. Con todo, a dispoñibilidade de alugueiro e compra de vivenda nova é limitada na actualidade en Bertamiráns e O Milladoiro, o que ocasiona o desprazamento cara outras localidades máis periféricas, como poden ser Negreira ou mesmo Noia. Tamén a demanda de vivenda para uso turístico limita, ao igual que xa acontece na cidade, a dispoñibilidade de alugueiro permanente, favorecendo o proceso de xentrificación (Albet & Benach, 2017; Sequera, 2020).

Un dos factores que repercutiu na fixación de poboación e no “efecto chamada” de Ames como concello residencial foi a oferta de servizos públicos municipais. Dende o ano 2005 impulsouse unha rede de comedores escolares de xestión municipal que repercutiu directamente no incremento da escolarización en centros de ensino de Ames, dadas as facilidades para a conciliación. Unha realidade que non estivo exenta de tensións debido ao desigual crecemento da poboación e a oferta de prazas no ensino público, a pesar de ampliarse os centros existentes e construírse outros novos, como foi o caso da ampliación do CEP de Ventín, ou a construción da EEI e o IES do Milladoiro ou o CEIP Agro do Muíño. Do mesmo xeito, a oferta das escolas deportivas municipais e dos clubs facilitou o desenvolvemento de actividades saudables. O impulso aos equipamentos culturais, sanitarios e de servizos municipais repercute na mellora da calidade de vida local, que atopa na contorna da capital un espazo axeitado para establecer a súa residencia. Na práctica, Ames segue a atraer novos residentes e empresas que favorecen o seu dinamismo económico e social, a pesar do descenso da natalidade (Pérez-Caramés, 2024), en particular dende a pandemia de 2020 motivada pola COVID (IGE, 2021-2025).

Entres as principais iniciativas que poden desenvolverse nos próximos anos e que están en consonancia cos retos establecidos na diagnose da Axenda Urbana e o PEAL destácanse as recollidas no seguinte cadro:

Cadro 1. Propostas para o PEAL

1.1	Plan territorial integrado Ames – Santiago de Compostela
1.2	Revitalización produtiva do espazo rural, fomento dos produtos de proximidade e mercado local.
1.3	Sendeiro ambiental no río Sar entre Bertamiráns e Santiago de Compostela
2.1	Humanización de rúas e prazas centrais (Chavián, Manuel Murguía, Madalena)
2.2	Ampliación dos percorridos urbanos seguros, sendeiros escolares e carrís ciclables
3.1	Impulso do transporte colectivo para limitar as emisións de CO2
3.2	Creación de comunidades enerxéticas
4.1	Novo modelo de xestión dos RSU e impulso da compostaxe
4.2	Municipalización do Ciclo Integral da Auga. Empresa pública Augas de Ames.
5.1	Mellora do transporte público metropolitano e interno
5.2	Estudo do tren/metro de proximidade
6.1	Fomento da construción de vivenda pública e para emancipación da mocidade
6.2	Fomento do emprego e a formación profesional
7.1	Dotación de solo empresarial (Bertamiráns e O Milladoiro)
8.1	Reforzo dos servizos sociais municipais
9.1	Conectividade dixital
10.1	Transparencia, bo goberno e administración dixital

Fonte. Elaboración propia.

A dobre oportunidade que supón a Axenda Urbana (García Docampo, 2021) permite actualizar as figuras de planeamento e deseñar un novo modelo de cidade (ONU, 2016 – Conferencia de las Naciones Unidas sobre la Vivienda y el Desarrollo Urbano Sostenible. Habitat III), á vez que esixe elaborar proxectos concretos que poidan levarse á práctica e desenvolverse nun prazo de tempo determinado. Deste xeito, resulta fundamental ter os proxectos redactados antes da convocatoria das liñas de subvención que poidan establecerse de aquí ao 2027.

Así puido confirmarse no caso do Plan Impulsa Ames que, como primeira experiencia, serviu de exemplo para avanzar con maior celeridade nos próximos períodos de financiamento. É importante destacar que durante o ano 2023 as diferentes convocatorias dos fondos Next Generation non resultaron de utilidade para o Concello de Ames, ao ter en marcha outros proxectos, non ter redactados os novos e resultar inviable presentarse debido aos prazos e á esixencia de cofinanciamento municipal. Normalmente igual ou superior ao 20% do investimento total realizado. Esta dinámica pode non ter o rédito político agardado, pero sen dúbida é o máis sensato e responsable no caso de non ter definidos os proxectos e as garantías de financiamento local.

Un dos principais proxectos de humanización foi a denominada “améndoa central”⁴ en Bertamiráns, que permitiu gañar espazos para o uso peonil e reducir o impacto do vehículo particular nas rúas máis céntricas da localidade. A pesar das críticas iniciais e durante a execución da obra, estase a demostrar que a calidade de vida para as persoas no tránsito polo centro urbano mellora. Tanto é así, que entre as previsións dos próximos anos está a ampliación desta iniciativa de peonalización parcial cara as rúas e prazas próximas como a rúa Ameneiral e a rúa Agrelo. Tamén sería o caso das posibles actuacións nas prazas de Chavián en Bertamiráns, ou da Madalena e Manuel Murguía en O Milladoiro. A ampliación dos percorridos urbanos seguros, dos sendeiros escolares e dos carrís para bicicleta ou monopatín completan as actuacións previstas para os obxectivos específicos 1 e 2 da Axenda Urbana, como no caso da senda entre O Milladoiro e Conxo en Santiago de Compostela financiada pola Xunta de Galicia.

Nos demais obxectivos destacan as actuación relacionadas co cambio climático e a xestión sustentable dos recursos. Con especial atención á redución das emisións de CO₂, ao risco de incendios forestais e a seca, derivados do aumento gradual das temperaturas. Ames debe apostar por un novo modelo de xestión de RSU e liderar o proceso de modernización da planta de tratamento da Mancomunidade Serra do Barbanza antes de que esmorezas, ademais de fomentar a instalación de composteiros individuais e colectivos, impulsando o actual centro de compostaxe de Barouta utilizado para os residuos orgánicos dos comedores escolares municipais.

En termos de mobilidade é necesario ampliar o transporte público no interior do concello e mellorar as frecuencias e liñas con Santiago de Compostela. Esta segue a ser unha das tarefas pendentes co obxectivo de reducir a utilización do

⁴<https://ames2020.gal>

⁵Serra do Barbanza está levando la basura a Sobrado dos Monxes tras colapsar el vertedero de Lousame <https://www.elcorreogallego.es/concellos/2024/01/26/serra-do-barbanza-llevando-basura-97355833.html>

vehículo particular. Para iso non é suficiente con facer unha lectura en clave local, senón que debe ampliarse ao ámbito comarcal e mesmo eurorrexional. A necesidade dun tren de proximidade e de novos sistemas de transporte público eléctricos, máis eficientes, deberían facilitar as conexións ferroviarias no eixo norte-sur. O espallamento da poboación e a complexa localización dos centros de traballo na cidade de Santiago non permiten ser optimistas neste sentido. Ata tal punto, que dirixirse a determinados puntos da cidade dende Bertamiráns ou O Milladoiro en autobús pode levar horas, mentres que no vehículo particular é cuestión de minutos. Nun intento por dotar a cidade de aparcadoiros periféricos construíuse en Santa Marta unha área libre de estacionamento dende a que desprazarse en autobús urbano. Mais en realidade está destinada fundamentalmente ao estacionamento no barrio e non como servizo para o conxunto da cidade. Dotarse a medio prazo dunha liña de metro en superficie podería axudar a que localidades como O Milladoiro e o suroeste da cidade reducisen o uso do vehículo particular, dotándose de zonas “park and ride”. Un modelo a seguir sería o realizado na cidade do Porto, tomando como exemplo o caso das conexións dende Gondomar ou Maia, que presentan un perfil territorial comparable ao de Ames. Evidentemente, unha actuación deste calado tería que contar coa implicación de todas as administracións competentes a nivel autonómico e estatal. A día de hoxe non existe ningunha iniciativa pública nin privada neste sentido na área metropolitana de Santiago de Compostela, pero xa comeza a debaterse socialmente a necesidade dun metro lixeiro⁶. De todos xeitos, non parece unha proposta realista.

As novas dinámicas urbanas están a trasladar á contorna sur da cidade unha crecente demanda de alugueiro para os estudantes da Universidade, que tamén acentúa a necesidade dun transporte público axeitado. Do mesmo xeito, a crecente actividade turística xa sobrepasa os límites municipais, como así o demostra a existencia de novas vivendas de uso turístico, o alugueiro vacacional e o constante estacionamento de autocaravanas en O Milladoiro. A construción de vivenda pública e, en particular, aquela destinada a xente moza debe ser unha prioridade. Así como a implantación de módulos de formación profesional que complementen a oferta pública de ensino secundario.

Finalmente, a dotación de espazo para o asentamento de novas empresas debe ser fundamental, centrándose na ampliación do actual parque empresarial Novo Milladoiro e desenvolvendo o previsto en Pegariños, nas proximidades de Bertamiráns. Estes dous puntos están chamados a ser os dous grandes polos de emprego do concello de Ames. O reforzo dos servizos sociais, garantir a

⁶Vecinos del casco histórico de Santiago proponen un "metro ligero" como medida para mejorar la movilidad | Onda Cero Radio

conectividade dixital en todos os fogares e empresas, así como avanzar na implantación da administración electrónica son fundamentais para a mellora da calidade de vida local.

5. A oportunidade dunha nova estratexia de desenvolvemento integrado local (EDIL)

No mes de febreiro de 2025 a Corporación Municipal do Concello de Ames aproba os proxectos que incorpora ao Plan de Actuación Integrado (PAI), cos que concorrerá á convocatoria estatal de fondos europeos asignados a través da senda financeira FEDER no período de programación 2021-2027. Un Plan que contempla catro actuacións estratéxicas que estaban recollidas na Axenda Urbana e indicadas co cadro 1 do anterior apartado nos puntos 1.2, 2.2 e 5.1. A xustificación da súa necesidade parte da diagnose e do PEAL da Axenda Urbana de Ames como ferramenta de planificación, confirmándose a súa utilidade para obter financiamento. Neste caso, a proposta achégase aos 15 millóns de euros, dos cales un 60% poderían financiarse a través dos FEDER, o que suporía unha inxección económica duns 9 millóns de euros, tendo que financiar a parte restante o concello ou posibles administracións colaboradoras como a Deputación ou a Xunta de Galicia no período 2025-2029. Os proxectos seleccionados foron os seguintes:

5.1. Construción dunha estratexia alimentaria integral Km0 apoiada nun novo mercado de abastos en Bertamiráns e un banco de terras de produción local

O proxecto, que conta cun presuposto total de 4,5 millóns de euros, consiste na construción dun mercado municipal que sirva para a promoción de produtos de proximidade, integrando produtores locais e xerando un espazo estable de comercialización de produtos. Do mesmo xeito, estímase que poderá servir para a dinamización económica e mellora do espazo público no núcleo urbano, mediante a rehabilitación dunha antiga vivenda existente. Ten como finalidade valorizar os recursos endóxeos do territorio en consonancia co establecido nos obxectivos estratéxicos da Axenda Urbana de Ames. Nesa ocasión, coa finalidade de axilizar os prazos para a súa execución é posible xustificar o grado de madurez da proposta, que nesta ocasión xa conta con proxecto aprobado e cos informes sectoriais correspondentes, así como coa modificación do plan parcial da parcela onde será construído. En relación ao banco de terras recuperadas nas zonas produtivas do río Sar, a proposta consiste en realizar un proxecto piloto que permita utilizar de novo as parcelas para cultivos ecolóxicos, incluíndo un programa de asesoramento e formación para produtores interesados/as. Do mesmo xeito, poderase canalizar a venta e distribución dos

produtos locais na rede municipal de comedores escolares de Ames, que conta cuns 1.500 usuarios/as.

5.2 Creación dunha senda ciclable ou carril bici que conecte O Milladoiro e Bertamirás, establecendo dotacións de referencia no rural e que permita cohesionar ambos núcleos urbanos a través dunha infraestrutura verde que poña en valor o patrimonio

Cun presuposto inicial de 7,25 millóns de euros, realizaríase ao longo dos 8 quilómetros entre ambos núcleos aproveitando a beirarrúa do viario público e determinados tramos da Senda Verde existente. Nos diferentes nodos ou conectores realizaríanse actuacións de reurbanización e acondicionamento de zonas verdes, entre as que destacan especialmente as prazas da Madalena (O Milladoiro) e Chavián (Bertamirás), que ocuparían os extremos da ruta.

5.3 Implantación dun sistema de transporte público municipal que permita conectar de maneira áxil os núcleos urbanos do Milladoiro e Bertamirás co rural


Este proxecto xa estaba incluíndo no anterior Plan Impulsa Ames, financiado con fondos DUSI, pero finalmente non puido chegar a materializarse. Deste xeito, é rescatado agora para crear unha conexión de transporte entre ambas cabeceiras. Proponse a prestación do servizo con un vehículo eléctrico que poida adaptarse ás necesidades dos usuarios e usuarias do rural e de ambos núcleos urbanos. O proxecto, orzamentado en 1,6 millóns de euros, tamén inclúe a renovación de marquesiñas, a dixitalización e a implementación dun servizo a demanda con especial atención no rural. Como veremos nos capítulos posteriores, a necesidade de dotarse dun sistema de transporte público interno non sería incompatible co mantemento das actuais liñas de transporte metropolitano xestionadas pola Xunta de Galicia.

5.4 Adaptación das dotacións socioculturais das parroquias para mellorar a oferta de servizos públicos no rural

Este proxecto, cunha dotación de 1,6 millóns de euros, amplía as iniciativas previas desenvolvidas previamente nos locais sociais das parroquias que xa foran obxecto de actuación nos plans de eficiencia enerxética do INEGA, nos plans de accesibilidade e nos Orzamentos Participativos do Concello de Ames dende o ano 2017. Agora preténdese dotar de transversalidade as actuacións en catro centros piloto do rural e establecer puntos de encontro veciñal que aporten centralidade ao seu ámbito comunitario. En particular, adaptaríanse os locais para a realización de novas actividades para a veciñanza, a formación e a integración social. O grao de madurez do proxecto, aínda que pouco definido, poderá realizarse con relativa axilidade ao depender de competencias municipais.

En conclusión, a EDIL é unha estratexia que vén a confirmar a utilidade de deseñar políticas de ordenación do territorio orientadas a desenvolver proxectos concretos para levarlos á práctica. A necesidade de contar cunha Axenda Urbana e de enmarcar cada actuación dentro dos seus obxectivos específicos resulta de utilidade para xustificar a súa viabilidade e sustentabilidade. A través do PAI de Ames orzamentáronse catro actuacións que contarán previsiblemente con financiamento europeo para desenvolverse ata o ano 2030. A necesaria cohesión e integración dos núcleos urbanos de Bertamiráns e O Milladoiro con Santiago de Compostela e co rural máis próximo será outro dos grandes retos desta década. As dinámicas urbanas do sur do concello en relación ao norte permítennos falar dun territorio a dúas velocidades, polo que resulta fundamental crear determinados polos ou nodos de referencia comunitaria nas parroquias do norte e integralas con ambos núcleos. Para lograr este obxectivo deben implementarse diferentes iniciativas encamiñadas a desenvolver cada un dos obxectivos establecidos na Axenda Urbana, de cara ao 2030 e mesmo o 2050. Sen dúbida o concello de Ames segue a ser un referente e un bo exemplo das dinámicas periurbanas e das políticas públicas que repercuten no seu crecemento económico e demográfico no contexto galego e estatal.

Figura 4. Esquema cartográfico das actuacións previstas no PAI



Fonte. Concello de Ames.

Bibliografía

- Albet, A. & Benach, N. (2017); *Gentrification as a Global Strategy: Neil Smith and Beyond*. Londres & Nueva York, Routledge.
- Antrop, M. (2004). Landscape Change and the Urbanization Process in Europe. *Landscape and Urban Planning*, 67 (1-4), pp. 9-26.
- Banister, D. (2008): The Sustainable Mobility Paradigm. *Transport Policy*, 15 (2), pp. 73-80.
- Duany, A.; Speck, J.; Lydon, M. (2004). *The Smart Growth Manual*. McGraw-Hill.
- Farinós Dasí, J. Dir. (2021). *Evaluación de procesos: una mirada crítica y propositiva de la situación de la política e instrumentos de Ordenación del Territorio en España*. Editorial Aranzadi.

- García Docampo, M. (2021): Urbanismo sostenible: El camino de las ciudades en la Agenda 2030. *Revista Internacional de Comunicación y Desarrollo*, 4(15). Ciudades y comunidades sostenibles (ODS 11), Ensayos, pp. 105-119.
- Kunstler, J. H. (1993): *The geography of nowhere: the rise and decline of America's man-made landscape*. 1st Edition, Simon & Schuster.
- Lefebvre, H. (1970): *La revolución urbana*. Madrid. Alianza Editorial.
- Lois González, R.C. e Piñeira Mantiñán, M^a.J. (2011): “A rede urbana e a rápida urbanización do territorio” en Piñeira Mantiñán M^a.J. e Santos Solla, X.M. (Eds), *Xeografía de Galicia*. pp. 157-227. Edicións Xerais.
- Moreno, Carlos (2020): *La ville du quart d'heure: Pour un nouveau chrono-urbanisme*. Éditions de l'Observatoire.
- Nel.lo, O. (2017). “El proceso de urbanización: motor y expresión de las transformaciones sociales y territoriales”, en Romero, J., coord., *Geografía Humana de España*. pp. 290-366.
- Newman, P. & Kenworthy, J. (1999): *Sustainability and Cities: Overcoming Automobile Dependence*. Island Press.
- Pérez-Caramés, A. (2024): Estructura y dinámica de la población gallega entre 1950 y 2020. Entre la inercia y el pesimismo demográfico. *Cahiers de civilisation espagnole contemporaine*, Spécial 4.
- Sequera, J. (2020): *Gentrificación: Capitalismo cool, turismo y control del espacio urbano*. Los Libros de la Catarata.
- Seto, K.C. et al (2011): A Meta-Analysis of Global Urban Land Expansion. *PloS ONE*, 6(8), e23777.
- Soule, D. (2006): *Urban Sprawl: A Comprehensive Reference Guide*. 1st Edition. Greenwood.
- Varela, M., Lois, R., Pazos, M. (2023): *O ferrocarril en Galiza*. Ideas Impresas, número 8, Fundación Galiza Sempre.
- Vázquez-Barquero, A. (2002): *Endogenous Development: Networking, Innovation, Institutions and Cities*. Routledge
- Vázquez-Barquero, Antonio (2002): *Endogenous Development: Networking, Innovation, Institutions and Cities*. London. Routledge.
- Vickerman, Roger (2008): Transit Governance and Regional Transport Authorities: European Experiences. *Transport Reviews*, 28(4), pp. 463-490.

Cara a sustentabilidade urbana. Cambio Climático, mobilidade e redución de impactos ambientais

Rubén C. Lois González

Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción. A propósito dos conceptos e as súas implicacións

Durante todo este século os problemas ambientais cando menos gañaron a axenda política e penetraron no debate social. A magnitude do desafío ecolóxico, o medo a unha crise climática xeral de consecuencias descoñecidas e a conciencia de que o modelo de desenvolvemento económico debe ser cambiado, están detrás desta popularización do medio ambiente, da ecoloxía en xeral. Neste marco xurdiron unha serie de termos e expresións que procuran contextualizar a magnitude dos desafíos: cambio climático, cambio global, antropoceno, resiliencia ou perda da biodiversidade, son algunhas delas. Será interesante realizar unha curta presentación do seu significado, ao tempo que indicamos algunhas das súas implicacións para os espazos urbanos.

O cambio climático refírese á alteración das variables de precipitación e temperatura, que se constata nos últimos decenios a escala mundial. En xeral, considérase que se produciu unha aceleración no quecemento global, con moderación das mínimas nos rexistros térmicos e incremento das vagas de calor. Ao mesmo tempo, obsérvase unha maior irregularidade no ritmo das precipitacións. Como apuntan os expertos a escala mundial, estes cambios son o resultado do modelo de desenvolvemento económico, consumidor masivo de enerxías contaminantes, industrialista e despilfarrador do que nos dotamos. A cidades e os espazos urbanos son os principais focos dos impactos que afectan ao clima; mesmo nas principais poboacións indícase a existencia de “illas de calor”. A expresión cambio climático popularizouse por todo o mundo, pero ao mesmo tempo a magnitude da degradación ambiental que xera o noso xeito de vida, obriga a substituír progresivamente a denominación pola de cambio global, que inclúe tamén impactos no solo ou na biodiversidade, entre outros (Castro, Martín Vide y Alonso, 2005; Gil Olcina y Olcina Cantos, 2017). Por iso, cambio climático e cambio global soen ser expresións equivalentes, máis recente e preocupada pola magnitudes do problema a segunda.

O Antropoceno é un concepto que se popularizou recentemente. Foi admitido por numerosas sociedades e científicos a nivel internacional, pero aínda non é asumido pola totalidade dos especialistas en Ciencias da Terra.

Antropoceno é a Era Xeolóxica na que nos topamos na actualidade e que se diferencia de todas as súas precedentes, como a previa do Holoceno, porque xa se considera que a acción humana e social constitúe o principal axente modelador das formas da superficie terrestre (Goudie y Viles, 2016; Göncüoğlu e Meadows, 2024). O concepto difundíuse grazas a súa defensa polo Premio Nobel de Química P. Crutzen a inicios do século (Crutzen y Stoermer, 2000). A aceptación do mesmo significa que somos nós, e en especial as sociedades industriais e urbanas, quen introducimos tal magnitude de cambios no medio ambiente que os mesmos son os responsables das principais alteracións dos ciclos da auga, das condicións climáticas e das dinámicas xeomorfolóxicas. Polo tanto, xa non son as mudanzas xerais nas temperaturas de orixe natural, quen provoca os tipos de modelado nas rochas, os movementos tectónicos os que crean a maioría dos novos relevos ou o vento quen modifica certas cubertas do solo, senón que as alteracións xeradas polos humanos son moito máis relevantes para comprender o que está acontecendo.

Os termos e expresións que manexamos dan conta da magnitude do cambio desencadeado no último século pola urbanización. Tamén explican a xeneralización dun termo procedente da psicoloxía, o de resiliencia. A resiliencia é a capacidade de resistir e adaptarse a un shock profundo. Empregouse para explicar a resistencia e empatía que mesmo mostraban algúns secuestrados cos secuestradores, pero estendeuse pronto á capacidade de adaptación do ser humano fronte a desgrazas e o seu uso difundíuse por distintas Ciencias Sociais e da Terra. Fálase de resiliencia cando unha comunidade aprende a sobrevivir despois dunha gran crise económica. Así mesmo, da capacidade de adaptarse de comunidades, cidades ou territorios a episodios de desastres como terremotos, inundacións, incendios ou desprendementos en masa de materiais. Esta capacidade de resiliencia é moi valorada en políticas de xestión dos riscos naturais ou de ameazas ambientais globais como as derivadas do cambio climático (Márquez, 2009; Méndez, 2016). Practicamente todos os documentos avanzados de deseño das cidades do porvir, como as Axendas Urbanas, conceden un gran valor á resiliencia das poboacións, como xeito de acomodarse a impactos duros e previsibles da crise ambiental que nos ameaza.

Por último, e non menos importante nesta toma de conciencia ecolóxica, é a constatación da perda de biodiversidade que afecta a todo o mundo e en todas as escalas de análise ás que nos refiramos. Cada semana desaparece algunha especie vexetal ou animal pola acción humana, redúcese a diversidade intrínseca aos hábitats por avances nas roturacións agrícolas e gandeiras, por obras públicas de gran impacto ou simplemente pola urbanización (Cardinale et al., 2012; De Vos et al., 2014). Esta perda de variedade de seres vivos e de agresión continua aos ecosistemas orixinais é valorado como máis grave que o cambio climático ao que nos referimos. Polo tanto, o noso manexo do territorio e do espazo urbano

debe mudar, ten que incluír criterios de adaptación ao medio moito máis esixentes que os actuais. Neste senso, a proclamada transición ecolóxica que impulsa a UE cara a 2030 ou 2050, xa se acompaña de obxectivos concretos nas axendas urbanas tendentes á respectar mellor os hábitats orixinais, a eliminar a presión continua que as cidades xeran sobre os terreos onde se sitúan e que impliquen que a urbanización non só conleva construír espazos residenciais, senón tamén conservar os ríos e correntes de auga e atender as zonas verdes desenvolvidas dentro do perímetro da localidade en cuestión.

Nesta breve aproximación ás variables ambientais da xestión urbana, sempre referida ao contido da xornada que celebramos sobre a Axenda Urbana de Ames en 2023, imos tratar catro temas principais. O primeiro interese polas cidades, os espazos urbanizados, e o debate sobre o cambio climático ou global. De seguido, centrarémonos nos problemas ambientais das áreas moi densificadas, tanto os provocados pola polución como os derivados da xeración de residuos sólidos ou da contaminación da auga, e de como actuar para que se limite o seu impacto. En terceiro lugar, pasaremos a analizar o concello de Ames e interesámonos a súa caracterización como espazo periurbano emblemático de Compostela. Por último, este territorio será obxecto da nosa proposta de como actuar ambientalmente, sempre desde unha posición de coincidencia co sinalado pola Axenda Urbana do concello.

2. As cidades, os espazos urbanos e o debate sobre o cambio climático global

Se atendemos á interpretación máis recente que o concepto de Antropoceno aporta ao coñecemento sobre a dinámica física seguida polo Planeta nestes últimos séculos, as cidades e o proceso de urbanización constitúen os principais factores de cambio ambiental a nivel global (Lois González, González Pérez e Escudero, 2024; Gönençyl e Meadows, 2024). A urbanización masiva alterouno todo, porque supuxo a artificialización do solo, implicou un incremento exponencial das emisións de gases á atmosfera, xerou cantidades descoñecidas de lixo, e transformou fondamente o trazado dos ríos e o ciclo da auga. Ademais trátase dun fenómeno masivo que afecta a todos os continentes e que non deixa de medrar. Unha observación de calquera imaxe sobre os usos do solo obtida desde o espazo reflicte un continuo crecemento da mancha urbana (López Redondo, Checa, Martín y Nello, 2016; IGN, 2018). Polo xeral, pódese considerar que se a urbanización se tivese levado a cabo baixo outros parámetros de maior eficiencia enerxética, consumo razoable do solo e inferior xeración e recursos, teríamos xerado un impacto ambiental controlable, que non supuxera alteracións ambientais tan fondas, pero historicamente isto non foi así. Por iso, Antropoceno e urbanización van estreitamente unidos.

No referido aos procesos que acompañaron á urbanización, a artificialización do solo é un dos máis evidentes. Urbanizar implica primeiro parcelar para dispor de solares, logo nivelar os terreos, máis tarde dotalos de acceso rodado, beirarrúas e canalizacións (auga, redes de lixo, fibra, etc.), e finalmente construír. Todo isto, que se observa claramente en Ames, a partir dos casos do Milladoiro e Bertamiráns, implica impactos ambientais. Poderíamos dicir que impactos moderados no exemplo proporcionado por un concello periurbano como Ames, pero que si se suman aos de Santiago de Compostela e todas as súas extensas periferias xa acadan certa entidade. Ademais, a área de Compostela non está soa, é unha das moitas que se consolidaron na Península Ibérica nestes últimos decenios, co que os efectos ambientais da artificialización do solo se fan notables. Por unha banda, o pavimentado altera os procesos de erosión e a escorrentía superficial das augas; por outra, a edificación en altura supón un consumo de enerxía significativo e as instalacións de calefacción nos pisos, contribúen a formación dunha illa de calor urbana. Que as cidades e os espazos urbanos medren implica deforestación, que se pode atenuar cun sistema de xardíns e zonas verdes dentro da cidade compacta. Non obstante, sempre supón unha perda de biodiversidade que se terá que paliar.

A urbanización tamén se vinculou co industrialismo e co incremento relevante do consumo de enerxías fósiles. Por esta razón, as cidades e as áreas urbanas en xeral son os principais focos contaminantes dos territorios. Uns polos de emisións á atmosfera, que non só provocan efectos non desexados de perda da calidade do ar ou choiva ácida, senón que tamén aceleran procesos de condensación das nubes e crean cobertoiras de partículas en suspensión que actúan freando os efectos dos raios solares (Barton, 2009; Fernández García, 2009). Unha atmosfera contaminada sempre introduce maior variabilidade de tipos de tempo e alteracións climáticas. Por outra parte, o consumo de enerxías non renovables, ademais de traducirse nun quecemento xeral do ambiente, emite ao ar niveis de CO₂ pouco sustentables. De feito, o modelo económico e de vida vinculado coa urbanización contemporánea só contribuíu a alterar unhas condicións climáticas, sempre asociadas ao risco de desequilibrios e afectadas por certa fragilidade.

Outro aspecto tamén importante da urbanización é a súa xeración masiva de lixo, de residuos sólidos, que se deben xestionar e tratar. Podemos partir da evidencia de que os seres humanos son a especie máis sucia, con máis capacidade de producir restos, das que ocupan a Terra. Polo tanto, a existencia de elevadas densidades demográficas nas cidades só se pode traducir nuns volumes moi importantes de lixo. A súa abundancia non adoita provocar alteracións térmicas ou pluviométricas, polo menos de xeito directo. Sen embargo, como o mesmo non se clasifique, non se envíe nunha porción significativa a reciclar ou non se separen os restos máis tóxicos ou perigosos, podemos estar diante de problemas

severos (Robles del Moral y Bengoechea, 2011). O lixo non condiciona o clima, non xera cambio global neste senso, pero a súa xestión constitúe un problema ambiental maior, que de non tratarse convenientemente pode rematar provocando desequilibrios ambientais severos, con implicacións tanto na terra como na atmosfera.

Unha terceira variable a considerar na ecuación cambio climático e proceso urbano é o da auga, mellor dito o ciclo da auga. Sen lugar a dúbida a artificialización dos terreos que implica a urbanización leva consigo unha mudanza completa da dinámica da auga. Por unha banda, os ríos e regatos que atravesan as cidades ou núcleos principais son canalizados, movidos ou illados nas áreas residenciais. Estas prácticas necesarias para o bo funcionamento das poboacións principais supoñen que os procesos naturais de transporte do líquido elemento se alteren por completo. Se a isto lle engadimos, que as urbes sobre-explotan os acuíferos de profundidade ou chegan mudar a súa composición, temos que o proceso natural de captura, almacenamento e evaporación posterior da auga que está na superficie terrestre cambia, o que moi probablemente estea xustificando as notables irregularidade pluviométrica, que se constataron nos últimos tempos nos réximes de precipitación a escala mundial (Tricart, 1981; Ollero et al., 2020).

Como se acaba de comprobar, todo avance da mancha urbana ten consecuencias no clima, favorece as mudanzas climáticas. Nalgúns casos de xeito limitado, podéndose encamiñar cara a unha urbanización sustentable cara ao futuro de tomar precaucións. Sen embargo, o control da polución atmosférica, as canalizacións e esgotamento de auga nalgúns lugares, deben axustarse de forma moi severa se queremos evitar que as cidades sexan un factor moi relevante no denominado cambio global que nos afecta.

3. Os problemas ambientais nas áreas urbanas. Como actuar

Nos parágrafos anteriores subliñamos a relación urbanización e cambio climático. Para mitigar os efectos da primeira sobre o segundo habería que mudar modelo de desenvolvemento e consumo enerxético das cidades e, sobre todo, xestionar doutro xeito os espazos densificados dos núcleos compactos. Agora imos continuar con esta idea central de xestión ambiental urbana desde unha perspectiva ampla, abarcando o conxunto de problemas que envolven aos impactos ecolóxicos xerados. Os desafíos ambientais das cidades convertéronse nun problema de gobernanza maior no século XXI e en documentos como a Axenda Urbana ou as Estratexias Territoriais Integradas constitúen un dos aspectos fundamentais a tratar.

Por unha banda, e xa o dixemos, estes espazos producen moitos Residuos Sólidos Urbanos (RSU), se se prefire lixo. Un primeiro problema dos mesmos é

o seu correcto depósito e recollida. Aínda que na maioría das cidades galegas e españolas as compañías encargadas deste labor son moi eficientes, xa que a calidade do servizo constitúe un tema sensible de cara á valoración positiva das alcaldías e os gobernos municipais, en moitos outros territorios a situación é completamente distinta. En numerosos países do Sur a sensación de limpeza deficiente e de presenza de lixo é continua, pero tamén nas cidades italianas son recorrentes as crises do lixo mal recollido ou o apalancamento semi-mafioso das concesións nesta materia, como aconteceu en Nápoles ou Roma. Os problemas derivados da xestión do lixo son dous principais: dunha banda, o enorme volume de residuos que se debe manexar; doutra, a necesidade de clasificar os residuos, segundo o seu carácter (orgánico ou inorgánico, máis ou menos contaminante), para proceder ao seu reciclaxe e reutilización (FEMP, 2015; Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, 2023). En calquera caso, todas as operacións de manexo dos mesmos son caras, en certa medida aparatosas, e implican bastante mobilización de man de obra e vehículos.

Outras variables a considerar neste ámbito son: a necesidade de dispor de espazo para almacenar e manexar os residuos sólidos, e de posuír procedementos para devolver parte dos mesmos ao sistema de consumo, na procura dun obxectivo de circularidade na súa xestión. En relación cos espazos, os últimos decenios rexistraron a apertura de numerosas plantas bastante tecnificadas de tratamento de lixo, onde o elemento distintivo das mesmas e a proximidade ou lonxanía ao lugar de produción e residuos, e a porcentaxe de lixo que se recicla. Con respecto ao primeiro factor, o modelo seguido na maior parte de Galiza con SOGAMA presenta unha serie de graves problemas. Os principais, o desprazamento de grandes cantidades de residuos a bastante distancia, coas dificultades de xestión de dificultades que isto leva consigo. Tamén, o feito de constituír un modelo de tratamento de lixo en masa, que procura abaratar os custos e non recicla todo o que se podería (Soto e Veiras, 2006; SOGAMA, 2012). Pola contra, a existencia de pequenos agrupamentos municipais ou supramunicipais de abordaxe da xestión de RSU, supón entender a magnitude e complexidade do problema, aínda que se deban reservar máis fondos á cuestión, como as políticas ambientais da UE así recomendan. Polo que se refire ao tratamento, cumpre avanzar na reciclaxe e reutilización case completa do lixo, algo que os novos progresos tecnolóxicos están a permitir. Na medida que o lixo poida devolverse cunha nova vida no ciclo económico, avanzarse no obxectivo central das emisións cero e a sustentabilidade do sistema produtivo (Benayas, Gutiérrez y Hernández, 2003).

Os procedementos a seguir coa contaminación atmosférica, coa polución, son moi diferentes. Os mesmos pasan por limitar o número de industrias que xeran impactos severos, pola introdución de novos filtros e mecanismos de redución de compoñentes agresivos para o entorno (xofre, fosfatos, mercurio,

etc.), pola intensificación dos procedementos de auto-limpeza no interior das factorías e polo mantemento de criterios permanentes de avaliación das empresas, que potencialmente poden emitir máis contaminación. Trátase de camiñar cara a unha industria limpa ou cando menos asociada a uns niveis inferiores de impacto no entorno, algo que pouco a pouco se vai conseguindo nos países desenvolvidos (Hernández Sancho, Picazo y Reig, 1998; European Environmental Agency, 2023). De feito, as tradicionais estampas urbano-industriais clásicas cheas de brétemas e de partículas en suspensión, semellan ser máis unha cousa do pasado. Algunhas áreas moi industriais como o Gran Bilbao, Avilés-Xixón ou As Pontes en Galiza melloraron notablemente a súa imaxe en épocas recentes e expresan un progreso xeral nesta materia.

Outros dous efectos ligados ao desenvolvemento fabril clásico e ao consumo masivo de combustibles fósiles son a alteración severa na calidade do ar das capas baixas da atmosfera e a xeración de choiva ácida. Con respecto ao primeiro, todas as políticas e axendas urbanas teñen que incluír o control das emisións entre as medidas a tomar. Cumpre substituír o modelo enerxético actual por sistemas máis limpos e sostibles no tempo. Tamén se debe avaliar unha redución selectiva daquelas sustancias máis contaminantes, mediante a prohibición ou limitación severa da cantidade das mesmas que se emite por parte dos procesos industriais. Neste senso, as normas ambientais europeas, estatais e autonómicas van marcando cada vez estándares menores admisibles de contaminación das substancias máis tóxicas e perigosas (European Environmental Agency, 2023). Todas estas medidas deben contribuír á redución dun efecto moi negativo da polución atmosférica, a xeración de choiva ácida. A mesma pode producirse a poucos ou a moitos quilómetros de distancia do foco emisor, pero demostra que boa parte do que se envía a atmosfera remata volvendo á terra, na forma de contaminantes moi agresivos que chegan a envelenar plantas e árbores, e a pasar aos humanos mediante a cadea alimentaria. Corrixir a polución e os seus efectos terá que verificarse coa minoración xeral dos fenómenos de chuvia ácida.

Un recurso que, sen dúbida, vai tornarse fundamental para o futuro é a auga, que por mor dos nosos usos do Planeta comeza a escasear pouco a pouco. Con respecto ao ciclo da auga, cumpre dicir que a existencia de cidades e a extensión da urbanización supuxeron a súa completa alteración. Os ríos dos tramos urbanos non transcorren por onde adoitaban no pasado, hai un sobre consumo de augas das capas subterráneas e os usos urbanos ensucian uns volumes de auga descoñecidos até o momento. As cidades alteraron por completo o circuíto hidrolóxico, tantas veces analizado e descrito (Domenech Zueco, Ollero y Sánchez Fabre, 2008; Espinosa, García Garcçia, Ollero y Muñoz, 2018). Por outra banda, non pode esquecerse que os espazos urbanos mostran unha forte dependencia deste líquido elemento. O abastecemento organizado da auga e as redes de sumidoiros constitúen condicións imprescindibles da urbanización

física. Ao mesmo tempo, as fontes, estanques e paseos fluviais son compoñentes fundamentais para os sistemas de zonas verdes urbanas. Sen a introdución e o control da auga en espazos residenciais consolidados, os niveis de calidade ambiental para os habitantes urbanos poden deteriorase moito. En calquera caso, as cidades toman as augas que pasan por elas ou xunto a elas, alteran por completo a súa dinámica e composición, consúmenas masivamente, e devolven un líquido sobranse ou necesitado de depuración, cunha condicións totalmente distintas a como o recibiron.

En consecuencia, as políticas urbanas de xestión sustentable da auga tórnanse fundamentais na actualidade e deben ser incluídas nos documentos de Axenda Urbana a implementar. Por unha parte, cumpre recuperar a natureza nos ríos e nos outros cursos permanentes de auga. Restaurar no posible as condicións iniciais de eses grandes colectores organizados en períodos xeolóxicos antigos. Por outra, débense elaborar plans estritos de xestión das augas subterráneas, procurando a súa preservación tanto en volume, como reservas dun recurso cada vez máis importante, como en calidade da súa composición, evitando os procesos de chegada e residuos aos mesmos. Ademais, e por último, o manexo intelixente da auga para manter o verde e mellorar numerosos espazos públicos da cidade ten que fixarse como un dos obxectivos obrigatorios nas Axendas Urbanas e documentos de planificación especial que se aproben no vindeiro período (Kinder, 2015).

As derradeiras grandes variables a contemplar neste repaso sumario sobre a tipoloxía dos problemas ambientais en áreas urbanas son un tanto diferentes ás anteriores, xa que non se trata de efectos directos da urbanización sobre os distintos estados da natureza, senón de actividades ligadas a vivir na cidade, que inciden directamente na degradación ambiental. Estamos a referirnos á mobilidade e ao recurso continuo á calefacción/climatización dos edificios. Nos dous casos, a acción en si, moverse ou procurar o confort térmico, non é negativa en principio. O problema derívase das enerxías fósiles empregadas masivamente para lograr os desprazamentos e quecer/refrixerar os fogares ou as dependencias de uso colectivo.

Na temperán data de 1963 un informe británico alertou do emprego masivo do automóbil privado nas grandes cidades. Os problemas derivaban da ocupación do espazo, tanto en movemento como estacionado, que os coches protagonizaban, e na polución que o seu consumo de combustibles, nomeadamente a gasolina, provocaban (Buchanan, 1963). Desde entón, toda planificación desenvolvida en espazo urbano procura, por unha banda, reducir a mobilidade en coches privados e, por outra, eliminar da circulación aqueles vehículos máis contaminantes. Estas medidas, xunto coa ampliación de zonas libres de automóviles mediante procesos de peonalización ou humanización,

inclúense continuamente nos documentos de planificación urbanística, acadando un protagonismo central nas Axendas Urbanas actuais (Hass-Klau 1990; García Palomares y Arias Molinares, 2022). O cambio no paradigma da mobilidade tradúcese en cidades máis sustentables, cun ar máis limpo, xeración de menos RSU graxos e límite á contaminación das augas. A desaparición do coche privado, que non sexa eléctrico, e o desenvolvemento dun modelo de transporte público ou non motorizado, son obxectivos fundamentais da cidade baseada nos exemplos de economía circular.

Por último, polo que respecta aos sistemas de climatización, cumpre sinalar que os mesmos se xeneralizaron en épocas recentes como expresión da calidade de vida urbana e co obxectivo do confort. Ademais, as evidentes alteracións climáticas que se están a producir obrigan a recorrer a eles en momentos especiais, en particular nos días de valores térmicos especialmente elevados ou de fríos intensos fora da súa estación habitual, algo que en ambos casos se fixo máis frecuente (Castro, Martín Vide y Alonso Oroza, 2005; Olcina, 2021). Por iso, a respecto da calefacción e a refrixeración hai que contemplar un escenario que sen eliminar o uso de medios mecánicos para conseguilas, por unha banda, límite do seu uso a situacións autenticamente necesarias (fixando máximos e mínimos de temperatura programada, por exemplo), e que implique unha rápida transición da fonte de enerxía que se emprega para manter operativos os sistemas (recorrendo á electricidade, a acumuladores de potencia, etc.). Todo isto debe contemplarse tanto na lexislación xeral como nos plans e ordenanzas urbanísticas, ao tempo que as Axendas Urbanas e as Estratexias Territoriais Integradas deben ter en conta a transición cara a modelos sustentables de confort climático para as persoas.

4. O concello de Ames como espazo periurbano emblemático da área de compostela

Sen dubida, Ames é o concello máis emblemático da área urbana de Santiago. Situado ao Oeste da capital de Galiza, en dirección ao litoral, trátase do territorio con máis efectivos poboacionais das extensas periferias de Compostela. Posúe unha superficie total de 80,04 km², onde residían 32.061 habitantes en 2021, reflectindo unha densidade demográfica de 400,8 hab/km², tipicamente periurbana. Subliñamos o seu carácter de concello máis importante da área urbana despois da cidade, por canto mostra unha continuidade evidente con Compostela entre A Rocha e O Milladoiro, e no Oeste entre Roxos e Aldea Nova en dirección a Bertamiráns. Ademais, trátase do territorio que contabiliza máis residentes por diante de Teo (18.846 hab), Brión (7.956 hab.) ou Oroso (7.515 hab). O crecemento demográfico en Ames foi espectacular desde finais do século XX e concentrouse sobre todo nos núcleos de O Milladoiro (13.485 hab., fronte a pouco máis de 5.000 no 2000) e Bertamiráns (9.016 hab. fronte a 2.600

no 2000), que exerce como capital municipal. Xunto a estes dous grandes centros urbanos, a urbanización de Aldea Nova, levantada a partir dun Plan Parcial, achégase aos mil habitantes (876, segundo o documento de Axenda Urbana) e o resto do espazo aparece ocupado por casas illadas, en pequenas agrupacións ou aldeas, mesturando tipoloxías de edificación tradicional con outras neorrurais, nunha paisaxe claramente periurbana, que se fai un pouco máis rural clásica cara ao Norte do termo municipal.

Como se comproba, unha ampla maioría do efectivo demográfico reside en núcleos urbanos compactos, que se asocian a un marcado predominio da poboación ocupada no sector servizos. Esta poboación traballa tanto no propio concello e territorios próximos como sobre todo na veciña cidade de Santiago de Compostela. En boa medida, Ames exerce de espazo dormitorio para empregados, autónomos e empresarios de toda a área urbana de Santiago. Na mesma, e isto resulta ben coñecido, faise máis evidente o emprego nos servizos persoais e públicos, en tarefas de administración, saúde e educación, que no resto de Galiza. Así, non sorprende que no concello que nos ocupa o 83,9% dos afiliados á Seguridade Social se encadre no sector terciario, fronte a só un 8,4% na industria, o 5,6% e cifras arredor do 2% na agricultura e na pesca (Deputación da Coruña, 2023). En canto á dinámica recente do emprego, a hexemonía do sector servizos volve manifestarse nos datos xerais de contratacións laborais asinadas no período 2020-2022: entre un 87,5% e o 89,5% no terciario, dun 7 a un 9% na industria, e tan so un 3% na construción (Deputación da Coruña, 2023). En consecuencia, Ames preséntasenos como un territorio urbanizado, habitado por traballadores con emprego estable nos servizos e unha adscrición maioritaria á clase media, co que todo isto implica a efectos do seu comportamento ambiental.

O moi marcado predominio do sector servizos na estrutura socioprofesional de Ames non é contraditorio co pulo que recibiu a localización empresarial e industrial neste concello. Así, xunto coa histórica presenza da central leiteira de FEIRACO (hoxe CLUN). e outras empresas pequenas e medianas de orixe local, neste século XXI impulsouse a consolidación do Parque Empresarial Novo Milladoiro, emprazado xusto a carón do núcleo urbano que lle da nome. Este Parque foi inaugurado en 2002 e conta cunha superficie total notable, de 323.000 metros cadrados. Estruturase en parcelas que posúen un tamaño mínimo de 500 m² e máximo de 4.500 m². En total conta con 188 parcelas distribuídas en 182 naves, entre as cales o nivel de ocupación é elevado (157 parcelas son usadas a día de hoxe). Como indica a propia información do Concello de Ames, neste Parque funcionan 124 empresas, das cales un bo número están relacionadas cos sectores das novas tecnoloxías, a informática e o audiovisual (Concello de Ames, 2024). Xunto con este Parque, desde instancias municipais tamén se destaca

outro de contido máis moderno, o Espazo colaborativo “A Proa”, un co-working emprazado así mesmo no Milladoiro.

Como se podía deducir, o carácter deste municipio como expansivo en termos de poboación total e territorio emblemático da área urbana de Santiago fai do mesmo un dos exemplos de maior mocidade demográfica de Galiza. Isto tamén é coherente co feito de que familias novas empregadas no sector servizos fixaran aquí a súa residencia. Por unha banda, Ames presenta unha estrutura por idades non moi diferente da de Galiza, cun 11,16% de menores de 16 anos, un predominio do 58,23% dos adultos entre 16 e 65 anos, e un 24,25% bastante elevado de maiores, conxunción daquelas persoas que mercaron residencia hai 15 ou 20 anos e logo se xubilaron, e do funcionamento de residencias da terceira idade no propio concello. Este recente proceso de avellentamento demográfico comeza a reflectirse no movemento natural da poboación, onde unha natalidade débil (do 6,69 por mil en 2022), aínda supera por pouco á mortalidade (6,16 por mil), nun contexto de idade media en crecemento (41,75 anos). O número de fillos por muller en idade fértil xa é moi moderado, 1,06, se ben supera levemente á media da comarca. Este proceso de perda de mocidade poboacional é recente, pois a cifra de escolares do concello continúa a ser elevada (684 en educación infantil, 1.651 en primaria e 1.147 en secundaria). Por último, Ames é un concello cun efectivo relativamente rico, cunha renda por habitante de 17.899 euros en 2021, que o sitúa no décimo posto de Galiza (IGE, 2023).

A orixe da actual urbanización e consolidación de Ames é dobre: dunha banda, un concello relativamente poboado do Val da Maía, de base rural e beneficiado pola proximidade a Santiago de Compostela até o último cuarto do século XX; doutra, un territorio dormitorio da capital galega desde os anos 1980, cando esta cidade se afirmou como o centro político da Comunidade Autónoma. De feito, nun primeiro momento medrou sobre todo O Milladoiro, que se presentaba como un barrio externo de Compostela, xurdido xusto cando remataba o concello da cidade e comezaban a rexer normas moito máis permisivas de urbanización. O crecemento en Bertamiráns, Aldea Nova e as restantes parroquias foi máis ordenado. Así e todo, esta tensión entre un espazo con expansión endóxena, beneficiado pola veciñanza cunha importante cidade e lugar de desconcentración da urbe, con menos calidade residencial e de servizos, aínda define a historia de Ames nos últimos decenios. Un período no que o concello debeu incluír sempre na súa axenda de prioridades mellorar as condicións urbanas (abastecemento, accesibilidade, atención aos cidadáns, etc.) e irse dotando duns servizos públicos de entidade (en educación, saúde, servizos sociais, etc.), que fixeran fronte ás necesidades dun efectivo demográfico en continua expansión. Na actualidade, os limiares de atención á cidadanía son altos, mesmo na contorna complexa do Milladoiro, pero algúns desaxustes urbanos,

ambientais ou no ámbito das desigualdades de renda aínda poden presentarse froito da particular evolución urbana deste territorio periurbano.

Para rematar con esta breve caracterización xeral do Concello de Ames, será de interese referirse á súa situación na área urbana de Santiago. De feito, Compostela xerou un crecemento periférico en todas as direccións, acentuado desde os anos 1980 por dous factores. O primeiro, a expansión urbana animada pola súa conversión en capital autonómica, coa dotación de institucións políticas e administrativas de entidade na urbe. O segundo, as limitacións que o urbanismo defensor do patrimonio impulsado polo alcalde Xerardo Estévez desenvolveu na cidade, procurando limitar as novas construcións e fixando o seu obxectivo central da defensa da cidade histórica (Martí Arís, 1993). Deste xeito, Santiago deixa de ser unha urbe compacta e pasa a actuar como o centro dunha extensa área urbanizada, onde case a metade da poboación total vive a día de hoxe fora do municipio central.

Neste proceso, detéctanse dúas tendencias de ampliación da mancha urbana que explican a posición relevante que Ames acadará no espazo compostelán. Dunha banda, como en moitos outros lugares o crecemento foi maior nas proximidades da cidade. Así, os concellos de Teo, Ames e o núcleo de Sigüeiro en Oroso son os que máis medran, fronte a unha segunda coroa estendida por Brión, parroquias de Rois, Padrón, Boqueixón, Vedra ou O Pino. Doutra, as densidades residenciais van ser superiores cara o Sur e o Oeste de Compostela, percibidas como lugares máis agradables ao asentamento humano, ao toparse en espazo de val (A Maía, o Sar, etc) e cunhas condicións climáticas moito máis suaves, que a periferia Norte e Leste do Pino e Oroso. Por todo isto, un espazo próximo, de primeira coroa e cunhas condicións naturais atractivas, como Ames acabará destacándose como o principal territorio da periferia de Santiago. Logo, as formas da urbanización con dous núcleos principais, algunhas urbanizacións de entidade e proliferación de vivendas unifamiliares por todas as parroquias, dependeron máis das dinámicas de planeamento impulsadas polo goberno local (Lois e Piñeira, 2011).

5. A Axenda Urbana de Ames: redución dos impactos ambientais, sustentabilidade e adaptación ao cambio climático

O informe final que recolle a Axenda Urbana de Ames enumera de xeito preciso os principais problemas ambientais e de impactos que se producen neste territorio periurbano e formulan unha serie de actuacións pensadas para palialos (Concello de Ames, 2023). Polo xeral, os impactos rexistrados neste territorio son semellantes aos enunciados en páxinas precedentes e pasan pola xeración de residuos sólidos, líquidos e gasosos provocados por unha urbanización intensa. Tamén a circulación rodada en vehículos privados a motor se presenta como un

grave problema nun concello policéntrico e cunha edificación laxa na maioría das súas parroquias. Para atenuar estes problemas a Axenda Urbana insiste en levar a cabo unha serie de actuacións, entre elas o establecemento de corredores ecolóxicos, cun especial foco nas ribeiras fluviais e nas zonas verdes existentes.

Polo que se refire á xeración de lixo, xa indicamos que a pertenza de Ames á Mancomunidad da Serra do Barbanza debe ser considerada unha practica moi positiva, xa que o modelo de xestión do lixo desta agrupación supramunicipal resulta máis eficiente e aporta mellores resultados que o xigantismo de SOGAMA. De feito, no territorio do concello están distribuídos case 1.900 colectores, cunha cifra similar para inertes e orgánicos. Neste senso, o dato de que o 39,23% dos residuos en 2021 foran orgánicos reflicte un mellor resultado na responsabilidade veciñal con este modelo que co de SOGAMA (Concello de Ames, 2023). O volume de lixo producido por persoa é de 282,3 kg/ano, un nivel de eficiencia do sistema nun contexto periurbano bastante alto. En resumo, dentro dos obxectivos dunha xestión máis eficiente dos RSU, Ames ao pertencer a Mancomunidad a Serra do Barbanza, vai por diante do concellos de Galiza con intensa urbanización. De cara ao futuro só se necesita avanzar nas tarefas na reciclaxe, na clasificación detallada do lixo e, por suposto, na propia xeración de RSU derivados dunha xestión cidadá máis razoable dos recursos.

A Axenda Urbana desenvolvida insiste de xeito reiterado na recuperación e posta en valor dos espazos fluviais do territorio. O concello, ademais de estender e mellorar a eficiencia das súas plantas de depuración de auga, procura levar a cabo un tratamento exemplar dos ríos urbanos que o atravesan, así como de todas ás súas contornas (Concello de Ames, 2023). Neste senso, un dos proxectos estrela enunciados e que se pretende culminar é o do “Corredor ecolóxico do río Sar” que, ademais, de converterse nun espazo libre e zona verde estruturante do núcleo de Bertamirás, enlaza co sistema de espazos protexidos e cualificados a nivel ambiental de Santiago de Compostela. Polo que concirne ao Milladoiro, a súa urbanización máis antiga e moi intensiva, ocultou moitos regatos e cursos fluviais existentes. Na actualidade, o documento da Axenda propón intervir en áreas periféricas do núcleo para a conformación dunha infraestrutura verde que, nunha perspectiva máis de futuro, trataría de conectarse coas de Bertamirás para formar un sistema completo de zoas verdes e corredores ecolóxicos no corazón urbano do territorio (Concello de Ames, 2023). En relación con este plantexamento, resulta fundamental a rexeneración da chaira da Condomiña, que forma parte do ZEC Sistema Fluvial Ulla-Deza e nas contornas de Bertamirás define un amplo ámbito arborado inundable de alto valor ecolóxico, que axudará a regular as enchentes dos cursos fluviais,

Fora dos dous núcleos principais, e das súas inmediatezas, as propostas de cara á mellora da calidade e posibilidades de goce da auga en Ames, pasan polas

intervencións na praia fluvial de Tapia e polo desenvolvemento dun corredor ecolóxico nas beiras do Sar. No que respecta a Tapia, un bo acondicionamento do espazo para o lecer, só necesita un mantemento constante e accións puntuais de mellora da súa calidade. Para o corredor do Sar a intervención debe fixarse máis no longo prazo e sempre integrada nunha fórmula de colaboración supramunicipal cos territorios veciños atravesados por este mesmo río. De feito, sobre o conxunto de 238.958 metros cadrados de zonas verdes e espazos libres urbanos do concello, a praia fluvial de Tapia esténdese por aproximadamente 45.000, o paseo fluvial de Bertamiráns por case 40.000, as áreas recreativas do Milladoiro poderían achegarse aos 13.000, mentres que o proxecto de paseo fluvial da contorna do Sar é moito máis ambicioso, con máis de 88.000 metros cadrados reservados (Concello de Ames, 2023). En definitiva, como se aprecia, o tratamento das masas e cursos de auga de Ames constitúe unha peza fundamental da súa Axenda Urbana e documentos de planeamento, expresando unha das principais apostas de xestión e mellora ambiental para os próximos anos.

Con respecto á calidade do ar e ao control das emisións contaminantes, as actuacións individuais desde o Concello de Ames son necesariamente limitadas nesta materia. Ademais, só existen datos anticuados sobre a polución atmosférica xerada no territorio. Non obstante, con cifras de 2015 xa se conclúe que o 54,78% das emisións con efecto invernadoiro corresponden ao transporte, mentres que só un 7,78% obedecerían aos usos residenciais, sobre todo ao consumo da calefacción e de climatizadores (Concello de Ames, 2023). Esta distribución reflicte que o principal problema do territorio é a fragmentación do mesmo entre dous núcleos urbanos, un conxunto de espazos de urbanización difusa e núcleos tradicionais de orixe rural, o que obriga a unha multiplicación de desprazamentos en coches privados que consomen enerxías fósiles. Para corrixir este forte impacto de emisións na atmosfera, a implementación de sistemas de transporte público, en función da demanda, e unha maior presenza de vehículos eléctricos, serían as principais medidas a desenvolver para xerar unha forte baixa na polución atmosférica. Se se logra corrixir este problema, a partir dun plan de mobilidade sustentable que consideramos prioritario, a redución progresiva da contaminación atmosférica xerada polas calefaccións domésticas e industriais non requiriría máis que cumprir cos criterios xerais de transición ecolóxica sinalados pola UE, a administración central e a Comunidade Autónoma. Débense respectar os protocolos de emisións atmosféricas, insistindo nun plan específico de mobilidade e na atención ás regras adoptadas noutras escalas superiores de cara ao cumprimento da Axenda 2030.

En síntese, seguir a dirección dos obxectivos fixados polo Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) de 2020 asinado polos representantes municipais na senda europea de transición ecolóxica, marca o

camiño do que facer (PACES, 2020). Neste senso, a poboación de Ames ten que insistir na redución da súa forte dependencia do automóbil privado e as autoridades municipais pular un transporte público versátil, coa combinación das súas diferentes capacidades (conexións frecuentes co Santiago, entre as distintas parroquias e sobre todo desenvolvendo un enlace fixo entre Bertamiráns e O Milladoiro). Con respecto ao apoio a outras formas de mobilidade (sendas peonís, ciclovías, etc.), a colaboración público-privada pode constituír un magnífico instrumento. Sen dúbida, en todas estas iniciativas cumprir o obxectivo da cidade dos 15 minutos definiría un excelente reto no curto e medio prazos. Polo que concirne ao tratamento dos cursos fluviais e masas de auga, os plans iniciados son fundamentais. Do mesmo xeito, cos RSU a aposta pola Mancomunidad da serra do Barbanza xa está feita, só cumpre afondar na mesma liña de actuación.

6. Recapitulación final

Ao longo desta contribución tratouse de reflexionar sobre os novos desafíos dos espazos urbanizados, que en boa medida son de tipo ambiental e vinculados co cambio climático. Fíxose un repaso dos problemas que sofre o planeta e como as cidades son as causantes dunha parte substancial dos mesmos. Nunha segunda abordaxe interesounos coñecer o papel que a escala local pode cumprir colaborando na atenuación dos procesos de degradación do territorio e, máis en concreto, como as Axendas Urbanas constitúen un instrumento útil nesta dirección. O concello de Ames preséntase como o espazo urbano máis característico da periferia de Santiago, onde se plantexan os obxectivos ecolóxicos propios do goberno das áreas de densificación residencial e económica. Fíxose unha presentación do concello e, de seguido, enumeráronse as medidas ambientais a desenvolver na Axenda Urbana, aquelas que se consideran máis interesantes, e iniciamos unha análise crítica doutras que poderían afondarse máis. En resumo, nesta obra colectiva sobre Ames diante dos seus retos urbanos de futuro, decidimos insistir naqueles de tipo ambiental, que estimamos fundamentais de cara aos obxectivos das axendas 2030 e 2050.

Bibliografía

- Barton, J.R. (2009): “Adaptación al cambio climático en la planificación de ciudades-regiones”. *Revista Geográfica del Norte Grande*, 43, 5-30.
- Benayas, J.; Gutiérrez, J. y Hernández, N. (2003): *La investigación en educación ambiental en España*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente.
- Buchanan, C. (1963): *Traffic in Towns*. Londres: Penguin Books

- Cardinale, B.J. et al. (2012): “Biodiversity loss and its impact on humanity”. *Nature*. Vol, 486, Num, 7401, 59-67.
- Castro, M. de; Martín Vide, J. y Alonso Oroza, S. (2005): *El clima en España, pasado presente y escenarios de clima para el siglo XXI*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente.
- Concello de Ames (2023): *Axenda Urbana 2030. Análise e Diagnóstico*. Ames: Concello de Ames-
- Crutzen, P.J, e Stoermer E.F. (2000): “The Anthropocene”. *Global Change Newsletter* 41, 17–18.
- De Vos, J.M. et al. (2014): “Estimating the normal background rate of species extinction”. *Conservation Biology*, 29(2):452-462.
- Deputación da Coruña (2023): *Informe de Coyuntura Económica. Provincia de A Coruña. 2022*. Santiago de Compostela: Deputación de A Coruña y Cub Financiero de Santiago.
- Domenech Zueco, S.; Ollero, A. y Sánchez Fabre, M. (2008) “Núcleos de población en riesgo de inundación fluvial en Aragón: diagnóstico y evaluación para la Ordenación del Territorio”. *Geographica*, 54, 17-44.
- Espinosa, P., García García, H.; Ollero, A y Muñoz, M^a.D. (2018): “When urban design Meets fluvial geomorphology: A case study in Chile”, en J. Thornbush y C. D. Allen (Eds.) *Urban Geomorphology. Landforms and Processes in Cities*. Pp. 149-174. Amsterdam: Elsevier
- European Environmental Agency (2023): *European Union emission inventory report 1990-202: Under the UNECE Convention on Long-Range Transboundary Air Pollution (Air Convention)*. Copenhagen: European Environmental Agency.
- FEMP (2015): *Guía técnica. La Gestión de Resíduos Municipales*. Madrid: FEMP.
- Fernández García, F. (2009): “Ciudad y cambio climático: aspectos generales y aplicación al área metropolitana de Madrid”. *Investigaciones Geográficas*, núm. 49, 173-195.
- García Palomares, J.C. y Arias Molineros, D. (2022): “Nuevas formas de movilidad en la ciudad”, en Rio fernandes, J.A.; Lois González, R.C., e Beltrão Spósito, M^a.E. (Eds), *El mundo visto de las ciudades* Pp. 489-496. Valencia: Tirant.
- Gil Olcina, A. y Olcina Cantos, J. (2017): *Tratado de climatología*. Alicante: Universidad de Alicante.

- Goudie, A.S, y Viles, H.A. (2016): *Geomorphology in the Anthropocene*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Gönencçyl, B. e Meadows, M. (2024): *Geography and Anthropocene*. Estambul: Estambul University Press.
- Hass-Klau, C. (1990): “Políticas de transporte integrado para grandes áreas metropolitanas de Europa”, en J. Borja, M. Castells, R. Dorado e I. Quintana (Eds.). *Las grandes ciudades en la década de los noventa*. Pp. 455-478. Madrid: Fundación Sistema.
- Hernández Sancho, F.; Picazo, A. y Reig, E. (1998): “Actividad productiva y Medio Ambiente: los residuos industriales en el contexto de los análisis de eficiencia” *Revista Asturiana de Economía*, N°. 13, 53-73.
- IGE (2023): *Galicia en Datos*. <https://www.ige.gal/web/index.jsp>
- IGN (2018): *Atlas Nacional de España. Compilación: España en mapas, una síntesis geográfica*. Madrid: IGN, Ministerio de Fomento.
- Kinder, K. (2015): *The Politics of Urban Water: changing waterscapes in Amsterdam*. Athens (Georgia): Georgia University Press.
- Lois González, R.C. e Piñeira Mantiñán, Mª.J. (2011): “A rede urbana e a rápida urbanización do territorio” en Piñeira Mantiñán Mª.J. e Santos Solla, X.M. (Eds), *Xeografía de Galicia*. Pp. 157-227. Vigo: Xerais.
- Lois González, R.C.; González Pérez, J.M. e Escudero, L.A. (2024): “Urbanisation and the Anthropocene: the Necessary Transition Towards Regenerative and Sustainable Cities”, en Gönencçyl, B. e Meadows, M. (Rds.): *Geography and Anthropocene*. Pp. 113-151. Estambul: Estambul University Press.
- López Redondo, J.; Checa, J.; Martín, J. y Nello, O. (2016): *La luz de la ciudad. El proceso de urbanización en España a partir de las imágenes nocturnas de la Tierra*. Barcelona: Departament de Geografia, UAB.
- Márquez Domínguez, J.A. (2009): “Planificación estratégica y desarrollo local”, en J.A. Márquez Domínguez (Ed), *Aportaciones internacionales para el enrrenamiento del desarrollo local*. Pp. 65-86. Huelva: Universidad de Huelva y Universidad Técnica de Machala.
- Martí Aris, C. (Ed.) (1993): *Santiago de Compostela, la ciudad histórica como presente*. Barcelona: Ed. Serbal
- Méndez Gutiérrez del Valle, R. (2016): “Renovar economías urbanas en crisis: un debate actual sobre la innovación”. *Desenvolvimento Regional Em debate*, Vol. 6 (3), 4-31.

- Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (2023): *Prevención y Gestión de Resíduos*. Madrid: MITECO.
<https://www.miteco.gob.es/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/temas/prevencion-y-gestion-residuos.html>
- Olcina Cantos, J. (2021): “Cambio climático: una evidencia científica”, en J. Romero y J. Olcina (Coords), *Cambio climático en el Mediterráneo: procesos, riesgos y políticas*. Pp. 19-46. Valencia: Tirant.
- Ollero, A. et al. (2020): “Crecidas, Inundaciones y Resiliencia: restauración fluvial contra los falsos mitos”, en I. López Ortíz, J. Melagarejo y P. Fernández Abril (Coords.), *Riesgo de inundación en España: análisis y soluciones para la generación de territorios resilientes* Pp. 549-568. Alicante: Universitat de Alicante.
- PACES (2020): *Plan de Acción por el Clima e la Enerxía Sostenible*.
<https://www.greenglobe.es/paces-plan-accion-por-el-clima-y-energia-sostenible/>
- Robles del Moral, M. y Bengoechea Morancho, A. (2011): “Participación de las ciudades españolas en programas internacionales de desarrollo sostenible”, en V. Gozávez y J.A. Marco (Eds.), *Urbaniso Expansivo. De la utopía a la realidad. Comunicacions, XXII Congreso de Geógrafos Españoles*. Pp. 581-593. Alicante: AGE y Universidad de Alicante.
- SOGAMA (2012): *Informe de inspección y caracterización de residuos*. Encrobas (Cerceda): SOGAMA:
- Soto Castiñeiras, M. e Veiras García, X. (Coords.) (2006): *O cambio climático e Galiza. ADEGA Cadernos 16*. Santiago de Compostela: ADEGA.
- Tricart, J. (1981): *Précis de géomorphologie. Tome 3: géomorphologie climatique*. Paris: SEDES / CDU.

As transformacións e os desafíos no transporte e mobilidade na área urbana de Santiago de Compostela

José Daniel Viaño Gil

Miguel Pazos Otón

Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

Un dos rasgos máis característicos do feito urbano contemporáneo é o crecemento das cidades máis aló dos límites administrativos municipais. A preferencia das clases medias e altas por residir en modelos de urbanización de baixa densidade e con abundancia de espazo dispoñible nos seus fogares levou á consolidación dun modelo de cidade difusa, ao que non foi allea Galicia nin, por suposto, Santiago de Compostela.

O caso de Santiago de Compostela é especialmente interesante, xa que o Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado en 1989, consolidou un modelo de cidade no que primaba a excelencia paisaxística e a abundancia de infraestruturas verdes. Ao mesmo tempo, poñía importantes límites aos usos do solo residenciais e restrinxía o acceso á vivenda a importantes segmentos de poboación. Indirectamente, ao apostar por unha cidade abondosa en infraestrutura verde e poñer énfase na excelencia paisaxística asociada á capital de Galicia, desprazouse a oferta inmobiliaria de vivenda nova para os municipios da contorna urbana de Santiago.

Deste xeito, durante as décadas seguintes (1990s en adiante), Santiago de Compostela non viu apenas medrar os seus continxentes poboacionais, mentres que os municipios de Ames, Brión, Teo ou Oroso rexistraron grandes crecementos demográficos, que continúan na actualidade, aínda que a menor ritmo. Esta descentralización dos efectivos demográficos na área urbana de Santiago de Compostela deuse en maior medida que noutras cidades galegas. Como consecuencia disto, a diferenza poboacional entre a cidade central e as áreas residenciais periféricas é menor que na Coruña ou Vigo, por poñer exemplos ben coñecidos en Galicia. Podemos dicir que os segmentos de poboación máis dinámicos non puideron establecerse neste tempo en Santiago de Compostela, senon que foron expulsados pola escaseza de solo cara os municipios adxacentes.

Os novos fogares que se crearon nos concellos anteriormente mencionados foron constituídos, na súa meirande parte, por familias con fillos onde os dous cónxuxes se atopan en situación laboral activa. Adultos xóvenes e, en menor medida, adultos maduros, foron os que mercaron vivenda fóra de Compostela. Esta poboación activa reside nos concellos periféricos, pero e meirande parte dela ten que desprazarse cada día á cidade central para traballar, retornando unha ou dúas veces cada día ao seu domicilio. Como se pode comprender, isto xera uns patróns de mobilidade diaria moi elevados, o que coloca á mobilidade como un dos desafíos chave para a vertebración do conxunto da área urbana de Santiago de Compostela.

Dada a falla da planificación urbanística e de mobilidade a escala de área urbana, a oferta e a configuración da rede de transporte público tivo importantes deficiencias desde o primeiro momento. Foron varias as estacións de ferrocarril nas contornas de Santiago de Compostela pechadas ao público e mesmo desmanteladas con motivo da entrada en funcionamento da alta velocidade ferroviaria. Desaproveitouse así unha grande oportunidade para ofrecer unha mobilidade sostible no noso espazo de referencia.

Ante a febleza da oferta de transporte público e colectivo, o modelo de transporte que se desenvolveu en todo este período supuxo unha aposta polo automóbil grazas á construción de novas vías de alta velocidade, como a autovía Santiago-Brión, a autovía Santiago-A Estrada (Teo) ou a apertura dos enlaces nos dous sentidos da AP-9 en Sigüeiro. Este modelo de expansión territorial baseado no automóbil desenvolveuse de xeito moi semellante aos procesos de "suburbanización" e "sprawl" característicos das cidades estadounidenses, aínda que a escala sexa, loxicamente, moi diferente. Porén, o importante é que a cidade central ficou estancada mentres a periferia creceu dun xeito explosivo, a través de modelos residenciais de baixa densidade pero tamén nos núcleos compactos do Milladoiro e Bertamiráns, por poñer os dous exemplos máis significativos.

É precisamente o concello de Ames, ao que pertencen estes dous núcleos residenciais compactos (O Milladoiro e Bertamiráns) o que maior poboación alberga, e tamén onde atopamos a maior diversificación das diferentes tipoloxías de ocupación do territorio. Efectivamente, no concello de Ames atopamos tamén moitas urbanizacións en baixa densidade e un importante crecemento das vivendas unifamiliares en moitos núcleos tradicionais.

Por iso, á hora de achegarnos á análise das novas tendencias do transporte e a mobilidade na área urbana de Santiago de Compostela, cremos que é moi pertinente centrármonos no concello de Ames. Non só porque concentra os dous maiores núcleos de poboación da área urbana mencionados, se non porque é un bo "laboratorio" territorial onde atopamos unha grande diversidade de xeitos de poboamento por parte de persoas que teñen unha grande dependencia

da mobilidade diaria. Na meirande parte dos casos, esta necesidade de mobilidade é diaria (por motivos laborais ou de estudo), cara a cidade central. Porén, nos casos das persoas que non residen en núcleos compactos, a dependencia do automóbil faise extensiva a outras motivacións, como compras, saúde ou lecer.

Consolídase así un modelo territorial que require dun grande cambio para acadar a sostibilidade en todas as súas dimensións. É preciso mudar o modelo de mobilidade abandonando o coche particular e apostando polo transporte público como elemento vertebrador do territorio. Esta aposta polo transporte público debe partir dunha análise da situación existente, da diagnose dos principais patróns de mobilidade e problemas asociados e debe finalizar cunha parte propositiva. Nesta parte final deben detallarse tanto os cambios propostos como as novas propostas para integrar a mobilidade en transporte público máis no día a día dos cidadáns. Este é, xa que logo, o obxectivo desta contribución.

2. Transporte e mobilidade na área urbana de Santiago de Compostela

A situación xeral da mobilidade na área urbana de Santiago é complexa, cunha clara predominancia das mobilidades duras e en vehículo privado e cun sistema de transporte público interno e externo escaso con respecto ao crecemento recente dos seus concellos. Nesta, só Santiago e Teo ofrecen sistemas de transporte municipais propios, chegando incluso os da capital de Galicia ao núcleo dos Tilos (Teo).

Os concellos que a conforman poden variar dependendo das visións que se tomen para definilos, pero por cantidade de desprazamentos e peso demográfico estes serían cinco: Santiago de Compostela con 98.687 habitantes, Ames con 32.482, Teo con 19.034, Brión con 8.145 e Oroso con 7.622 (IGE, 2023a). Dentro deles destacan unha serie de núcleos urbanos dos cales só cinco teñen máis de 2.000 habitantes: Santiago con 82.591, O Milladoiro e Bertamiráns en Ames con 13.485 e 9.096 respectivamente, Sigüeiro en Oroso con 4.134 e O Alqueidón en Brión con 2.178 (IGE, 2023b).

En Teo ningún núcleo supera esa marca, só achegándose Os Tilos con 1.971 e posuindo outros dous por riba dos 1.000, Cacheiras e Montouto. Neste concello destaca a elevada dispersión do territorio que aínda así é cuberta polo transporte urbano de Santiago. Tamén ten a súa propia liña municipal, o TEOBUS, e apoio autonómico para variar e mellorar as súas liñas internas cunha nova lanzadeira ás liñas 6 e 12 santiagouesas pola AC-841.


En xeral, a mobilidade en transporte público nos concellos da área santiagouesa é complexa e non de todo satisfactoria, e non se espera que esta varíe

a curto prazo, non cubrindo o Plan de Transporte Público de Galicia (2016) uns servizos básicos e vitais para esta e provocando en consecuencia o aumento dos desprazamentos en vehículo privado.

2.1. As infraestruturas de transporte

A mobilidade nesta área está distribuída a través duns eixos polos que transcorren as principais infraestruturas e servizos de transporte público, coincidindo algúns cos Camiños de Santiago. O Eixo da N-550 é o principal, por el transcorren moitas das liñas interurbanas da área e posúe dous dos principais núcleos, Sigüeiro en dirección norte e O Milladoiro na sur, así como todo o sector oeste do concello de Teo, ademais do núcleo central, Santiago, que é variado a través do Periférico, a SC-20 (ver figura 1).

Figura 1. Rede Viaria da Área Urbana de Santiago de Compostela



Fonte. Elaboración propia.

Sobre esta tamén transcorren os camiños inglés e portugués de Santiago e a AP-9, principal vía de comunicación de Galicia que non ofrece uns correctos accesos á área urbana máis aló do tramo de circunvalación de Santiago. En Sigüeiro, onde se realizaron en 2015 os accesos cara Santiago, é necesario abonar peaxe para realizar o desprazamento, e dende o enlace de Santiago Sur non hai saídas ata Padrón (con peaxe), deixando ao Milladoiro (con acceso dende a SC-20 e AG-56) e ao oeste do concello de Teo sen verdadeiros accesos á principal

arteria galega. Esa falta de acceso ten como resultado os problemas de conxestión dados na N-550 no Milladoiro.


Os outros eixos seguen as estradas autonómicas AC-543 e AC-841, na primeira atópanse Bertamirás e Brión así como as súas principais urbanizacións na Aldea Nova e Monte Balado, sendo variadas pola AG-56 no seu transcurso ata Noia. A segunda recolle os núcleos máis poboados de Teo, de menores densidades pero con maior dispersión. Este está variado pola AG-59 e transcorre ata A Estrada, xa como PO-841.

O resto de saídas de Santiago non posúen núcleos de grande peso de forma inmediata e están compostas polas N-525/AP-53 (Lalín-Ourense), N-547/A-54 (Arzúa-Lugo) e DP-0701 (Portomouro) nas que igualmente existen necesidades de desprazamento que deben ser respondidas.

Algúns dos plans que afectan ao futuro da mobilidade e das infraestruturas da área de Santiago inclúen o *“Plan da Rede Viaria de Santiago, Ames e Teo”* (2003) que definiu a maior parte da rede estruturante de alta capacidade proposta para os tres principais concellos da área; e o Plan de Sendas da Xunta para Santiago e a súa área dentro da *“Estratexia en materia de Mobilidade Alternativa de Galicia”* (2016), xa moi avanzado na súa aplicación pero que agora afronta unha actualización na que, por exemplo, Ames necesitaría unha elevada revisión para mellorar as súas redes peonís e ciclistas autonómicas.

O Plan da Rede Viaria procuraba definir e crear para a área de Santiago unha ampla rede de infraestruturas viarias que recollesen todos os tráficoes que se prevían a futuro, pero que sobre todo desen solución ás colapsadas vías de acceso convencionais antes mencionadas. No seguinte mapa de vías, no que se observan en vermello as propostas por realizar, pódese ollar o trazo das actuais AG-56 e AG-59, máis tamén doutras futuras entre as que destaca o Cinto Exterior (ver figura 2).

Figura 2. Proposta do Plan da Rede Viaria de Santiago, Ames e Teo (2003) e outras vías definidas posteriormente (A-8, A-54 e A-57)



Fonte: *Harguindey (2015)*

Ese cinto circunvalaría a cidade por completo conectando todas as súas vías de acceso, algo que semella innecesario atendendo ás necesidades de transporte actuais, e sobre todo ao futuro baseado na mobilidade sustentable que se persegue. Aínda así hai que destacar dous tramos que actualmente si serían necesarios: o tramo norte coa finalización do Orbital (SC-30) e conexión da N-550 coa DP-0701 evitando o polígono do Tambre; e o tramo sur, de suma importancia para desviar os tráfico que actualmente cruzan O Milladoiro pola N-550 cara a AP-9 por el e non polo Corredor das Galanas (VG-1.7), e permitir así que a humanización da Avenida Rosalía de Castro se desenvolva pacificamente e beneficiando tamén aos veciños de Teo.

No Plan de Sendas a situación é ben distinta, se ben a maior parte de sendas que se propuxeron para a área foron completadas, como a que une Vidán en Santiago e a Aldea Nova en Ames pola AC-543, existen moitos espazos e estradas sobre os que aínda falta realizar itinerarios máis seguros para os usuarios vulnerables. Neste plan estes ou ben foron desbotados, como a senda na AC-453 entre Barouta e Tapia, en Ames, ou simplemente non se deseñaron nin tiveron en conta, como o tramo de apenas 300 metros nesa mesma estrada entre Quintáns e Cruxeiras, apenas un quilómetro ao sur e cunha elevada perigosidade para todos os usuarios.

Deste mesmo plan aproveitáronse algunhas das sendas propostas e rexeitadas, sobre todo sendo realizadas sobre viarios municipais e da Deputación sobre os que remataron actuando os propios concellos. No caso de Ames foron ata cinco proxectos nas inmediacións de Bertamiráns que melloraron as conexións e seguridade con núcleos e parroquias como Covas, Ortoño e a urbanización do Agro do Muíño, incluíndose para esta última un carril bici, tendo polo xeral axuda da Deputación e nalgúns casos da Xunta.

Tamén hai que destacar que parte destes proxectos aproveitaron as infraestruturas xa existentes, o que non sempre é eficaz, e como exemplo atópase a situación da beirarrúa que une a Aldea Nova con Bertamiráns. Esta presenta un mal estado de conservación, é estreita e ten problemas de continuidade, sobre todo no enlace da AG-56 e na entrada de Bertamiráns. Sobre ela deberíase actuar para unificala co resto do itinerario ata Santiago e crear pasos máis seguros ata Bertamiráns.

2.2. Os servizos de transporte público

Máis o que aquí nos ocupa está enfocado cara a procura de solucións aos servizos de transporte público metropolitano que se ofrecen actualmente a través do “Plan de Transporte Público de Galicia” (CIV, 2018). Para a área de Santiago, este plan recolle unha zonificación metropolitana das tarifas específica baseada en saltos por grupos de concellos, estendéndose o modelo ata capitais comarcais anexas como Negreira, Ordes e Padrón, con gran relación con Santiago. No que corresponde ás liñas e ás frecuencias dispoñibles, a percepción xeral e que estas son insuficientes e que nos principais núcleos da área existe unha clara falta de oferta de servizos.

Como exemplo da ineficacia do actual sistema de transportes da área temos un caso en Ames, na que tamén existiu unha liña do transporte público santiagués ata Ortoño dende Laraño (P2) como existen en Teo. Esta liña foi recortada polo goberno autonómico de forma unilateral durante a pandemia da COVID-19 sen ofrecer ningunha alternativa ao concello amesán. Este viu suplidos eses servizos cun escaso minibús autonómico procedente de Rois que viu variada a súa liña para cubrir estes destinos, e logo, como solución final, cunha nova liña cun trazo semellante a ese paso da P2 a través dun convenio de Ames coa Xunta.

Este tipo de situacións deberían atallarse cambiando a forma na que o modelo de transporte público é tratado na área, comezando por considerar a área urbana coma un espazo funcional único. Así, poderíanse comezar a ofrecer servizos de índole urbana en todo o seu territorio que conecten as diversas vilas entre elas e o núcleo central de forma integrada co transporte urbano de Santiago.

A mellor solución no caso de só optar pola integración dos servizos de transporte atoparíase na creación dun consorcio de transportes, mais coa creación dunha área urbana unificada con base legal abríríanse máis posibilidades para a ordenación alén da mobilidade e os transportes.

Toda esta situación e plans resumen a situación xeral que podemos atopar dentro da mobilidade da área urbana de Santiago de Compostela, máis o caso de Ames presenta unha realidade máis destacada dentro da mesma polas súas características especiais dentro de Galicia e da propia área. Por iso, imos centrar nel esta análise.

3. Ames: transporte e mobilidade nun concello emerxente

O concello de Ames presenta unha situación peculiar en Galicia debido á súa demografía, especial dentro do caso galego ao presentar un saldo vexetativo positivo. É un dos poucos nos que a súa poboación non só crece pola inmigración, senón que nel danse un maior número de nacementos que de defuncións, provocando que sexa un dos poucos en Galicia que crece todos os anos por conta propia.

Esa situación de continuo crecemento tamén está presente nos seus problemas de mobilidade, sendo un concello con dous núcleos urbanos diferenciados que naceron como cidades dormitorio, pero que agora creceron e aumentaron os seus servizos propios con espazos comerciais e de servizos públicos, e no caso do Milladoiro, tamén industriais co Polígono do Novo Milladoiro.

As deficiencias son claras nun concello que creceu mirando cara o núcleo central, Santiago, no que moitos dos posibles residentes ou non podían mercar unha vivenda ou simplemente non había unha dispoñible. En Ames xuntáronse tanto crecementos densos, estando sobre todo presentes no Milladoiro, que pola súa proximidade a Santiago actúa case como un barrio máis desta; como de baixas densidades ou en ‘sprawl’, presentes en urbanizacións como A Aldea Nova ou Agro do Muíño, ou en ocupacións recentes do solo con novas vivendas en moitos núcleos tradicionais.

Esta situación comezou na década de 1990, cando un concello de Ames con 10.011 habitantes (IGE, 2022) iniciou un proceso de urbanización moi rápido e agresivo. Primeiro sucedeu no Milladoiro, que a principios dos anos 2000 xa tiña os seus polígonos residenciais e industriais case completos, e logo na capital municipal, en Bertamiráns, que nesa mesma década comezou o seu crecemento urbano e demográfico. Hoxe en día ambos núcleos suman 22.851 veciños sobre o total de 32.486 que Ames rexistrou no 2023, triplicando ese rexistro do 1990.

O resto deses veciños residen maioritariamente en núcleos rurais e dispersos, máis polo menos un cuarto deles residen nas distintas urbanizacións do concello. As máis destacadas son Pedra Dourada e O Bosque Animado en Covas, O Agro do Muíño, As Mimosas e, sobre todo, Aldea Nova, na que residen 861 persoas (IGE, 2023b).

Toda esta realidade demográfica presentada xunta núcleos compactos con outros dispersos e unha elevada presenza de núcleos rurais a pesar de desenvolverse nun concello relativamente pequeno, de menos de 100km². Esta situación leva a que a ordenación dos servizos de transporte no concello de Ames sexa complexa, en especial á hora de dotar de servizos igualitarios a todos os veciños. Máis isto non xustifica que os principais servizos, os que conectan os dous principais núcleos urbanos entre si e con Santiago de Compostela, sexa tan deficientes e escasos.

Ames necesita tanto de intervencións internas como externas para que o seu servizo de transporte público sexa competitivo e atractivo e reduza o elevado número de desprazamentos en vehículo privado que se dan dende todo o concello. Cabe destacar que pola AG-56, no seu tramo entre Pardiñas e Bertamiráns, circulan 33.070 vehículos ao día (Xunta, 2023), o número máis elevado nesta rede de autovías autonómicas.

Para logralo, unha das primeiras iniciativas do concello amesán en materia de mobilidade foi a realización dun Plan de Mobilidade Urbana Sustentable (PMUS) (ver figura 3). Este foi aprobado no ano 2021 e desenvolveu unha serie de propostas para mellorar e trocar a mobilidade do municipio na procura dun modelo máis sustentable ao actual baseado no vehículo privado, centrándose sobre todo nos casos urbanos do Milladoiro e Bertamiráns.

Figura 3. Portada do Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Ames (PMUS)



Fonte: Concello de Ames.

3.1. As infraestruturas de transporte

No correspondente ás infraestruturas peonís e ciclistas, o PMUS céntrase máis en solucións para a adaptación ás novas realidades da accesibilidade e mobilidade nos núcleos urbanos, rebaixando beirarrúas, creando pasos de peóns elevados e humanizando espazos ata o de agora residuais, inconexos ou mal rematados. Aínda así, si se reserva un espazo para definir unha serie de áreas de actuación para a creación de itinerarios peonís e ciclistas destacados en todo o concello, creándose nove peonís e tres ciclistas.

Outras actuacións que afectaron á mobilidade municipal recente estiveron significadas nas humanizacións, que no caso de Ames, todas levaron polémica, tanto as realizadas como as que se están a facer. A primeira foi a remodelación da denominada “Améndoa Central de Bertamiráns”, que incluíu a reforma das prazas da Maía e do Concello, da Avenida da Maía, e das Rúas Ameneiral, Alcalde Lorenzo, Entrerríos e de actuacións complementarias na Rueiro e na Travesa e Avenida da Peregrina.


Esta actuación foi comunicada como un novo espazo máis verde e máis amable no corazón do núcleo promovido con fondos da EDUSI, máis a actuación só se reduciu a unha mellora dos acabados dos elementos xa existentes e na eliminación de prazas de aparcamento e redución do ancho dos carrís, que non de carrís, na estrada xeral, a Avenida da Maía.

A actuación de máis impacto na obra rematou sendo a peonalización da Rúa Ameneiral, na que se celebra o mercadillo da vila e que si recibiu unha humanización completa. A Avenida da Maia mantén a súa disposición cunhas beirarrúas pouco máis amplas e ocupadas por elementos secundarios e a parada do taxi municipal, que antes se atopaba na Rúa do Alcalde Lorenzo.

Máis a maior problemática e conflitividade vivida en Ames atópase arredor da reforma da Avenida Rosalía de Castro do Milladoiro, a N-550, a través dunhas obras solicitadas polo concello de Ames mais promovidas polo Ministerio de Transportes do Estado español como dono da vía.

Canto aos detalles da reforma (ver figura 4), na súa proposta oficial pódese observar un ambicioso deseño que suporía unha verdadeira humanización desta arteria, cunha redución a só un carril por sentido, a creación de rotondas nos dous cruces máis conflitivos, maior número de pasos de peóns, carril bici e maior infraestrutura verde. O problema é o intenso tráfico que soporta a vía, que é de 25.074 veh./día (MITMA, 2022) e que xa provoca enormes retencións á entrada e saída da vila a calquera hora punta.

Figura 4. Proposta de reforma da Avenida Rosalía de Castro (N-550) do Milladoiro



Fonte: MITMA e Concello de Ames

Esa situación só se verá agravada no futuro con esta obra, por que utilizar o Corredor das Galanas como alternativa terá como consecuencia non só a posibilidade de colapso dunha vía que só ten agora un carril por sentido, senón que parte dese tráfico continúe polo viario municipal rural e estreito de Pardiñas e Laraño en Santiago, ou aumente a xa densa circulación da AG-56. A Xunta mostrou oposición a este proxecto ao non contar cun estudo de afección á mobilidade xeral do territorio e pola incidencia que terá sobre as súas estradas,

chegando a afirmar que se esa é a solución definitiva, tería que desdobrar o mencionado corredor.


Como xa se mencionou anteriormente, a solución a esta desavinza estaría en que o Estado se comprometese a conectar o enlace do Corredor das Galanas e a N-550 coa AP-9, desviando todo o tráfico da nacional directamente cara a autoestrada e estendendo o tramo sen peaxe de Santiago Sur a Milladoiro Sur e que actúe como variante desta vila. O concello de Teo poderase ver beneficiado non só na nacional, senón tamén cunha conexión ata Cacheiras (AG-58), tendo en conta que a actuación, realizándose integramente sobre este concello, non debe de estar orientada só a dar servizo e aliviar os tráfico de Ames e da N-550.

A outra solución, que neste caso sería só temporal, estaría no levantamento das peaxes de Padrón se non se levantan a totalidade das mesmas na AP-9. Esta buscaría eliminar os tráfico de maiores distancias e procedentes do Barbanza que prefiren circular pola nacional evitando as elevadas peaxes da autoestrada (2,85€). Esta solución sería un parche e tería un alcance relativo, especialmente tendo en conta que a peaxe en dirección Santiago atópase en Teo, e sería necesario cruzala aínda que se expedise un ticket que exima do pago en Padrón (o cal tamén pode ser esquecido ao atoparse as barreiras de acceso sempre erguidas).

3.2. Os servizos de transporte público

En materia de transporte público, o PMUS incluía distintas propostas das que por agora só unha foi completada, a creación dun mapa de liñas ao estilo dunha rede de metro, o cal se pode observar na Figura 5. Neste mapa pódese ollar sobre todo como todas as liñas levan a Santiago salvo pequenas excepcións, como a liña que conecta Bertamiráns co Polígono do Novo Milladoiro.

Figura 5. Campaña de promoción do transporte metropolitano ‘O Bus que me leva’



Fonte: Concello de Ames. URL: www.bus.gal

Esta distribución deixa ver que existen moitas liñas, máis o problema recae nos servizos que se ofrecen e como se ofrecen. Por exemplo, as tres liñas que recollen os fluxos das parroquias rurais do norte do concello apenas teñen servizos, catro diarios máximo, e ningunha delas conecta aos veciños do rural cos seus servizos municipais en Bertamiráns. A maior parte destes veciños que non posúen vehículo privado ou non poden conducir toman alternativas como o taxi ou dependen de familiares para facer estes desprazamentos.

Dentro do PMUS tamén se inclúe unha proposta para crear unha rede municipal de transporte urbano por autobús. Esa rede tería tres liñas que conectarían o concello de norte a sur, tendo todas paso por Bertamiráns e O Milladoiro, pero tomando distintos pasos polas parroquias rurais, sobre todo do norte, na que unha liña tería a súa cabeceira na Ameixenda, outra en Piñeiro, e a última en Agrón.

Máis esta non semella a distribución máis lóxica para un servizo de transporte urbano, Bertamiráns e O Milladoiro veríanse claramente beneficiadas tendo tres liñas de conexión, máis o resto de espazos rurais quedarían máis descolgados. Polo tanto, este sistema podería simplificarse cunha liña regular máis directa, incluso circular, entre O Milladoiro e Bertamiráns, e co deseño de liñas de transporte á demanda para o rural norte do concello que teñan como finalización

os principais servizos de Bertamiráns, nos que tamén poderán facer intercambios se procuran ir ao Milladoiro ou Santiago.

Neste plan pódese observar o peso primordial do Milladoiro e Bertamiráns para a articulación do concello, máis o seu rural está falto de maior planificación e propostas de actuación concretas fora dos eixos xerais aquí enunciados. No eido dos transportes a solución recae tanto na promoción municipal que se realice dun modelo propio, como dos acordos aos que se chegue co ente autonómico para mellorar as frecuencias e servizos xerais que se ofrecen en todo o termo municipal.

Isto último ten especial incidencia para Bertamiráns e en especial para O Milladoiro. Esta vila presenta unhas liñas colapsadas a pesar de atoparse a apenas cinco quilómetros do centro de Santiago. Bertamiráns en cambio está falto de maiores frecuencias e de maior capacidade nas horas de maior demanda, atendendo en especial ao seu continuo e relativamente recente crecemento.

4. Conclusións: cara unha mobilidade máis sostible en Ames

As ideas que se poden concluír arredor desta situación levan a pensar en que Ames ten dous grandes desafíos con respecto á súa mobilidade en transporte urbano: conectar aos seus veciños cunha rede interna e atractiva, e conseguir unha mellor integración dos seus servizos interurbanos, aumentando as frecuencias e conseguindo que estes sexan máis atractivos fronte ao vehículo privado.

Con respecto a esta segunda idea moitos son os factores a ter en conta, e poucos están directamente vencellados ás institucións municipais, que se ben pode solicitar melloras e variacións nas liñas, estas non teñen a decisión final sobre as mesmas, sendo algo que recae sobre as institucións autonómicas. A principal solución que se debería de procurar con respecto a esta problemática estaría na integración real dos servizos de transporte da área urbana, e iso pasa polo impulso dun consorcio de transportes intermunicipal que polo menos incluía os cinco principais concellos mencionados.

Este consorcio de transportes permitiría que as liñas autonómicas que actualmente se ofrecen entre os principais núcleos urbanos da área, que en moitos casos teñen distintas funcións e destinos máis aló destes núcleos, sexan substituídos por liñas regulares urbanas que cubran eses núcleos urbanos. No caso de Ames, a prioridade estaría en dotar a Bertamiráns dunha liña regular con entre unha e dúas frecuencias á hora en día laboral que tamén se estendese ata Brión.

No correspondente ao Milladoiro, dúas poderían ser as liñas, unha que circulase pola Avenida do Muíño Vello e Novo Milladoiro e dese servizo ás zonas

residencias da parroquia de Biduído como As Mimosas, e outra que transcorre pola Avenida de Rosalía de Castro, o espazo máis densamente poboado do concello de Ames, e continúa pola N-550 en Teo ata Osebe e Firmistáns (Ames).

A primeira liña, como a de Bertamiráns, tería entre unha e dúas frecuencias á hora, mentres que a segunda debería ter entre dúas e tres tendo en conta a enorme demanda que se esperaría dela. No resto de concellos da área tamén se promoverían servizos similares para Sigüeiro e os principais núcleos teenses en todo o eixo da AC-841, da mesma forma estas liñas levarían vencelladas actuacións singulares para ampliar a rede de infraestruturas necesarias para ofertar o servizo, que nalgúns casos deberían ser amplas e destacadas para dar cabida aos distintos servizos necesarios.

Aquí entra en xogo tamén o primeiro obxectivo, a rede interna, que xa foi definida no terceiro punto, e como se realizarán as conexións entre os distintos servizos e os autonómicos que aínda seguirán existindo. Para isto debería promoverse que haxa unha serie de espazos centrais en cada núcleo onde se realicen con maior intensidade os desprazamentos. No caso de Bertamiráns ese espazo sería a Avenida e Praza da Maía, mentres que no Milladoiro sería a intersección da Avenida Rosalía de Castro coas Rúas da Cruza e Figueiras.

Con respecto á rede interna amesán preséntanse dúas variables, unha na que este presente un consorcio de transportes e outra na que non. No segundo caso o concello de Ames debería de promover dende cero todo un servizo propio de transporte urbano, creando unha empresa municipal ao estilo de TUSSA en Santiago ou delegando o servizo das liñas a unha empresa externa.

Pola contra no primeiro, a través da existencia dunha institución supramunicipal, os deberes do concello de Ames estarían na definición, promoción e inversión nas liñas propostas, máis esa empresa de transporte público e o material rodante estarían incluídos dentro da rede do consorcio. Poderíase dicir que Ames poría a financiación dunhas liñas que só transcorrerán polo seu territorio, máis a xestión das mesmas recaerá na institución conxunta.

Con respecto ao transporte urbano tamén hai que facer crítica tanto do servizo actual dos urbanos de Compostela coma da pouca flexibilidade que a Xunta presenta ante a creación de liñas urbanas intermunicipais. Situacións que por si mesmas lastran as poucas capacidades que ten o transporte público da capital galega, e máis se nel se fan reducións nas poucas liñas que acceden aos concellos anexos, neste caso ao de Ames coa redución da P2.

Así só se segue a aumentar o atractivo do vehículo privado na área, e non se espera que o novo contrato do transporte público urbano santiagués mellore esta situación. Aínda así este si suporá unha renovación dos servizos urbanos, onde

destaca unha nova liña entre O Porto de Conxo, xunto ao Milladoiro, e o Sigüeiro santiagués, que de seguro recibirá usuarios de ambas vilas limítrofes; e a revolución dos rurais coa creación de liñas alimentadoras das urbanas para dotalos de servizos.

Finalmente, cabe destacar o outro obxectivo vencellado á mobilidade, a mellora das mobilidades brandas a pé e en bicicleta. A dispersión do concello de Ames permitiu que exista unha rede peonil bastante extensa, máis faltan mellores conexións e itinerarios entre os distintos núcleos rurais e urbanos, sobre todo faltando itinerarios peonís seguros en espazos nos que as estradas coinciden en espazos forestais con núcleos en ambos extremos.

No caso dos carrís bici, ademais do que se está a realizar na Avenida Rosalía de Castro do Milladoiro, existe un en Bertamiráns, na DP-0205 ata o Agro do Muíño que se debería continuar ata O Milladoiro. Este xa está contemplado no PMUS e converterase tanto nun eixo de mobilidade sustentable como nun espazo seguro segregado da estrada para a mobilidade entre os dous núcleos urbanos.

Estes desafíos en mobilidade marcarán o concello de Ames nos vindeiros anos. O tempo e a vontade política dirán se todas estas problemáticas son resoltas, ou se Ames continúa a ser un municipio de desenvolvementos urbanos dispersos e sen os necesarios servizos de transporte público que permitan reducir o número de desprazamentos nas estradas da área.

Bibliografía

Concello de Ames (2021). *Plan de Movilidad Urbana Sostenible (PMUS) del Municipio de Ames*. Bertamiráns.

Concello de Ames (2021). *Propuestas del Plan de Movilidad Urbana Sostenible (PMUS) del Municipio de Ames*. Bertamiráns.

Concello de Ames (2022). *HUMANIZACIÓN N-550. Travesía de Milladoiro*. MITMA e Concello de Ames. Bertamiráns. Dispoñible en: https://www.concellodeames.gal/sites/default/files/noticias/adjuntos/2023/03/presentacion_humanizacion_milladoiro.pdf [28 de Novembro, 2024].

Concello de Ames (2022). *O bus que me leva!*. PNG. Bertamiráns. Dispoñible en: <https://www.concellodeames.gal/sites/default/files/documentos/adjuntos/2022/11/mapa-lineas-bus.png> [23 de Novembro, 2024].

Consellería de Infraestruturas e Vivenda (2016). *Estratexia en Materia de Mobilidade Alternativa de Galicia*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela: CIV.

- Consellería de Infraestruturas e Vivenda (2016). *Estratexia para o fomento da mobilidade sostible na comarca de Santiago de Compostela e concellos limítrofes*. Estudo ámbito de Actuación e Identificación de Sendas. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela: CIV.
- Consellería de Infraestruturas e Vivenda (2018). *Plan de Transporte Público de Galicia*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela: CIV.
- Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (2003) *Plan Sectorial da Rede Viaria de Santiago, Ames e Teo*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela: CPTOPV.
- González Harguindey, J. (2015). *El sistema urbano en el noroeste de España: tesis doctoral*. Tese doutoral. UDC, Universidade da Coruña. Dispoñible en: <https://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/15433> [21 de Novembro, 2024]
- Instituto Galego de Estatística (IGE) (2022). *Series históricas de poboación. Poboación para Galicia, provincias, comarcas e concellos*. Dispoñible en: <https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=1558&c=0201001002> [19 de Novembro, 2024]
- Instituto Galego de Estatística (IGE) (2023a). Cifras oficiais de poboación a 1 de Xaneiro. Ano 2023. Dispoñible en: [https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=es&c=0201001002&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=589&R=9913\[all\]&C=0\[all\]&F=T\[1:0\]&S=&c=0201001002](https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=es&c=0201001002&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=589&R=9913[all]&C=0[all]&F=T[1:0]&S=&c=0201001002) [19 de Novembro, 2024]
- Instituto Galego de Estatística (IGE) (2023b). *Nomenclátor estatístico de Galicia*. Ano 2023. Dispoñible en: <https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?paxina=003003002&c=-1&ruta=nomenclator/nomenbuscar.jsp> [19 de Novembro, 2024]
- Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (2022). *Mapa de tráfico 2022*. MITMA. Dispoñible en: <https://mapatrafico.transportes.gob.es/2022/> [21 de Novembro, 2024]
- Xunta de Galicia (2023). *Memoria de Tráfico da Rede Autonómica de Estradas de Galicia*. Santiago de Compostela: CIV. Dispoñible en: https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=1646706&name=DLFE-52166.pdf [21 de Novembro, 2024]

Diez proposiciones sobre la segregación residencial y sus efectos

Oriol Nel·lo

Departament de Geografia, Universitat Autònoma de Barcelona

1. Introducción

La desigualdad social constituye uno de los principales problemas de las ciudades contemporáneas. En el espacio urbano la desigualdad se refleja, mantiene y reproduce a través del fenómeno de la segregación residencial. Por ello, toda política que tenga por objetivo mejorar y hacer más equitativas las condiciones de vida en la ciudad deberá plantearse necesariamente como lidiar con las causas y los efectos de la segregación. Para hacerlo resulta imprescindible, por una parte, comprender la naturaleza y las consecuencias de este fenómeno y, por otra, contar con las condiciones materiales y la voluntad política para enfrentar los retos que del mismo se derivan.

En la presente aportación formulamos diez proposiciones sobre la segregación residencial, derivadas de los estudios académicos y la práctica política que hemos podido desarrollar a lo largo de las dos últimas décadas en relación a esta cuestión crucial.

2. La segregación residencial es un fenómeno consubstancial al proceso de urbanización capitalista

La concentración de los grupos sociales más vulnerables en algunas áreas de la ciudad tiene su origen en la dinámica de segregación residencial, es decir, la tendencia de los grupos sociales a separarse sobre el espacio urbano en función de su capacidad de escoger lugar de residencia. Ésta, a su vez, se halla condicionada principalmente por dos factores: los ingresos de las personas y las familias, por un lado, y los precios del suelo y la vivienda, por otro. Lejos de ser un fenómeno coyuntural en el tiempo, específico de algunas áreas urbanas y concerniente solo a los sectores más desfavorecidos de la población, la segregación urbana en general y la segregación residencial en particular constituyen rasgos consubstanciales del proceso de urbanización capitalista y condicionan el comportamiento de todos los grupos sociales. Tanto es así, que la estructura y el funcionamiento de nuestras ciudades se explica, en buena medida, por las dinámicas de segregación en el acceso a la vivienda y el uso del espacio urbano (Harvey, 1973; Secchi, 2013; Oberti & Preteceille, 2016).

3. Las relaciones entre la desigualdad social y la segregación residencial son complejas y no lineales

La segregación está estrechamente ligada a las desigualdades sociales, pero dicha relación no es necesariamente lineal ni inmediata. En primer lugar, la relación entre desigualdad y segregación es mediada por el régimen urbano y por la planificación urbanística, de modo que políticas urbanas y de vivienda más liberales o más social-demócratas, por ejemplo, pueden condicionar la ubicación de los grupos sociales sobre el espacio. Por otra parte, los efectos de la desigualdad sobre la segregación pueden producirse de forma retardada en el tiempo, hasta en lapsos de una década. Por último, el incremento de la desigualdad no necesariamente resulta en un aumento de la segregación: por el contrario, pueden darse casos en que el incremento de la primera favorezca la reducción de la segunda, por ejemplo, a través de procesos de gentrificación que, al menos de forma temporal, comporten una reducción de la separación física entre hogares con niveles de ingresos diversos. Por otra parte, políticas públicas de vivienda muy activas, que favorezcan la reducción de la desigualdad en el derecho a la casa, pueden incrementar la segregación si las operaciones de vivienda social se realizan de forma concentrada sobre el espacio (Tammaru et al., 2016; Van Ham et al., 2022 ; Nel·lo & Sabatini, 2022).

4. La segregación es un fenómeno estructural, que afecta a todos los grupos sociales, presenta notables continuidades espaciales, tiende a agravarse y a alcanzar la escala metropolitana

En cualquier caso, se puede afirmar que hoy, en las ciudades españolas (Ariño & Romero, 2016; Blanco & Nel·lo, 2018; Nel·lo, 2021; Blanco & Gomà, 2022) y del conjunto de Europa (Tammaru et al. 2016; Van Ham et al. 2022), la segregación residencial es un fenómeno caracterizado por cinco rasgos principales:

- Se trata de una dinámica *estructural* que ha estado presente a lo largo del todo el proceso de urbanización contemporáneo. Así, la segregación residencial precede de lejos a las crisis recientes -la gran recesión posterior a 2008 y la pandemia Covid-19- aunque éstas hayan podido contribuir a exacerbar las causas y agravar los efectos del fenómeno..
- La segregación, según los estudios comparativos disponibles para las grandes ciudades europeas y españolas, *tiende a profundizarse* en la mayoría de casos. La financiarización del mercado de la vivienda, las restricciones de los créditos hipotecarios, la irrupción de los alojamientos para uso turístico y la parvedad (o la concentración) de las políticas destinadas a promover vivienda asequible contribuyen de manera destacada a agravar la situación.

- Lejos de afectar sólo a los hogares más vulnerables, la segregación *conciérne a todos los grupos sociales*. De hecho, en muchas ocasiones, la separación entre los grupos sobre el espacio urbano es debida más a la secesión de los ricos que al confinamiento de los pobres en determinadas áreas de la ciudad.
- La segregación presenta unas acusadas *continuidades espaciales y temporales*, de modo que los barrios o áreas que se han visto especializadas como ámbito residencial de población de un determinado nivel de renta tienden a mantener esta especialización a lo largo de períodos muy largos. En las áreas urbanas españolas, los barrios donde se concentran las situaciones de mayor vulnerabilidad y exclusión social corresponden de manera muy mayoritaria por tres tipos de tejidos: centros históricos degradados, polígonos de vivienda de masa y áreas surgidas de procesos de urbanización espontánea y de autoconstrucción.
- Por último, la segregación, al conjugarse con la expansión de las áreas urbanas y la integración del territorio, ha alcanzado hoy decididamente una *escala metropolitana*. De este modo, los territorios que se ven especializados socialmente ya no son sólo las calles de un barrio, o los barrios de un municipio, sino municipios y ejes metropolitanos enteros respecto al conjunto de la metrópolis.

5. El "efecto barrio": la segregación, no es solo reflejo y sino también causa de la desigualdad

El debate sobre el denominado "efecto barrio" ha confrontado los argumentos de los autores que consideran que la segregación no es más que el reflejo espacial de las desigualdades (Cheshire, 2007) y aquellos que han afirmado que la segregación contribuye también a mantenerlas y reproducirlas (Atkinson & Kintrea, 2001; Soja, 2010; Secchi, 2013). Las evidencias aportadas por los estudios realizados en las grandes ciudades españolas -en relación a temas diversos como la educación, la salud, las oportunidades y el acceso a la energía- ponen de relieve la importancia de los factores espaciales como factor que contribuye a mantener e incrementar las desigualdades (Nel·lo, 2021; Blanco & Gomà, 2022). El "efecto barrio" incide pues en las condiciones de vida y las oportunidades de la población. Tiene implicaciones también sobre la capacidad de organización y las actitudes políticas de la ciudadanía. Éstas dependen no sólo de las necesidades, sino también de las capacidades de la población de cada barrio que, a su vez, están condicionadas por el capital social del que el vecindario dispone (Blanco et al., 2016). Los recientes trabajos sobre el impacto social y territorial de la pandemia Covid-19 han confirmado tanto la relación entre la vulnerabilidad social de los barrios y la extensión de los contagios, como entre

el bajo nivel de renta y la menor capacidad de organización de la ciudadanía (Nel·lo & Checa, 2022).

6. Para hacer frente a las causas y efectos de la segregación se requieren tanto políticas estructurales como políticas urbanas específicas

La evidencia de que la segregación no es sólo un síntoma sino un problema en sí misma, indica la necesidad de hacerle frente, en primer lugar, a través de políticas estructurales - como las fiscales y de regulación del mercado laboral-destinadas a incidir en la distribución general de la renta y a reducir las desigualdades sociales en términos de ingresos y de patrimonio. Ahora bien, para hacer frente a la segregación y sus efectos deben llevarse a cabo, también, políticas urbanas de carácter específico en los barrios donde se concentra la población con mayores necesidades de atención social. Dichas políticas, para ser efectivas, deben proponerse dos objetivos. En primer lugar, mejorar las condiciones de vida de los barrios vulnerables, incidiendo de forma directa en las desigualdades sociales y territoriales. En segundo lugar, actuar sobre las causas de la segregación, a través de la ecualización de los niveles de servicios, accesibilidad y dignidad urbana de la ciudad en su conjunto (Porcel, Antón-Alonso & Muñoz, 2020).

7. La desigual distribución de los recursos locales supone un obstáculo primordial para las políticas de rehabilitación.

Desde el ámbito local, el primer problema para el desarrollo de las políticas de rehabilitación son los recursos disponibles. Como es sabido, en nuestro país los ámbitos metropolitanos se caracterizan, en la inmensa mayoría de los casos, tanto por la integración e interdependencia del territorio como por la fragmentación administrativa y la carencia de instrumentos de gobierno integrado. En este contexto, los recursos per cápita de los que disponen los municipios son muy desiguales, de modo que los estudios disponibles, por ejemplo, para los ámbitos metropolitanos de Barcelona (Checa, Donat & Nel·lo, 2022) o de València (Nel·lo & Donat, 2023), muestran que los recursos per cápita de algunas localidades doblan los de las localidades vecinas. El origen de estas desigualdades se deriva, en buena medida, de la dependencia de la financiación local de una serie de impuestos estrechamente relacionados con el valor del suelo y la vivienda (Vilalta, 2015). Así, los municipios donde, debido a los precios de la vivienda relativamente más asequibles, se asientan los grupos sociales más vulnerables son aquellos que disponen, en términos relativos, de una menor base fiscal y menores recursos para prestar los servicios que esta población necesita.

8. Para desarrollar políticas de rehabilitación frente a la segregación es imprescindible la cooperación interadministrativa y la consolidación fiscal a escala metropolitana

La combinación entre las dinámicas metropolitanas, la segregación residencial y la fragmentación administrativa hace imprescindible que las políticas de rehabilitación tengan un alcance, al menos, metropolitano o regional. Para comprobarlo basta tomar, por ejemplo, el caso del ámbito metropolitano de Barcelona, donde las políticas de rehabilitación han alcanzado desde hace años un vigor y alcance excepcional en el contexto ibérico (Nel·lo, 2018). Cataluña había contado en la primera década del presente siglo con una Ley de Barrios que permitía a los municipios realizar políticas de rehabilitación en las áreas urbanas más vulnerables, a través de aportaciones substantivas de recursos por parte del gobierno de la Generalitat. Esta política, que se desarrolló entre 2004 y 2010, fue interrumpida el año 2011, con la aplicación de las políticas de austeridad. Ante la persistencia de la problemática y la falta de apoyo por parte de la administración autonómica y estatal, el Ayuntamiento de Barcelona decidió emprender por su cuenta un Plan de Barrios. Este se ha ejecutado a partir de 2016 con resultados favorables y una inversión total de 300 millones de € (Nel·lo, Cruz & Blanco, 2020). Como es obvio, a la hora de mejorar las condiciones de vida en los barrios más vulnerables, dicho Plan ha debido contar no sólo con la voluntad política del consistorio, sino con los recursos de toda la ciudad. Ahora bien, este mismo ejercicio resulta imposible de realizar en la mayoría de barrios vulnerables del área y la región metropolitana de Barcelona. Buena parte de estos barrios se encuentran en situaciones similares o peores que los de la capital, pero se hallan en municipios que no cuentan con los mismos recursos, lo cual hace imposible que puedan emprender políticas de rehabilitación por su cuenta. En el resto de las áreas metropolitanas españolas la situación es todavía más precaria. Por ello, se puede concluir que sin cooperación interadministrativa y mecanismos de perecuación fiscal de escala metropolitana o regional resulta hoy muy difícil llevar a cabo políticas efectivas de rehabilitación urbana.

9. Las políticas de rehabilitación deben contar con recursos específicos, intervenir de forma transversal, implicar al vecindario, aplicarse de manera continuada y basarse en el principio de subsidiariedad

La experiencia acumulada a lo largo de los años -a través de los programas URBAN, Ley de Barrios, Pla de Barris y otros- indica que plantear las políticas de rehabilitación a la escala adecuada es una condición necesaria, pero no suficiente para su eficacia. Así, las luces y las sombras que a lo largo del tiempo han conocido los programas de rehabilitación muestran que estos, para tener alguna posibilidad de éxito, deben reunir una serie de condiciones básicas

(Nel·lo, 2010; Tosics, 2015). Pese a la dificultad de establecer reglas generales en este campo, dichas condiciones pueden resumirse en las cinco siguientes:

- Disponer de *recursos específicos* suficientes para hacer frente a las necesidades de proyectos de rehabilitación integral de los barrios que forman parte del programa (como términos de referencia es bueno recordar que la media de recursos asignados a cada barrio a través de la Ley catalana de Barrios en el período 2004-2010 fue de 9,4 M€; en el caso del Plan de Barrios de Barcelona en el período 2016-2020 fue de 13M€).
- Tener la voluntad de *intervenir de forma transversal* sobre todos los aspectos que inciden en las condiciones de vida del barrio: de la educación al espacio público, de la vivienda a la accesibilidad y el medio ambiente, de los equipamientos a la salud y al empleo. Las aproximaciones sectoriales -ya sean de vivienda, de medio ambiente o de energía- han mostrado de forma reiterada sus limitaciones a la hora de conseguir mejoras de conjunto.
- Ser diseñadas, aplicadas y evaluadas con la *implicación directa del vecindario*. Para conseguir éxito las políticas de rehabilitación deben tener a los vecinos como protagonistas y no solo como destinatarios. Así, la ciudadanía de cada barrio además de participar en el diseño de las actuaciones, ha de ejercer un papel determinante en la definición del diagnóstico de partida, el establecimiento de los objetivos, la gestión de las iniciativas, su seguimiento y su evaluación.
- Disponer de un *modelo de gestión* caracterizado por tres rasgos: en primer lugar, proponerse la consecución de resultados a medio y a largo plazo; en segundo lugar, aplicar el principio de subsidiariedad, de modo que todo lo que pueda gestionarse eficientemente por la administración más cercana al barrio no lo sea por una instancia superior; y por último, disponer de mecanismos de evaluación interna y externa, tanto durante la ejecución de las actuaciones como al final de las mismas.

10 El riesgo de los efectos indeseados o perversos de las políticas de rehabilitación no puede ser excusa para aceptar las malas condiciones de vida en los barrios

Las políticas de rehabilitación urbana son sólo uno de los factores que inciden en la evolución de la ciudad y sus barrios. Estas políticas tienen un alcance forzosamente limitado y deben hacer frente a menudo a tendencias socioeconómicas de fondo o eventos generales que empeoran las condiciones de vida en los barrios, pese a la aplicación de programas integrales de mejora.

Por eso hay barrios que, a pesar de haber sido objeto de reiterados proyectos de rehabilitación, siguen sufriendo graves problemas sociales. Sin embargo, los riesgos de las políticas de rehabilitación pueden derivarse no sólo de su alcance limitado, sino también de su éxito. Así, la mejora de las condiciones de vida en un barrio pueden ser percibidas por el mercado, de manera que se produzca allí un incremento de los precios inmobiliarios que hagan más difícil acceder a la vivienda, tanto a través de la compra como del alquiler (Albet & Benach, 2017). Ello entraña el riesgo de que las políticas de rehabilitación – muy a menudo emprendidas a partir de justificadas reivindicaciones vecinales- puedan acabar teniendo el efecto indeseado de desplazar la población a la que se proponían favorecer (Harvey, 2013). Ante esta disyuntiva, la opción correcta no puede consistir, obviamente, en aceptar el mantenimiento de las malas condiciones de vida en los barrios, por temor a los efectos negativos que pudiera acarrear su mejora. La alternativa debe consistir en conjugar las políticas de rehabilitación con la voluntad de gobernar sus efectos (Indovina & Nel-lo, 2017).

11. Es necesario gobernar las transformaciones suscitadas por las políticas de rehabilitación conjugándolas con otras políticas, especialmente las destinadas a garantizar el derecho a la vivienda

La segregación residencial es uno de los rasgos distintivos de las áreas urbanas españolas, que tiende a mantenerse y a agravarse (López-Gay, Andújar-Llosa & Salvati, 2020). La segregación constituye no sólo un reflejo, sino una de las causas del mantenimiento y la reproducción de las desigualdades sociales. En este contexto, las políticas de rehabilitación de barrios pueden ser un instrumento eficaz para hacer frente a sus causas y efectos, impulsando la equidad, social y territorial, en la ciudad. Para ser efectivas, las actuaciones de rehabilitación - además de contar con la escala, los recursos y características adecuadas- tendrán que coordinarse estrechamente con otras políticas urbanas. Solo así, podrá desarrollarse todo su potencial y será posible gobernar sus efectos, incluidos eventualmente los perversos e indeseados. En particular, resulta imprescindible conjuntar las políticas de barrios con las de vivienda, a través de medidas como las reservas obligatorias de vivienda protegida, el ejercicio del derecho de tanteo y retracto, la rehabilitación con fines sociales, la regulación del alquiler o la limitación del alojamiento turístico. Finalmente, para el impulso de las políticas de barrios es necesaria la voluntad política de reconocer la centralidad de la problemática y las potencialidades transformadoras de las áreas vulnerables. Como se ha dicho, no es posible desarrollar una política para las periferias urbanas, sin poner las periferias en el centro de la política urbana.

Bibliografia

- Albet, A. & Benach, N. (2017); *Gentrification as a Global Strategy: Neil Smith and Beyond*. Londres & Nueva York, Routledge.
- Ariño, A. & Romero, J. (2016); *La secesión de los ricos*. Barcelona: Galaxia de Gutenberg.
- Atkinson, R. & Kintrea, K. (2001). Disentangling Area Effects: Evidence from Deprived and Non-deprived Neighbourhoods. *Urban Studies*, 38(12).
- Blanco, I.; Cruz, H.; Martínez, R. & Parés, M. (2016). El papel de la innovación social frente a la crisis. *Ciudad y Territorio Estudios Territoriales*, 48 (188),
- Blanco, I. & Nel·lo, O. eds. (2018); *Barrios y crisis. Crisis económica, segregación urbana e innovación social en Cataluña*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- Blanco, I. & Gomà, R., eds. (2022); *¿Vidas segregadas? Reconstruir fraternidad*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- Checa, J.; Donat, C. & Nel·lo, O. (2022); *La segregación residencial y los recursos municipales*, en I. Blanco & R. Gomà, coord., *¿Vidas segregadas? Reconstruir fraternidad*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- Cheshire, P. (2007); *Segregated Neighbourhoods and Mixed communities. A Critical Analysis*, York, Joseph Rowntree Foundation
- Harvey, D. (1973). *Social Justice and the City*. Baltimore, Johns Hopkins University Press.
- Harvey, D. (2012). *Rebel Cities: From the Right to the City to Urban Revolution*. Londres, Verso.
- Indovina, F. & Nel·lo, O. (2017). Gentrification: disaster, necessity, opportunity. Notes for a critical use of the concept. En A. Albet & N. Benach, *Gentrification as a global strategy: Neil Smith and beyond*. Londres & New York, Routledge.
- López-Gay, A.; Andújar-Llosa, A. & Salvati, L. (2020). Residential mobility, gentrification and neighborhood change in Spanish cities: A post-crisis perspective. *Spatial Demography*, 8 (3).
- Nel·lo, O. (2010). The challenges of urban renewal. Ten lessons from the Catalan experience. *Anàlisi Social*, 48 (197).
- Nel·lo, O. (2017). “El proceso de urbanización: motor y expresión de las transformaciones sociales y territoriales”, en Romero, J., coord., *Geografía Humana de España*. València: Tirant lo Blanch.

- Nel·lo, O. (2018). Hacer la ciudad metropolitana: segregación residencial y políticas urbanas en el ámbito metropolitano de Barcelona. *Ciudad y territorio: Estudios territoriales*, 198, 697-715.
- Nel·lo, O. ed. (2021). *Efecto Barrio. Segregación residencial, desigualdad social y políticas urbanas en las grandes ciudades ibéricas*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- Nel·lo, O. & Checa, J. (2022). El binomio imprescindible. Políticas públicas e iniciativas solidarias en España en la pandemia Covid-19. En O. Nel·lo et al., eds. *El apoyo mutuo en tiempos de crisis: la solidaridad ciudadana durante la pandemia COVID-19*. Buenos Aires: CLACSO.
- Nel·lo, O.; Cruz, H. & Blanco, I. (2020). Les polítiques de rehabilitació enfront la segregació: el Pla de Barris de Barcelona. *Papers. Regió Metropolitana de Barcelona*, 63.
- Nel·lo, O. & Donat, C. (2023) Segregación residencial y recursos locales en el área urbana de Valencia: la necesidad de gobernanza metropolitana. *Cuadernos de geografía*, 110.
- Nel·lo, O. & Sabatini, F. (2022). Segregación residencial y políticas urbanas: convergencias y contrastes entre Barcelona y Santiago de Chile. *Documents d'Anàlisi Geogràfica*, 68 (3)
- Oberti, M., & Preteceille, E. (2016). *La ségrégation urbaine*. Paris, La Découverte
- Porcel, S.; Antón-Alonso, F. & Muñoz, I. (2021) “Les polítiques de millora de barris a debat”. *Papers. Regió Metropolitana de Barcelona*, 63.
- Secchi, B. (2013); *La città dei ricchi e la città dei poveri*. Bari: Laterza.
- Soja E. W. (2010); *Seeking spatial justice*. Minneapolis: University of Minnesota Press.
- Sorribes, J. (1985); *Desarrollo capitalista y proceso de urbanización en el País Valenciano*. Valencia: Institució Alfons el Magnànim.
- Stiglitz, J.E. (2012); *The Price of Inequality. How Today's Divided Society Endangers Our Future*. Londres: W. W. Norton & Company.
- Tammaru, T., Marcińczak, S., Ham, M. van, Musterd, S., eds. (2016); *Socio-Economic Segregation in European Capital Cities: East Meets West*. Nueva York: Routledge.
- Tosics, I. (2015). Integrated regeneration of deprived areas and the new cohesion policy approach: An urban contribution to the European Urban Agenda. Bruselas: URBACT.

- Van Ham, M.; Tammaru, T.; Ubarevičienė, R.; Janssen, H., eds. (2021); *Urban Socio-Economic Segregation and Income Inequality. A Global Perspective*. Cham: Springer.
- Vilalta, M. (Ed.). (2015). *Autonomía y equidad en la financiación municipal: dos principios compatibles*. Barcelona: Publicacions i edicions de la Universitat de Barcelona.

Reimaxinando a política de vivenda: Reducir a distancia entre as realidades e as políticas

Cristina Botana Iglesias

Grupo ANTE. Facultade de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

O acceso á vivenda asequible en condicións adecuadas é un dos principais desafíos das políticas públicas e territoriais no momento actual. Alén de que resulta imprescindible unha vontade política explícita nas escalas estatais e autonómicas, a capacidade dos municipios neste ámbito posúe un relevante potencial transformador.

Os efectos das políticas de vivenda pública, minguantes e obsoletas, e a especulación voraz coa vivenda impactan nos municipios perimetrais das cidades que absorberon grandes continxentes de poboación urbana nas últimas décadas, producindo novas lóxicas de expulsión. A este proceso súmase a cronificación dos problemas de infravivenda e precariedade residencial xa existentes, herdados dos ciclos de crises anteriores.

Este capítulo analiza as transformacións actuais no ámbito da vivenda en Galicia, con exemplos concretos da situación no municipio de Ames, núcleo perimetral á cidade de Santiago de Compostela. A análise trata de conectar as necesidades da vida cotiá coa planificación habitacional, proponendo un enfoque integral que reconece a diversidade convivencial, as dinámicas demográficas e os retos territoriais específicos de contextos urbanos e periurbanos.

Propóñense catro claves para a mellora das políticas públicas: a actualización das ferramentas para que respondan ás novas tendencias habitacionais, a integración da perspectiva de xénero no deseño e nas normativas, a mobilización de recursos desaproveitados como a vivenda baleira e a mellora da atención á infravivenda. A través destas cuestións chave, o artigo busca contribuír ao deseño de políticas públicas máis inclusivas, eficaces e adaptadas á realidade dos municipios galegos, especialmente en contextos de cidades medias e vilas, para acadar estratexias alternativas que acorten a distancia entre os problemas e as políticas públicas.

As políticas de vivenda caracterízanse por ser políticas públicas de longo percorrido. Requiren de compromisos a longo prazo, de consenso político e social, procesos extensos de desenvolvemento e de execución que fan da vivenda

un elemento estrutural á tradición territorial dos diferentes contextos que representa as formas de convivencia dun lugar (Montaner, 2019). Na vivenda depositamos non só unha parte moi transcendental da nosa forza de traballo e capacidade de aforro, tamén os nosos proxectos de vida e os das nosas descendencias, as nosas herdanzas familiares e colectivas. Nos fogares conflúen todos os nosos saberes comúns, os espazos onde sustentamos e reproducimos as vidas humanas, onde albergamos parte da nosa memoria material e inmaterial. O dereito a construír os nosos proxectos de vida entrecrúzase co dereito á vivenda; as políticas de vivenda serán, entón, políticas de vida mentres non se desconecten desta premisa.

As transformacións sociais, demográficas e económicas das últimas décadas están a redefinir as dinámicas da vivenda nas sociedades contemporáneas. O crecemento dos fogares unipersoais, a diminución xeral do seu tamaño medio, o atraso na emancipación da xuventude e a diversificación das formas convivenciais son exemplos evidentes dun cambio profundo na maneira en que habitamos e das expectativas da poboación en relación ao espazo doméstico. Estes fenómenos desafían os modelos tradicionais de vivenda e existen unha profunda revisión das políticas públicas; impactan na demanda e a oferta, pero tamén nas políticas públicas e nas formas en que a vivenda é pensada e regulada. Non é suficiente, aínda que si desexable no estado actual das cousas, aumentar o número de vivenda asequible, mais é imprescindible un enfoque innovador que mude o sistema de prioridades que configura os modelos de vivenda que hoxe habitamos.

La cantidad de viviendas necesarias no depende solamente de las variables clásicas del movimiento demográfico, vegetativo y migratorio, sino que la variación se ve influida de forma considerable por los cambios endógenos en la estructura de los hogares. Ya no es posible hacer proyecciones de las necesidades de vivienda —es decir, de nuevas casas— de manera lineal, solo considerando que se hacen y se deshacen nuevos hogares fruto de la evolución demográfica y del modelo inamovible (Montaner, Muxí, Falagan, 2011, p.21)

Neste contexto, as tendencias actuais en vivenda amosan unha complexidade sen precedentes. En base ao traballo de Josep María Montaner, Zaida Muxí e David Falagan (2011), "Ferramentas para habitar o presente", ampliáanse e adaptaciónse algunhas cuestións a considerar para comprender estas características nun contexto coma o galego. A autonomía crecente das persoas maiores e o aumento das convivencias provisionais ilustran como as necesidades habitacionais se afastan dos modelos tradicionais, mentres a multiculturalidade e as novas formas de tenza desafían as normativas vixentes. Así, os rasgos que definirían as predisposicións actuais na vivenda galega serían os seguintes:

- A proporción de fogares unipersoais aumenta.
- As necesidades de vivenda aumentan a pesar de que a poboación se estanca xa que o tamaño medio dos fogares é menor.
- A autonomía das persoas maiores aumenta e favorece que residan no seu propio domicilio máis tempo.
- A xuventude emancípase a maiores idades e con formas de convivencia distintas.
- As composicións convivenciais son máis variables no tempo e na súa tipoloxía.
- Aumentou o número de convivencias provisionais e temporais.
- Complezápanse os programas da vivenda, desde vivendas dormitorio até vivendas-oficina ou multifamiliares.
- Incremento da competitividade entre os usos especulativos e habitacionais da vivenda, con serias influencias na redacción de políticas públicas e nas actuacións en materia de vivenda.
- Amplíanse as iniciativas de autoconstrución colectiva que deben recollerse na lexislación sobre vivenda.
- Consólidanse outras formas de tenza na vivenda: cesión de uso, tenzas intermedias, compartidas e temporais.
- A multiculturalidade incorpora novos modelos de vivenda que poden convivir ou non nun mesmo edificio.
- As necesidades de almacenamento son maiores que no pasado e non cabe esperar que se resolva na súa totalidade na vivenda senón que aparecen espazos de almacenamento comunitarios ou noutras zonas dos edificios.
- A participación nas diversas fases de deseño das políticas territoriais e de vivenda é percibida cada vez como algo esencial e imprescindible.

As políticas de vivenda vixentes non se adecúan a estas cualidades nin ás necesidades presentes de vivenda; non só desde un punto de vista cuantitativo e de dotación, tamén desde unha perspectiva integral de adecuación dos estándares que definen a vivenda normalizada e dos modelos promovidos tanto desde a oferta pública como desde a privada. Ante esta realidade, o presente artigo busca estruturar estas transformacións en catro claves esenciais para o deseño e a mellora das políticas de vivenda cara modelos máis inclusivos, adaptados e sostibles:

- Reducir a distancia entre as problemáticas e as ferramentas.
- Valorar as posibilidades que ofrece a vivenda baleira.
- Adaptar a oferta de vivenda á diversidade convivencial das persoas e ás necesidades da vida cotiá.
- Mobilizar recursos para a infravivenda .


Por outra banda, debemos ter en conta que os ecosistemas urbanos dos municipios perimetrais ás principais cidades galegas sosteñen unha dinámica de perda de poboación durante o día que ronda o 10%. Ames é o concello galego que máis poboación perde durante o día, con aproximadamente 3.000 persoas que diariamente se desprazan a Compostela ou a outros lugares por motivos laborais (INE, 2021). Así, as rúas, servizos, dinámicas barriais e comercio local vense influídas por este tipo de mobilidades, polo que será imprescindible promover estudos de mobilidade cotiá e elaborar estratexias que incorporen tamén estas variables.

2. Reducir a distancia entre as problemáticas e as ferramentas

A pesar da consolidación do estado de benestar e do recoñecemento da vivenda como dereito constitucional, a provisión dun hábitat adecuado recae, en primeira instancia, na rede de apoio da unidade familiar. O aparentemente amplo repertorio de instrumentos de apoio para o acceso a unha vivenda adecuada contrasta coas cifras de persoas en exclusión residencial, así como coas percepcións sobre o grado de satisfacción co fogar e sobre a seguridade de tenza da poboación en xeral. Existe, entón, unha grande distancia entre as problemáticas habitacionais e as ferramentas para abordalas.

Tal e como reflicte o gráfico seguinte, a construción de vivenda protexida en Galicia tivo varios momentos de minoración desde os anos noventa, máis foi a partir de 2008, coa crise económica e inmobiliaria, que o seu declive se tornou crónico até case desaparecer por completo, malia as promesas de carácter electoralista que se repiten en cada convocatoria.

Figura 1. Evolución da vivenda protexida en Galicia



Fonte. Elaborado por EAPN a partir do IGE

Se a finais dos anos noventa se construían máis de 5.000 vivendas protexidas en Galicia, no ano 2011 as cifras situábanse en 1.717 vivendas e caían bruscamente a 660 no 2012. Sete anos despois do chamado estalido da burbulla inmobiliaria, en 2015, segundo os datos do Instituto Galego de Estadística (IGE) e o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), só se construíron 2 vivendas con algún tipo de protección. Nos anos seguintes os cálculos continuaron a ser un goteo de pequenas cifras que ilustra o total abandono das políticas públicas de vivenda protexida por parte das administracións públicas en todas as escalas de goberno.

Cabe lembrar que na primeira metade da década dos anos oitenta, e a pesar da recesión económica que se vivía, a proporción entre vivenda protexida e vivenda libre era aínda do 50%, e en 1995, tras unha breve recuperación dos mercados, a produción de vivenda pública chegaba ao 86% do total (Trilla y Bosch, 2018). O investimento en vivenda pública quebrou definitivamente a partir da expansión especulativa do período 1997-2007 e, como amosan os datos, actualmente a promoción pública representa menos do 2% do total. A media estatal sitúase no 2,5%, máis de seis puntos porcentuais por debaixo da media na Unión Europea.

Segundo o Boletín Especial de Vivenda Social en España de 2019, só 9.209 das 1.089.700 vivendas principais en Galicia son de titularidade pública autonómica, un 0,84%. Entre estas, 3.534 están en réxime de arrendamento, é dicir que só o 0,32% do parque de vivenda está destinado ao alugueiro protexido. A realidade máis actualizada non varía moito destes datos: o último Censo de

Poboación e Vivenda de 2021 e as últimas informacións aportadas polo IGVS¹, sitúan en 0,35% sobre o total de vivendas principais a porcentaxe de vivenda social en réxime de arrendamento para 2024; tres veces menos que a media estatal e 30 veces menos que a media europea (EAPN, 2024).

A disfuncionalidade da política pública de vivenda maniféstase tamén en que o 67,4% das persoas inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Galicia buscan acceder a unha vivenda en réxime de alugueiro, dato que se incrementaría até o 89,7% se consideramos ás persoas que optan por un alugueiro con opción a compra (EAPN, 2024).

Alén da escasa promoción de vivenda pública, a propia política pública de vivenda, tal e como sinala Carmen Trilla (2004), é tamén produtora de exclusión residencial, a pesar de que na súa redacción apelan a un acceso universal. O proceso de adxudicación non se realiza en relación á urxencia habitacional das solicitudes, senón por sorteo, o que supón unha aleatoriedade que non resolve as necesidades reais da poboación. Os requisitos e baremos utilizados, e as esixencias burocráticas e de ingresos mínimos para acceder ao rexistro de demandantes son, na práctica, ferramentas para excluír a colectivos que deberían ser prioritarios. A vivenda pública non está dirixida a dar acceso á vivenda ás persoas máis precarias ou vulnerables, senón que establece como requisito ter certa capacidade de pago (Trilla, 2004).

Para a adxudicación de vivendas de protección oficial de promoción pública promovidas polo IGVS, establécense uns requisitos de renda anual que varían entre 0,7, 2,5 e 5,5 veces o IPREM², segundo se trate de vivendas destinadas a alugueiro, á venda ou vivendas situadas en núcleos rurais ou barrios históricos. Isto significa que as persoas cuns ingresos de 420€ (0,7 veces o IPREM) poden solicitar unha vivenda protexida e acceder á súa adxudicación nun sorteo con persoas con ingresos de 1.500€ ou 3.300€ mensuais.

Para as persoas solicitantes de vivendas en aluguer incorporadas ao programa Aluga fíxase tamén unha renda mínima de 0,7 veces o IPREM, agás cando a solicitude proceda de colectivos específicos (mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas dependentes ou con discapacidade e familias dependentes, persoas beneficiarias da Risga ou de pensións). En xeral, as axudas ao alugueiro

¹ O número de vivendas de titularidade pública en Galicia destinadas para aluguer é de 3.819 e 7.538 para venda. https://www.eldiario.es/galicia/xunta-oculta-datos-vivienda-emergencia-social-pese-advertencias-valedora-do-pobo_1_11368627.html

² O IPREM para o ano 2024 queda establecido en 600 € mensuais, 7.200 € anuais en 12 pagas ou 8.400 € en 14 pagas. Fonte: <http://www.iprem.com.es/>.

existentes para Galicia³ contemplan un importe máximo da renda mensual de alugamento de 600€ para as sete cidades principais galegas (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) e de 550€ para concellos como Ames.

O prezo medio para aluguer en Santiago de Compostela está en 9,4€/m², representando para un piso duns 75m² unha renda media de 705€ mensuais. Para o caso do concello de Ames, que acusa un incremento do 65% dos prezos de alugueiro desde 2011, o prezo medio actual sitúase en 8€/m², o que supón unha media de 600€ mensuais. Isto implica que a maioría dos pisos dispoñibles para alugueiro non entran nos requisitos establecidos por estas axudas.

hai moitas familias asfixiadas que carecen da posibilidade de acceder a unha vivenda pública, a unha vivenda financiada por una hipoteca ou a unha vivenda en alugueiro dado o carácter abusivo do seu prezo. A estas persoas, que alternativa lles queda? (Valedor do pobo, 2018).

Segundo o informe anual do Banco de España de 2023, máis do 35% dos fogares que viven nas principais cidades galegas dedica máis do 40% dos seus ingresos ao alugueiro da súa vivenda. Nas cidades e núcleos situados nas periferias das áreas urbanas a taxa de esforzo sitúase no 30,7% (EAPN, 2024)

Outra cuestión a rectificar e considerar nas políticas públicas é a interculturalidade. Nalgúns casos como o *Programa de ayuda al alquiler de vivienda en la Comunidad Autónoma de Galicia*, inclúese como requisito excluínte posuír a nacionalidade española ou dalgún dos Estados membros da Unión Europea. Este tipo de condicións, alén de limitar o alcance das políticas públicas, perpetúa as desigualdades estruturais e as discriminacións que vive a poboación de orixe estranxeira.

A poboación nacida no estranxeiro en Galicia é do 10,4% (IGE, 2023) e a que ten nacionalidade estranxeira representa un 3% da poboación galega. Concretamente, o concello de Ames ten un 13,71% (IGE, 2023) de poboación nacida no estranxeiro e un 6% de poboación con nacionalidade estranxeira, maioritariamente de América central e América do Sur, unha proporción o suficientemente significativa para que teña impacto no deseño das políticas públicas en xeral e nas de vivenda especificamente.

Por último, e dacordo coa análise de Carmen Trilla (2018), os grandes problemas da situación da vivenda pública no estado español teñen moito que ver coa pouca capacidade de mantemento do parque público existente, xa que

³ <https://igvs.xunta.gal/areas/vivenda/aluguer/bono-de-alugueiro-social>

⁴ Segundo os datos de <https://www.idealista.com/sala-de-prensa/informes-precio-vivienda/alquiler/galicia/a-coruna-provincia/ames/>

todas estas construcións teñen mecanismos de liberalización por prazos i excepcionalidades que acusan unha alta discrecionalidade. Así, o patrimonio de vivenda público non é estable nin ten a capacidade de responder ante recesións e crises estruturais. A práctica totalidade das vivendas protexidas construídas nos anos 80 e 90 estaba privatizada cando se paralizaron as políticas de vivenda en 2011. Se as vivendas protexidas se someteran a un sistema de longa duración das súas calificacións, hoxe gozaríamos dun parque protexido de cerca de 7.000.000 de unidades —case o 40% do parque actual de vivendas principais— (Trilla e Bosch, 2018).

Non obstante, a dinámica é outra, con soados casos da praxe oposta: a venda de vivenda pública a fondos privados especulativos, como por exemplo a venda por parte da Empresa Municipal de Vivenda e o Instituto da Vivenda de Madrid dunhas 4.700 vivendas sociais ao fondo *voitre Fidere* e á xestora *Azora Gestión*; vivendas que estaban habitadas e cuxos residentes afrontan agora subidas de alugueiros e novas cotas e obrigas tributarias coa única alternativa do desafiuzamento.

3. Valorar as posibilidades que ofrece a vivenda baleira

A vivenda baleira, especialmente nos municipios periféricos ás sete cidades principais, pode representar un recurso de grande potencial para mellorar as posibilidades de acceso a unha vivenda asequible se dedicamos recursos a estudar o seu estado e viabilidade. Até o momento, a vivenda baleira en Galicia representa unha oportunidade desatendida e pouco investigada. É necesario avaliar as políticas públicas probadas até agora neste eido concreto para comprender que cuestións están limitando o seu impacto e mellorar as medidas para mobilizar e coñecer o potencial real deste parque residencial chave.

Para estimar a cifra de vivenda baleira emprégase como indicador o consumo eléctrico durante o ano 2020. Mediante esta metodoloxía enténdese que unha vivenda deshabitada ou baleira será aquela que non posúe ningún contrato de subministro eléctrico ou ben aquelas cuxo consumo anual rexistrado foi “menor ao dunha vivenda no mesmo municipio si se ocupara durante 15 días en todo o ano” (INE, 2021). Estes cálculos indican que existirían unhas 506.703 vivendas baleiras en Galicia, sendo a comunidade autónoma con maior proporción sobre o total, un 28,8% e case duplicando a media estatal. No municipio de Ames aparece un total de 2.438 vivendas baleiras, representando un 14,6% do parque residencial total.

Sabemos que a meirande parte destas vivendas atópanse nas contornas rurais, especialmente na provincia de Ourense cun 43,7% (INE, 2021). O importante deste dato cuantitativo é investigar o estado de habitabilidade e a situación concreta da propiedade destas vivendas, que tamén teñen titularidades públicas

en moitos casos. Non obstante, faltan estudos que pormenoricen estes datos e analicen as posibilidades reais que ofrecen estas vivendas e que nos permitan calcular o tipo de investimento e procedemento que se precisa en cada caso. Só así estaremos en disposición de promover ferramentas que activen este parque residencial para poñelo ao servizo das persoas que o precisen. Até agora, as medidas deseñadas para mobilizar todo este parque residencial non acadaron moito impacto.

Neste sentido destacan as medidas postas en marcha polo concello de Ames que, a partir dun convenio entre IGVS e FEGAMP, acordou a cesión de 68 vivendas baleiras propiedade dunha entidade bancaria⁵ para destinalas a alugueiro social a unidades de convivencia con recursos económicos limitados ou en situacións de vulnerabilidade. As persoas beneficiadas acceden a contratos dun ano que inclúen unha prórroga obrigatoria de ata sete anos como máximo, con prezos entre os 207 e 285 euros. Segundo as informacións de mediados de novembro de 2024, xa foron adxudicadas 32 vivendas e 14 están á espera de resolver cuestións relativas ao catastro.

4. Adaptar a oferta de vivenda á diversidade convivencial das persoas e ás necesidades da vida cotiá

No ano 2023, Ames foi o único concello galego cun saldo vexetativo positivo. Nas últimas décadas destacou por ser un concello sempre en crecemento poboacional que, desde principios dos anos noventa, triplicou a súa poboación. Trátase cun concello bastante xove, tendo en conta que en torno ao 62% da poboación é menor de 50 anos. Este dato era aínda máis significativo en 2011 cando os habitantes menores de 50 anos representaban máis do 75% da poboación amesá. Tal e como ten identificado a administración local do municipio, nos últimos anos vense detectando unha perda do interese da poboación xove por escoller Ames para establecerse. Entre outras posibles problemáticas, a carencia dunha oferta de vivenda asequible e adaptada as necesidades concretas dos diversos grupos de poboación poderían ter un papel relevante neste feito. Unha política de vivenda eficaz ten que permitir a cada municipio adaptar a oferta de vivenda ás persoas usuarias potenciais: familias monoparentais, persoas que viven soas ou comparten vivenda con outras persoas do seu círculo social ou laboral, familias xóvenes con crianzas pequenas e adolescentes, etc.


As vivendas deseñadas tanto desde o mercado libre como desde as políticas públicas continúan fundamentándose nos criterios e os parámetros sustentados

⁵ <https://www.elcorreogallego.es/concellos/2024/11/11/avanza-convenio-levantar-100-pisos-protexidos-milladoiro-ames-vivienda-111571772.html>

pola tradición da familia nuclear heteronormativa con descendencia. Modelos residenciais “sagrada familia” (Rodríguez Villasante et al., 1989) pensados con 3 dormitorios claramente diferenciados, dous cuartos de baño, salón e unha cociña separada das estancias e situada normalmente cara as traseiras, coas chamadas “estancias de servizo”. No máis alto da xerarquía espacial atopamos o salón como espazo de representación familiar e recepción de visitas e o dormitorio principal aínda chamado “de matrimonio”. Estes deseños de vivenda estandarizados e institucionalizados relegan todos aqueles espazos domésticos asociados ao traballo de coidados a localizacións secundarias, de menor tamaño e confort. A vivenda non é so un espazo de descanso, tamén é un espazo de traballo para unha grande parte da poboación. Moitas veces traballo non remunerado, pero tamén forma parte dos contextos de traballo asalariado e teñen que reunir unha serie de condicións mínimas para que este teña lugar.

Por outra banda, segundo o último estudio de “proxección de fogares” publicado en 2022 polo INE, o tamaño medio dun fogar en Galicia era de 2,41 persoas e estimaba un descenso continuo para 2037 cando o fogar medio sería de 2,26 persoas. A tendencia é que os fogares habitados por unha ou dúas persoas sexan o máis habitual e, incluso, que para 2037 unha de cada tres persoas viva soa en Galicia (INE 2021). Para a comarca de Santiago de Compostela, vemos a seguinte composición dos fogares nos sete concellos que a conforman:

Figura 2. Composición dos fogares na comarca de Santiago



Fonte. Elaboración propia a partir dos datos do INE, 2021.

A situación no municipio de Ames é que preto do 75% dos fogares está composto por non máis de 3 persoas. Os fogares compostos por 4 ou máis persoas representan en torno ao 25% do total e os de 1 ou 2 persoas supoñen o 50% dos fogares amesás. Unha propensión similar á que atopamos na cidade de Santiago de Compostela onde un 57% dos fogares está habitado por 1 ou 2 persoas e en torno ao 78% por unidades convivenciais de ata só 3 persoas.

Isto ten implicacións directas na política de vivenda que debe impulsar unha revisión completa dos estándares de vivenda e os modelos que promove. Vemos como o citado modelo “sagrada familia” non se axusta ás necesidades habitacionais da maioría da poboación, que pode cohabitar con ou sen relación familiar (polo que a xerarquía entre os dormitorios resulta problemática) e que, en xeral, non precisa dispor de 3 ou 4 dormitorios. Outras necesidades espaciais poden aparecer no canto do número de dormitorios, xa que cada vez máis poboación traballa desde o fogar.

5. Incorporar a perspectiva de xénero ás políticas públicas de vivenda e solo

Nos últimos anos véñense incorporando con cada vez mais forza traballos de planificación urbana e de vivenda que incorporan a perspectiva de xénero no seu deseño. É importante non perder de vista que a perspectiva de xénero non se limita a atender as experiencias e necesidades das mulleres na cidade e a vivenda. Implican unha análise crítica das relacións de poder e desigualdades estruturais para construír cidades máis xustas, equitativas, sostibles e inclusivas que respondan ás realidades das persoas que as habitan, independentemente da orixe, idade, xénero e identidade sexual, diversidade funcional, clase social, etc.

A premisa fundamental destas propostas é colocar a vida cotiá no centro das decisións urbanas e promover novas formas de pensar e habitar a cidade baseadas na xustiza espacial, a sostenibilidade da vida e o respecto á diversidade. É dicir: transformar os espazos que habitamos para facilitar a conciliación e a corresponsabilidade dos coidados e os traballos de reprodución social, promover o uso pleno de todos os grupos de poboación de maneira interxeracional e intercultural, fomentando a cohesión social, a participación e as redes de apoio mutuo; buscar unha participación activa de toda a comunidade nos procesos de planificación e deseño urbano que fortaleza a cidadanía activa e incorpore as voces e experiencias de todos os colectivos sociais, con especial énfase en achegar aqueles que foron historicamente excluídos da toma de decisións.

As políticas de vivenda non poden deseñarse de forma illada senón que deben integrarse nas estratexias urbanas amplas e imbricarse no resto de políticas públicas, pensando sempre de forma interescalar a partir da continuidade corpo-casa-rúa-barrio-cidade. Neste paradigma a cidade enténdese como un ecosistema interconectado que dispón as infraestruturas para conectarse con outros territorios e para a súa funcionalidade interior. A rede cotiá materialízase nos barrios como espazo de referencia para as actividades diarias, onde debemos atopar os servizos básicos como escolas, centros de saúde, espazos verdes e comercios, formando unha rede de proximidade que permita resolver estas actividades a pe ou en transporte público, que serán prioritarios. As rúas non

deben concibirse unicamente como espazos de tránsito senón como lugar de encontro, socialización, xogo e como escenarios para esa rede cotiá.

A casa, como punto de partida da experiencia urbana, debe asegurar que a vivenda sexa un espazo seguro, digno, accesible e adaptable ás necesidades cambiantes das persoas que a habitan. Os decretos de habitabilidade definen as condicións que un espazo debe reunir para permitir ás persoas desenvolver un proxecto de vida (Novella, 2021). Esta concepción da habitabilidade comprende a natureza cambiante e diversa das vidas humanas que precisarán que a vivenda, como espazo onde transcorren as nosas vidas, sexa capaz de adaptarse e responder ás súas necesidades en todas as etapas vitais, de responder tamén a novos estilos de vida e a diversidade de modelos de convivencia.

As decisións que se toman en cada unha destas escalas impactan na vida cotiá de todas as persoas e teñen un impacto específico e incrementado nos colectivos vulnerabilizados e marxinalizados. A perspectiva de xénero aporta unha base ampla, propositiva e diversa para repensar o deseño da vivenda. Non obstante, a amplitude deste enfoque e a extensa bibliografía existente superan os obxectivos e o alcance deste artigo, que se centra en conectar unha selección de cuestións clave particularmente relevantes para a política de vivenda no contexto galego. As estratexias chave que se presentan a continuación representan compoñentes fundamentais que, sen pretender ser exhaustivos ou exclusivos, permiten ilustrar como incorporar a perspectiva de xénero nas políticas de vivenda contribúe a dar unha resposta máis eficaz e adecuada ás necesidades dos fogares galegos:

Desxerarquización: o deseño dunha vivenda non debería xerar relacións de desigualdade ou discriminación entre os seus ocupantes. Isto implica a distribución e dimensionamento homoxéneo das estancias na medida do posible, evitando a disposición dos espazos destinados á cociña, aseo ou o ciclo de lavado da roupa en zonas non visibles, sen iluminación natural exterior ou ventilación cruzada. Máis ben ao contrario, deberían ser accesibles por todos os ocupantes da vivenda, facilitando o seu uso compartido e a integración co resto dos espazos. Dar visibilidade ás tarefas domésticas é un mecanismo de desxerarquización elemental. Unha casa organizada sen xerarquías potencia a vida común ou familiar, ao tempo que favorece a individualidade de cada membro do grupo.

Entendendo que o fogar é tamén un espazo de traballo, o deseño de estancias como a cociña ou o cuarto de baño debe permitir o seu uso simultáneo por máis de unha persoa, facilitando o coidado e o apoio cando resulta preciso. Por exemplo, no seu traballo de 2011 sobre a vivenda do século XXI, Zaida Muxí, David Falagan e Josep Montaner propoñen separar funcións e espazos de aseo e coidados en vez de dispor de dous baños completos para así facilitar

a multiplicidade de usos e evitar a xerarquía dunha das estancias. Ademais, a cociña debería recuperar o seu carácter social onde máis de unha persoa poda traballar ou facer uso dela, evitar distribucións que a ubican como un espazo de traballo segregado do resto das estancias de día. É preferible orientala cara aquelas fachadas que permitan o contacto visual cun espazo exterior activo, sexa un patio de mazá que teña usos regulares ou o espazo público.

Flexibilidade nos deseños: a vivenda é un espazo de convivencia e cohabitación no que as persoas que a habitan poden ou non ter algún vínculo familiar ou afectivo. Xa se mencionou a importancia de promover modelos alternativos de vivenda que se axusten as tendencias habitacionais vixentes. A flexibilidade é un criterio que xa foi posto en práctica nalgúns iniciativas de vivenda pública. Por exemplo o Frauen-Werk-Stad foi unha proposta pioneira de vivenda social desenvolvida en Viena nos anos 90; integraba moitas das cuestións aquí mencionadas ademais dun deseño flexible que agrupaba as instalacións de forma que se posibilitaba mudar facilmente a distribución. As habitacións proxectáronse cun tamaño similar eludindo as xerarquías entre unas e outras para poder ser utilizadas segundo múltiples usos e formas de convivencia. Outra das propostas neste sentido son as solucións construtivas de teito e solo continuos que permiten modificar as división interiores con obras mínimas.

Provisión de espazos comunitarios interiores e exteriores: nas vivendas colectivas, os espazos semi-exteriores funcionan como lugares intermedios de socialización, promovendo a interacción entre a veciñanza e fortalecendo o sentido de comunidade. Estes espazos poden albergar actividades compartidas, como zonas de xogo ou áreas de descanso (Col·lectiu Punt 6, 2019). Incluir estes espazos nos programas dos edificios complementa a propia dotación da vivenda, non todas as necesidades espaciais teñen por que estar cubertas no interior privado do fogar.

Na vivenda tradicional galega dispónse de espazos intermedios que se formalizan entre o público e o privado sen limitarse a ningunha destas categorías. Espazos asociados á vivenda onde se materializan numerosas actividades como as fronte de parcela ou as eiras. Lugares de usos mixtos que permiten diversidade de funcións e actividades tanto para os ocupantes da casa como para a veciñanza. Nos contextos máis urbanizados estes espazos intermedios son tamén os espazos de espera ou de acceso a edificios de vivenda colectiva e equipamentos ou servizos, que deben estar protexidos do clima e ben iluminados. Entre a rúa e a vivenda, estes espazos intermedios adquiren un rol esencial para esta transición; deben favorecer a permeabilidade visual nos accesos aos edificios, evitando recunchos escuros ou áreas con escasa visibilidade. A presenza de persoas en lugares como os

balcóns, patios ou zonas de uso indefinido contribúe á vixilancia informal do entorno, aumentando a seguridade do edificio e do barrio (Madariaga e Novella, 2021)

O deseño das fachadas e as aperturas dos edificios inciden notablemente na percepción de seguridade dos entornos residenciais. As recomendacións desde a perspectiva de xénero suxire evitar envolventes cunha reducida relación visual entre o entorno doméstico e o urbano. Por exemplo, intentar que a distribución das vivendas non xere fachadas onde recaian só pezas onde se realicen actividades de curta duración como os aseos ou locais de instalacións, senón espazos cuxo uso máis continuado permita ver o que acontece na rúa. Lograr unha boa relación entre o interior e o exterior da vivenda permite que a arquitectura residencial contribúa a xerar contextos seguros e vitais.

6. Mobilizar recursos para a infravivenda

A exclusión residencial é un fenómeno de larga tradición, arraigado no noso territorio. A segregación urbana é un máis dos produtos da desigualdade social que se materializa no territorio e nos tecidos urbanos que habitamos. O conxunto de prácticas territoriais que conducen á paisaxe urbana actual e as súas desigualdades son resultado de decisións económicas, políticas e sociais concretas que debemos recoñecer e ser capaces de analizar en toda a súa magnitude de cara a achegarnos ao dereito á cidade e ao hábitat digno para todas as persoas. Calquera núcleo urbano que teña no seu territorio algún tecido marxinalizado de infravivendas non ten só un problema social ou de pobreza cronificada, ten un problema urbano no que a xestión territorial ten que asumir compromisos e por coñecementos á disposición das áreas municipais tradicionalmente aludidas, como é servizos sociais, pero tamén a outras como urbanismo ou participación. Resulta imprescindible traballar de maneira interdisciplinaria entre as diferentes áreas de goberno.

O concepto de infravivenda inclúe toda aquela construción destinada a vivenda que non reúna as condicións mínimas de habitabilidade. Secasí, as infravivendas identificadas nos estudos realizados pola autora (2019, 2021) representan unha realidade máis complexa e multifactorial que a vulnerabilidade habitacional, aínda que esta sexa unha causa principal na exclusión social.

En 1991 elaborouse a primeira e única análise institucional sobre a infravivenda rural a nivel galego, co título: *A infravivenda rural en Galiza*, estudo promovido pola Consellería de Ordenación do territorio e obras públicas e o Instituto de Vivenda e Solo. Este estudo realizouse no marco de novas políticas de vivenda dirixidas a familias con ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional que habitan en vivendas sen as condicións mínimas pero non


podían acceder ás axudas para a rehabilitación de vivendas no rural, que esixían, como as mencionadas a día de hoxe, facer fronte a meirande parte do orzamento das actuacións. Neste traballo excluíronse as infravivendas ubicadas en asentamentos denominados chabolistas porque non se consideraba que a situación dunhas e outras familias residentes puidese integrarse na mesma tipoloxía de políticas públicas. Entre outros resultados estimouse que en Galicia existían máis de 11.000 infravivendas rurais. Case trinta anos despois, o informe *FOCUS Vulneración de derechos: Vivienda* elaborado pola Fundación FOESSA en 2019 sinala que en Galicia existen aproximadamente 47.000 fogares en situación de infravivenda e vulnerabilidade severa.

O estudo elaborado pola autora en 2019, financiado pola Deputación da Coruña, analizou a situación dos asentamentos segregados de infravivenda na provincia da Coruña. Neste estudo establecéronse as seguintes tipoloxías en termos de habitabilidade: chabolas ou elementos móbiles, vivenda precaria, vivenda carenciada e vivenda adecuada.

As dúas primeiras tipoloxías admiten diversos estadios intermedios de precariedade residencial que fan desta categorización un instrumento útil para elaborar a análise pero cuxo carácter mudábel fai que os límites entre o que se considera unha chabola ou unha vivenda precaria se fundamenten na imposibilidade da habitación en ser transformada nunha vivenda adecuada a través dunha serie de melloras construtivas ou dotacións. Nesta primeira categoría están elementos móbiles como caravanas, camións e furgonetas; construcións a base de materiais de refugallo, taboleiros e plásticos. Falamos de vivenda precaria cando se trata dunha construción con materiais deficitarios que é susceptible de se converter nunha vivenda mediante as obras necesarias.

Unha vivenda carenciada será aquela construída con materiais adecuados pero onde poden observarse carencias a nivel de salubridade, acondicionamento térmico, equipamentos ou no mantemento adecuado da súa envolvente. De non darse as intervencións necesarias a situación habitacional pode empeorar cara a unha infravivenda. Unha vivenda considerada adecuada pode precarizarse mediante situacións de sobreocupación, aínda reunindo unhas características xerais óptimas. Tamén pode deteriorarse no tempo se non se mantén adecuadamente xa sexa por desinterés ou por falta de medios. Noutros casos aínda que a construción reúna as mínimas características, está en situación de precariedade debido a certas carencias na súa situación xurídica ou urbanística. As políticas públicas de vivenda deberían dispoñer de ferramentas específicas para solventar estas casuísticas e protexer dunha deriva a infravivenda. No cadro seguinte sintetízanse os criterios definidos para cada unha destas categorías:

Táboa 1. Criterios para a identificación das categorías de infravivenda



Fonte. Elaboración propia

É habitual que os estudos sobre infravivenda e asentamentos precarios teñan un marcado carácter etnográfico sobre a poboación xitana. Isto débese a que esta é a poboación residente maioritaria nestes contextos, o que non significa que a poboación xitana resida maioritariamente en asentamentos precarios. É importante ter clara esta distinción para eludir os imaxinarios habituais e antixitanos sobre esta cuestión.

Galiza continúa presentando a maior proporción de poboación xitana residindo en contextos segregados de infravivenda en comparación co resto de comunidades autónomas. O informe publicado en 2007 co título: *O chabolismo en Galiza* e promovido pola Xunta de Galicia situaba a un 37,71% da poboación xitana galega habitando en infravivendas e un 11% en vivendas moi deterioradas. En 2015 Fundación Secretariado Gitano e Daleph en colaboración co Ministerio de Vivenda publicaron o *Estudio-Mapa sobre vivienda y población gitana*, que volve a confirmar a Galiza como coa maior incidencia de infravivenda entre a comunidade xitana, cun 29,54%. A pesar do positivo desta redución, a realidade cotiá dunha parte importante da poboación segue presentando moitos elementos da exclusión social e a precariedade. Actualmente case un 30% da poboación xitana galega non pode escoller con liberdade onde vivir.

O citado informe de 2007 identificaba 39 asentamentos precarios dos cales 14 estaban na provincia da Coruña. O seguinte informe a nivel autonómico (Botana, 2019 e 2021) identificou 25 conxuntos precarios na provincia de A Coruña e estudou a persistencia dos asentamentos identificados nos informes previos, verificando que dos 39 núcleos identificados en 2007, 33 continúan existindo sen apenas ter variado as súas condicións habitacionais e conxunturais, 2 foron rehabilitados (Maceda e Toucedo en Ourense), 2 foron trasladados de ubicación e só 2 desapareceron mediante as políticas públicas de erradicación do chabolismo (Botana, 2021). Na última investigación ao respecto elaborada na tese doutoral da autora, identifícanse un total de 61 asentamentos segregados de infravivenda en Galiza.

A maioría dos asentamentos precarios na provincia da Coruña atópanse en municipios de menos de 35.000 habitantes. Está claro que a conclusión manifestada xa no informe de 2007 ten total vixencia no momento actual: *parece evidente que existe unha desproporción entre a dimensión dos problemas e os recursos potenciais do territorio para acometelos*. (2007, p. 44). Esta é a situación do asentamento precario existente no municipio de Ames (Botana, 2019)

7. O caso de Castiñeiro do Lobo (Ames)

No Lugar de Castiñeiro do Lobo, existe un asentamento precario cunha antigüidade de máis de 30 anos que se foi colmatando estes últimos quince. A poboación residente son maioritariamente moinantes _moitos con familiares nos núcleos de Carballo_ e poboación xitana húngara que a súa vez ten lazos familiares cos residentes no Deán Pequeno, en Ribeira. Moitas das residentes de máis idade contan como se foron establecendo na zona, inicialmente en chabolas ou caravanas mentres ían construíndo as súas vivendas.

“eu vivín en todas partes, vivín nas chabolas de Vioño máis de dez anos, cando me casei. Despois en Santiago, vivín en Coristanco, en Negreira... Cando viñemos para aquí fai cerca de 20 anos tiña familia aquí, comprámoslle un terreno e vivimos nunha chabola aquí, ao lado da casa estaba, mentres facíamos a casa. Ibamos ós poucos, según podíamos. Axudáronnos albañiles e outra xente de por aquí, tardamos 3 ou 4 anos en terminala.” (residente no núcleo, entrevista realizada en marzo de 2019)

O informe de situación do chabolismo publicado no 2007 situaba neste asentamento a 192 persoas residentes en 20 chabolas. O Mapa de Vivenda (FSG) realizado para ese mesmo ano identifica 27 vivendas na zona, aínda que non todas serían infravivendas. O Mapa de 2015 non fai referencia explícita ao lugar de Castiñeiro do Lobo, pero si que identifica 20 vivendas na zona de Bertamiráns, no cadro seguinte indicase esta cifra cun asterisco precisamente debido a esta imprecisión.

Táboa 2. Datos, segundo os últimos estudos, de Unidades Convivenciais (UC), infravivendas (C) e poboación (P)

Ames	2007			2015			2019		
	UC	C	P	UC	C	P	UC	C	P
Castiñeiro do Lobo	20	20	192	-	20*	-	43*	30	105
TOTAL	20	20	192		20*		43*	30	150

Fonte: elaboración propia

Pode chamar a atención á diferenza entre o número de unidades convivenciais sinaladas na táboa de 2019, e o número de construción en situación de infravivenda. Ao igual que noutros contextos, existen diversas casuísticas onde residentes do núcleo precario que forman parte da contorna non se atopan en situación de infravivenda. Inclúese o dato total de residentes porque axuda a entender tanto as dimensión do núcleo como a disparidade dalgunhas das situacións.

Figura 3. Gráfico da situación en termos de habitabilidade no núcleo



Fonte. Elaboración propia

Desde o punto de vista urbanístico, existen catro vivendas que está situadas nun terreo de Solo Rústico de Protección Forestal. Alomenos unha delas estaba en proceso de regularización no momento da investigación realizada. O resto do núcleo está situado en sectores de Solo de núcleo rural disperso e Solo de núcleo rural tradicional.

As construcións identificadas como infravivendas teñen características similares ás descritas noutros casos incluídos no informe de 2019 (Botana, 2019) como Carballo ou Ribeira. En xeral, son construcións dunha altura realizadas con muros dunha folla de bloque de formigón ou ladrillo e cuberta de fibrocemento. Nalgúns casos dispúxose de illamento proxectado pola cara interior da cuberta que a miúdo está a vista, sen outra protección contra as temperaturas.

Sendo Ames un municipio de máis de 30.000 habitantes non ten a posibilidade de acceder ás convocatorias de axudas para infravivendas rurais da Xunta de Galiza (para concellos de menos de 10.000 habitantes). A capacidade

do concello para actuar sobre estas situacións é moi limitada, especialmente para promover actuacións de mellora nas vivendas. Alén das trabas que se poden atopar debido á non regularización de algunhas construcións, esta situación impide o acceso a outras axudas á rehabilitación, que en todo caso son pouco eficaces para situacións de gran precariedade debido á necesidade de estar en condicións de adiantar a meirande parte do custo das obras. Unha das vías nas que se apoian os axentes municipais é buscar a opción dun realoxamento nun piso de alugueiro subvencionado, pero esta opción non só resulta difícil de asumir para as persoas realoxadas senón tamén para o propio sistema de alugueiros, que está moi limitado á vivenda do mercado libre, de forma que os prexuízos, as esixencias e os prezos deixan fóra a toda a poboación marxinalizada ou precarizada. Un dos aspectos máis curiosos deste núcleo precario é que por aquí pasa o camiño de Santiago. A ruta do camiño real cara Fisterra teñen o seu trazado por esta zona de Augapesada e Mar de Ovellas. Alén do chamativo da cuestión, pode supor unha oportunidade de cara ao acceso aos préstamos para a rehabilitación de construcións situadas no camiño de Santiago. A barreira sería, novamente, que as persoas residentes nas infravivendas teñen poucas capacidades para asumir préstamos de este tipo, aínda que a través de estas axudas se concedan préstamos cualificados e a subsidiación dos xuros.

8. A modo de conclusión

As políticas de vivenda son unha ferramenta chave para abordar os desafíos habitacionais e territoriais contemporáneos, pero a súa eficacia require unha abordaxe integral que considere as complexas interseccións entre os diversos factores sociais, económicos e espaciais. Este texto propón catro claves fundamentais para unha política de vivenda máis inclusiva e adaptada ás necesidades reais das persoas, en definitiva, para acurtar a distancia entre os problemas e as ferramentas políticas.

En primeiro lugar, mellorar a formulación e a dotación das políticas públicas implica abordar non só a provisión de vivenda, tamén garantir que as normativas e os instrumentos estean en sintonía coas transformacións sociodemográficas. Resulta fundamental promover mecanismos máis flexibles que respondan á diversidade dos fogares. En segundo lugar, é esencial valorar e reactivar o parque de vivenda baleira como recurso con gran potencial para ampliar a oferta de vivendas asequibles, especialmente nos municipios periféricos. A mobilización efectiva deste parque require un coñecemento detallado do seu estado, a revisión de barreiras legais e administrativas, e a implementación de incentivos para a súa disposición á poboación.

Por outra banda, e como cuestión transversal: a integración da perspectiva de xénero en todas as escalas e políticas públicas desde o fogar até a escala

territorial. Este enfoque prioriza a xustiza social, a corresponsabilidade nos traballos de reprodución social e a adaptación dos espazos ás necesidades das persoas ao longo das diferentes etapas da vida.

Finalmente, mellorar e ampliar a atención á infravivenda é unha acción imprescindible para reducir as desigualdades sociais existentes no territorio galego e para garantir un hábitat digno para todas as persoas. Isto require de estratexias interdisciplinares que involucren diversas áreas de goberno, facilitando os mecanismos de regularización e mellora da vivenda ou, nalgúns casos, promovendo solución alternativas desde un enfoque de dereitos.

Relacionar estas catro dimensións permite ampliar os enfoques tradicionais que se centran exclusivamente na provisión cuantitativa de vivendas. A integración destes elementos resalta a necesidade de que as políticas de vivenda se conciban como parte dun ecosistema máis amplo, interconectado coas políticas urbanas, sociais e económicas, permitindo unha resposta interescalar e multidimensional aos retos do hábitat contemporáneo.

Para que as políticas de vivenda teñan un impacto verdadeiro no dereito á vivenda adecuada de todas as persoas resulta imprescindible superar as dinámicas obstaculizantes das administracións públicas (Goberno central, Xunta de Galicia, Deputacións e Concellos) e as disputas competenciais que eluden a responsabilidade compartida de garantir o acceso á vivenda asequible e adecuada. Traballar de maneira colaborativa entre as diversas escalas de goberno tamén facilita a xestión e deseño dos programas de vivenda e posibilita aproveitar as oportunidades dos Fondos Europeos, en especial o Fondo Social Europeo (FSE) e os Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Por último, ampliar o espazo da participación cidadá no deseño das políticas públicas así como ás entidades do terceiro sector pode mellorar os programas de inclusión residencial, aportar diagnósticos máis achegados ás realidades diversas das persoas e facilitar procesos de xestión da vivenda pública.

A vivenda non é só un espazo físico, senón tamén un lugar de convivencia, coidado e interacción social, que debe reflectir a diversidade convivencial, as transformacións sociais, e as demandas cotiás da vida das persoas. Esta visión, sustentada na perspectiva de xénero e na xustiza socioespacial, non só contribúe a mellorar o acceso á vivenda tamén nos impulsa para construír cidades e territorios máis equitativos e comunidades máis articuladas e inclusivas.

Bibliografía

- Amoroso, Serafina (2017). De género y espacios (contenedores): hacia una deconstrucción de lo doméstico. *Asparkía. Investigación Feminista*, (31), 113–130.
- Botana, Cristina (2019) Estudo dos asentamentos precarios na provincia da Coruña. Análise de situación. Deputación da Coruña.
- Botana, Cristina (2021) Los asentamientos precarios en Galicia desde los conjuntos autoconstruidos hasta la infravivienda producción institucional como expresiones del urbanismo segregativo. Tesis doctoral, Universidade da Coruña. Handle: <http://hdl.handle.net/2183/28518>
- EAPN Galiza. Rede Europea contra a pobreza (2024) Asegurando o dereito a unha vivenda digna axeitada e accesible. VIII Informe de situación. Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.
- Fundación Secretariado Gitano (2016) *Mapa sobre vivienda y comunidad gitana en España, 2015*. Madrid: Fundación Secretariado General Gitano. En: <http://www.gitanos.org/publicaciones/mapavivienda/archivos/mapa01.pdf>.
- Instituto Galego de Vivenda e Solo, IGVS. (2019) *O esforzo do acceso á vivenda. Comparativa do alugueiro e hipotecas cos ingresos dos fogares*.
- Instituto Galego de Vivenda e Solo, IGVS. (2018) *O alugueiro residencial en Galicia. 2018. Observatorio de Vivenda de Galicia*.
- Montaner, Josep M^a, Muxí, Zaida e Falágan, David (2011) Herramientas para habitar el presente. La vivienda del siglo XXI. Barcelona: Actar
- Muxí Martínez, Zaida (2010) «Revisar y repensar el habitar contemporáneo», *Revista Iberoamericana de Urbanismo*, 1 marzo 2010, N° 3, pp. 4-9.
- Novella Abril, Inés (2021) “El género en el Proyecto de Decreto de Habitabilidad y Normas de Diseño de Vivienda del País Vasco”, en VV. AA: Género y Vivienda. Valencia: Instituto Valenciano de la Edificación.
- Observatorio de vivenda e solo (2019) *Boletín Especial alugueiro residencial 2019*. Ministerio de Fomento, Dirección Xeral de Arquitectura, Vivenda e Solo. Publicado en setembro de 2019
- Rodríguez Villasante, Tomás; Alguacil, Julio; Denche, Concha; Hernández, Agustín; León, Concha y Velázquez, Isabela (1989) *Retrato de chabolista*

con piso. Análisis de redes sociales en la remodelación de barrios de Madrid. Madrid: Alfoz.

Sánchez de Madariaga, Inés; Novella Abril Inés (2021) *Proyectar los espacios de la vida cotidiana. Criterios de género para el diseño y contratación pública de vivienda.* Vicepresidencia Segunda y Conselleria de Vivienda y Arquitectura Bioclimática. Generalitat Valenciana

Sánchez de Madariaga, Inés (2009) Vivienda, movilidad y urbanismo para la igualdad en la diversidad: ciudades, género y dependencia, en *Vivienda Social Ahora, Ciudad y Territorio*, XLI (161-162), pp. 581-598. <https://recyt.fecyt.es/index.php/CyTET/article/view/75953>

Trilla Bellart, Carmen, Bosch Meda, Jordi (2018) *El parque público y protegido de viviendas en España: un análisis desde el contexto europeo.* Fundación Alternativas.

Xunta de Galicia (2007) *O chabolismo en Galiza. Informe de situación.* Consellería de Vivenda e Solo, Fundación Secretariado Xitano

Problemas e desafios da habitação e a nova política habitacional: uma abordagem a partir de Portugal

Fátima Matos
Universidade do Porto

1. Introdução

O mote que nos foi lançado para este capítulo, foi abordarmos a questão da habitação, no âmbito do Objetivo de Desenvolvimento Sustentável 11 (Cidades e Comunidades Sustentáveis) da Agenda 2030, das Nações Unidas. Tendo em conta o ODS 11, iremos abordar quais os problemas e desafios que se colocam atualmente ao direito à habitação, num contexto de mudanças significativas no acesso à mesma, e qual o papel dos municípios numa nova política habitacional, capaz de dar respostas à nova conjuntura do mercado habitacional. Esta abordagem, incidirá na experiência de Portugal.

O acesso a uma habitação condigna é um direito fundamental dos indivíduos, sendo essencial para o crescimento económico dos países e para a qualidade de vida dos cidadãos. O direito à habitação associa-se ao direito à cidade e às funções urbanas, seguindo o conteúdo da Agenda 2030 (objetivo 11 Cidades e Comunidades Sustentáveis), ou seja, até 2030, os países devem garantir que todos os cidadãos tenham acesso a habitação acessível, com condições de habitabilidades adequadas, integrada no tecido urbano, com boa acessibilidade a infraestruturas e equipamentos básicos. Defendendo, igualmente, a necessidade de promover uma urbanização mais inclusiva e sustentável (United Nations, 2015). Em 2016, a “Nova Agenda Urbana”, apresentada na Conferência da ONU Habitat III, renova o compromisso político com uma habitação condigna e o desenvolvimento urbano sustentável. Na prática, vem reafirmar a centralidade da habitação na urbanização preconizada pelas Nações Unidas, realçando a importância da acessibilidade, da disponibilidade de serviços e da localização da habitação. A resolução de situações de discriminação no acesso à habitação ou de proteção de pessoas vulneráveis encontram-se, igualmente, entre os temas principais (United Nations, 2016). Estes dois documentos, refletem, transversalmente, uma preocupação com a habitação digna e adequada e com as carências habitacionais evidenciadas pela inacessibilidade da habitação, inexistência de serviços básicos e má localização. Como referem David Madden e Peter Marcuse (2016), “People do not only lives in homes. They live in neighborhoods and communities. They occupy buildings but also locations in a

social fabric. A radical right to housing must affirm and protect this web of relations. It must propose new links between housing and other domains” (p.198).

Nas últimas décadas, a habitação esteve afastada das preocupações centrais das agendas políticas da maioria dos países europeus, incluindo Portugal. No entanto, nos últimos anos a habitação está novamente de regresso ao debate público e académico, e à agenda política. Além dos documentos referidos acima, existe um conjunto de documentos que refletem a preocupação crescente com os problemas da habitação, nomeadamente a nível Europeu. Em 2016, foi apresentada a Agenda Urbana para a União Europeia, onde a habitação é assinalada como um dos vetores de intervenção prioritários. Já no ano de 2017, a Comissão Europeia emite a Recomendação (UE) 2017/761 sobre o Pilar Europeu dos Direitos Sociais. O 19º Pilar dirige-se à habitação e à assistência para os sem-abrigo, tendo em vista garantir “às pessoas necessitadas o acesso à habitação (através da habitação social ou de um apoio financeiro à habitação); às pessoas vulneráveis, em caso de despejo, o direito à assistência e à proteção adequadas; aos sem-abrigo alojamento e serviços que promovam a sua inclusão social” (Comissão Europeia, p. 21).

No ano de 2017, a Comissão Europeia aprova o Parecer do Comité das Regiões Europeu - Rumo a uma Agenda Europeia para a Habitação - onde reforça, uma vez mais, que a “UE não tem competências explícitas em matéria de política de habitação e, por isso, o princípio da subsidiariedade deve ser respeitado na interação entre as políticas de habitação a nível local, regional e nacional e as políticas europeias” (p. 4). Este documento, apela à construção de uma Agenda Europeia da Habitação, à necessidade de uma melhor articulação entre as diversas políticas da UE (política regional, agenda urbana, concorrência, energia, política social, etc.) e as políticas de habitação dos Estados-Membros, além de uma nova política de coesão que tenha em conta a questão da habitação (Comité das Regiões Europeu, 2017).

Em 2018, “The Housing Partnership Action Plan” da União Europeia (UE), visa contribuir para a criação de melhores condições jurídicas e financeiras para as cidades da UE que precisam investir em habitações novas, reabilitadas e acessíveis para suas populações em larga escala. Mais especificamente, o foco da Parceria está em atender às necessidades de habitação por meio de legislação, conhecimento e financiamento, além de ajudar na oferta de habitação acessível, incluindo habitação pública, social e municipal, cooperativa, própria e/ou arrendada.

O Documento “The Future of Cities” publicado pelo Joint Research Centre (JRC) em 2019 (Vandecasteele, et 2019), da Comissão Europeia, aponta como um dos desafios identificados para as cidades no futuro a questão da habitação

adequada e acessível. Em janeiro de 2021, o Parlamento Europeu aprova a Proposta de Resolução sobre o acesso a uma habitação digna e a preços acessíveis para todos (Parlamento Europeu, 2021) onde “exorta a Comissão e os Estados-Membros a garantirem a igualdade de acesso de todos a habitação digna, incluindo água..., saneamento ..., um ambiente interior de elevada qualidade e energia sustentável, fiável e a preços acessíveis para todos, contribuindo assim para erradicar a pobreza em todas as suas formas, proteger os direitos humanos dos agregados familiares desfavorecidos e apoiar os grupos mais vulneráveis, a fim de proteger a sua saúde e bem-estar” (Parlamento Europeu, 2021, p. 13). Em Portugal, conforme o artigo 65º da Constituição, cabe ao Estado e às autarquias locais garantir o direito à habitação, sendo-lhes atribuído a obrigação de “programar e executar uma política de habitação inserida em planos de ordenamento geral do território e apoiada em planos de urbanização que garantam a existência de uma rede adequada de transportes e de equipamento social” (artigo 65º ponto 2 alínea a). As câmaras municipais têm um papel decisivo como principal agente de definição do solo urbano e promoção do planeamento urbano, tanto a nível fiscal como regulamentar, estando assim, “melhor posicionadas para desenvolver uma política de habitação integrada, que articule a oferta e a procura de habitação, com os serviços de proximidade e a mobilidade urbana” (Marques et al, 2021, p. 148), ou seja, uma política habitacional ancorada no território e articulada com os restantes instrumentos de gestão territorial, sobretudo com os Planos Diretores Municipais. A recente Lei de Bases da Habitação (LBH, Lei nº 83/2019), estabelece as bases do direito à habitação e as incumbências e tarefas fundamentais do Estado na efetiva garantia desse direito a todos os cidadãos, independentemente da sua origem, sexo, ou outras condições, (artigos 1º e 2º da LBH). Para além desta introdução, este capítulo encontra-se subdividido em três pontos, no primeiro aborda-se a crise habitacional, depois faz-se uma breve análise às medidas de política para fazer face a essa crise e por fim concluímos com algumas reflexões finais.

2. A atual crise da habitação

A atual crise da habitação, não é exclusiva de Portugal, uma vez que a falta de habitação acessível é um problema constante na maioria dos países europeus, particularmente nas cidades. Historicamente, em Portugal, o problema da habitação incidiu sobretudo nos principais centros urbanos do país, relacionado com a insalubridade da habitação dos agregados familiares mais pobres e com a escassez de oferta para arrendamento, quer pública, quer privada. A falta de oferta de habitação pública e a política de congelamento prolongado das rendas, contribuíram para uma situação de dificuldade de acesso à habitação, o que originou, a suburbanização das famílias, através da aquisição de habitação

- Marques, T. S. ; Saraiva, M. ; Matos, F.L. ; Maia, C.; Ribeiro, D.; Ferreira & Van Heerden, S. (2022), *Property investment and housing affordability in Lisbon and Porto*, Luxembourg: Publications Office of the European Union, Coleção: JRC science for policy repoort. doi:10.2760/55085.
- Marques, T.S., Matos, F., Maia, C., Ribeiro, D. (2021) Habitação, uma questão central no Ordenamento do Território e um desafio para o processo de descentralização, In: F.P. Oliveira, F.P., Carvalho, J., Bento, J. F. *Descentralização e Ordenamento do Território*, Coimbra: Almedina, p. 145-162.
- Matos, F. L., Marques, T. S. ,Saraiva, M., Maia, A. C. , Ribeiro, D. (2019), Housing in Portugal after the economic crisis: challenges for a new policy. In: E. Bargelli; T. Heitkamp; H. Simón-Moreno; C. Vasquez Varela (ed.), *Housing policy and tenure types in the 21st century : a Southern European perspective*. Pisa: Pisa University Press, ISBN: 9788833392509, pp.53-72.
- Matos, F.L. (2001), *A Habitação no Grande Porto - Uma perspectiva geográfica da evolução do mercado e da qualidade habitacional desde finais do séc. XIX até ao final do milénio*, Tese de Doutoramento, Faculdade de Letras da Universidade do

- Porto (FLUP). Disponível em:
<http://ler.letras.up.pt/site/default.aspx?qry=id06id133&sum=sim>.
- Mendes, L, Carmo, A. & Malheiros, J. (2019). Gentrificação Transnacional, Novas Procuras Globais e Financeirização do Mercado de Habitação em Lisboa, In Santos, A. C. (coord.), *A Nova Questão da Habitação em Portugal*. Conjuntura Actual Editora, pp. 111-142.
- Mendes, L. (2020), Nova Geração de Políticas de Habitação em Portugal: contradições entre o discurso e as práticas no direito à habitação, *Finisterra*, LV(114), pp. 77-104, disponível em:
<https://revistas.rcaap.pt/finisterra/article/view/19635>
- Parlamento Europeu, Resolução de 21 de janeiro de 2021, sobre o acesso a uma habitação digna e a preços acessíveis para todos (2019/2187(INI)), disponível em :
https://www.europarl.europa.eu/doceo/document/TA-9-2021-0020_PT.pdf
- Portaria n.º 167/2018, de 12 de junho, Diário da República n.º 112/2018, Série I 12, pp. 2506 – 2508.
- Regulamento n.º 423/2020, de 23 de abril, Diário da República n.º 80/2020, Série II, pp. 112 – 117.
- Resolução do Conselho de Ministros n.º 57/2018, de 8 de maio, Diário da República n.º 88/2018, Série I, pp. 2035 – 2036.
- Santos, A.C. (2019) Habitação em Tempos Financeiros em Portugal. In: Santos, A. (coord.), *A Nova Questão da Habitação em Portugal*. Conjuntura Actual, pp. 15-52
- Sérgio, A. (1958 a), *Sobre o Espírito do Cooperativismo*. Lisboa: ed. do autor, Ateneu Cooperativo, 1958.
- Sérgio, A. (dir.), (1958 b), *O Cooperativismo - Objectivos e Modalidades*. Lisboa: Círculo do Livro, 1958;
- Serra, N. (2002), *Estado, Território e Estratégias de Habitação*. Coimbra: Quarteto
- Serra, N. (2019), O Estado e a habitação numa encruzilhada? *CIDADES, Comunidades e Territórios*, 38, pp. 55–56.
- Szolgayová, E. & Michaela, K. (coord.) (2018), *The Housing Partnership Action Plan*, disponível em:
https://ec.europa.eu/futurium/en/system/files/ged/final_action_plan_euua_housing_partnership_december_2018_1.pdf

- Tullumelo, S. & Allegra, M. (2023), Habitação e Gentrificação, In: Chamusca, P. & Bento Gonçalves, A. (ed.) *Os Desafios (geográficos) da Governação territorial*, Braga: CECS, pp. 223-235, disponível em: <https://ebooks.uminho.pt/index.php/uminho/catalog/view/70/169/2701>
- United Nations. (2015). *Transforming Our World: The 2030 Agenda for Sustainable Development*. Nova York: United Nations Publications <https://documents-dds-ny.un.org/doc/UNDOC/GEN/N15/291/89/PDF/N1529189.pdf?OpenElement>
- United Nations. (2016). *Nova Agenda Urbana* (tradução portuguesa) <https://habitat3.org/wp-content/uploads/NUA-Portuguese.pdf>

Era dixital. Cidades intelixentes

Érika Diz Pita

M. Victoria Otero Espinar

Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

Nas nosas vilas e cidades están a xurdir constantemente novos desafíos, que fan necesario o desenvolvemento e busca de solucións, para tratar de garantir unhas condicións de vida adecuadas para os seus habitantes. O concepto de cidade intelixente fai referencia á posta en marcha de diversas iniciativas, moitas delas vinculadas coa aplicación e emprego das tecnoloxías, que permitan conseguir unha sociedade máis sostible, accesible e segura. A análise de datos, a modelización e simulación ou a aplicación de algoritmos para a resolución e optimización de problemas, son claves na transformación das cidades en cidades intelixentes, e todas elas teñen unha grande compoñente matemática.

Son moitas as necesidades que xorden actualmente motivadas polo crecemento e sustentabilidade das cidades para conseguir que sexan lugares onde a calidade da vida das persoas e a igualdade de oportunidades estea garantida. Todos estes desafíos requiren solucións efectivas e eficientes. As matemáticas e as tecnoloxías da información e a comunicación (TICs) ofrecen ferramentas clave para dar resposta a retos como a contaminación, a seguridade, o tráfico, o transporte público, a xestión de residuos, os servizos, o deseño da cidade, a súa comunicación, ou temas de saúde, pero tamén a mobilidade sostible ou a accesibilidade. Todas estas interaccións a moitas escalas, converten as cidades en sistemas complexos non lineares que proporcionan interesantes retos de modelización aos matemáticos.

Actualmente, atopámonos nun contexto no que os datos convertéronse nunha materia prima fundamental. Estamos inmersos nun proceso de "datificación" e "algoritmización", tendencias que teñen o potencial de facilitar procesos de mellora e redefinición dos servizos públicos. As cidades intelixentes recompilan e utilizan unha gran cantidade de datos, o que lles permite coñecer as necesidades dos seus habitantes e responder ás súas demandas e necesidades, fundamentando as súas tomas de decisións e as súas accións no coñecemento extraído dos datos. As matemáticas proporcionan as ferramentas e técnicas necesarias para analizar e procesar estes datos. Mediante a aplicación de modelos matemáticos, algoritmos e xemellos dixitais, é posible extraer información útil e

obter ideas para mellorar a eficiencia dos servizos públicos, como a sanidade, a educación, o transporte, a xestión de residuos, a enerxía, etc.

As matemáticas permítennos tamén a optimización e planificación dos recursos nunha cidade. Por exemplo, mediante o uso de modelos de optimización, pódense determinar as rutas máis eficientes para os vehículos de recolección de residuos, minimizando a distancia percorrida e maximizando a capacidade de recolección. Así mesmo, pódense analizar os patróns de tráfico para mellorar a fluidez do tránsito, reducir os tempos de viaxe, e contribuír ao aforro enerxético.

Outro dos retos que xorden na actualidade é o deseño e a xestión de redes (redes de comunicación, enerxéticas, de transporte, etc.). A partir destas, pódense recompilar datos en tempo real, que nos permiten comprender distintos aspectos da vida urbana moderna e predicir patróns de comportamento futuros. A seguridade e a privacidade destes datos son aspectos importantes, nos que as matemáticas desempeñan un papel fundamental para o desenvolvemento de técnicas de cifrado e criptografía que permitan protexer a información.

En resumo, as matemáticas proporcionan a base teórica e as ferramentas prácticas necesarias para analizar datos, optimizar recursos, deseñar redes e garantir a seguridade nas cidades intelixentes. Son unha disciplina fundamental para o desenvolvemento e o funcionamento eficiente destas cidades do futuro. Neste texto tratamos de poñer de manifesto como as matemáticas poden axudar a converter as nosas vilas e cidades en intelixentes, mediante a descrición dalgúns casos ou problemas concretos aos que nos podemos enfrontar no noso día a día.

2. Cidades intelixentes. O papel das matemáticas e a dixitalización

2.1 Características dunha cidade intelixente

É importante coñecer as características e os retos para acadar verdadeiras cidades intelixentes. Para conseguir cidades sostíbeis, conectadas e optimizadas grazas ao emprego da tecnoloxía, non abonda coa incorporación da dixitalización nos distintos servizos e procesos. A transformación dixital das cidades ten que utilizar as TICs para prestar de forma máis eficiente os servizos urbanos e mellorar a calidade de vida dos cidadáns. Unha cidade intelixente ten que detectar, a través dos procesos de dixitalización, as necesidades dos seus cidadáns e reaccionar transformando en coñecemento as interaccións dos cidadáns cos sistemas e elementos do servizo público. Con este coñecemento, os concellos poden tomar decisións e basear nel as súas accións e a súa xestión, en moitos casos en tempo real, ou mesmo anticipándose ao que poida suceder no futuro. Por outro lado, as cidades intelixentes son a única solución para conter e reducir as alarmantes repercusións ambientais e socioeconómicas que a

urbanización provocará no noso planeta. Non podemos esquecernos que actualmente a maioría das persoas viven ou traballan en cidades. E a urbanización continúa crescendo en todo o mundo. A Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) prevé que o 70% da poboación mundial vivirá en centros urbanos no ano 2050. Con estes datos en mente, ademais das novas necesidades nas cidades como consecuencia do incremento de poboación, xorde un dos grandes retos aos que enfrontarnos no presente: o despoboamento das zonas rurais. Por iso é polo que non só é fundamental impulsar a aplicación das TIC ao funcionamento das cidades senón que tamén é primordial aplicalas na xestión intelixente das zonas rurais e as cidades de pequeno tamaño, que no caso de Galicia e España son maioritarias. Isto facilitará o traballo de mellorar a eficiencia e o desenvolvemento económico, social e ambiental destes territorios. Polo tanto, debemos de impulsar a transformación dixital cara a conseguir Territorios Intelixentes ademais de Cidades Intelixentes. Outro aspecto importante que debemos de ter en conta na dixitalización do territorio é non deixar atrás ás persoas máis vulnerables no proceso de transformación dixital. É necesaria unha boa planificación co obxectivo de reducir a vulnerabilidade dixital nos diferentes colectivos, tanto no relativo á desigualdade no acceso, como á autonomía dixital ou ao uso responsable da tecnoloxía. Por exemplo, a dixitalización de servizos provoca que cada vez máis persoas maiores se consideren excluídas de servizos tan necesarios coma o médico ou a banca. Así, ademais de programas de formación para a adquisición de competencias dixitais, tanto do persoal como das persoas beneficiarias dos servizos, tamén se debe de contar con alternativas para dar servizo de calidade a todas as persoas usuarias.

A escasa implantación das TICs no ámbito rural coa existencia de zonas brancas impide o uso, a mellora ou a optimización de servizos. Para rematar coa desigualdade de acceso aos mesmos entre os residentes en zonas conectadas ou desconectadas é necesaria a identificación e a eliminación das zonas brancas no rural. As capacidades das novas tecnoloxías permitirán conectar obxectos e dispositivos, construír novos servizos e crear novos modelos de negocio no rural.

Antes de centrarnos en problemas e solucións concretos, tratamos de dar unha visión xeral de cales son algunhas características que definen a unha cidade intelixente. Aínda que non é unha lista pechada, poderíamos falar das seguintes:

- Emprego de tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).
- Automatización e control dos edificios.
- Mobilidade urbana e transporte público sostible.
- Planificación urbana eficiente.

- Xestión intelixente de residuos.
- Mellora da sustentabilidade medioambiental.
- Preocupación pola contorna social.
- Tecnoloxías aplicadas á educación.
- Tecnoloxías aplicadas á saúde.
- Sistema de comercio electrónico.
- Transparencia entre goberno e cidadáns.
- Datos compartidos.

2.2 Algoritmos

Na sociedade actual, é frecuente escoitar falar do termo “algoritmo”, en moitas ocasións vinculado a ámbitos como o do tratamento de grandes cantidades de datos ou a intelixencia artificial. A pesares das connotacións que en ocasións se lle atribúen na prensa, un algoritmo non é máis que outra ferramenta matemática, en concreto, e segundo a definición do dicionario da Real Academia Galega, un algoritmo é *un conxunto de regras que, ao aplicalas, permiten resolver un problema mediante un número finito de operacións*. Moitos problemas que poden xurdir nos contextos urbanos son abordables mediante distintos algoritmos, tal e como exemplificamos a continuación.

Imaxinemos por exemplo calquera servizo que se preste a domicilio nunha vila ou cidade, algo que é cada vez máis frecuente en moitos ámbitos, dende labores sociosanitarias ata reparto de mercancías ou comida preparada. Supoñamos que a empresa que presta o servizo ten unha serie de traballadores en activo, situados en distintos puntos da vila, e unha serie de puntos nos que prestar o seu servizo. A simple vista, se temos un pequeno número de traballadores e demandas, poderíamos tratar de buscar unha solución óptima sen ningún procedemento establecido, máis cando aumenta o número de solicitudes ou traballadores, convén ter unha forma de decidir, por exemplo, que traballador enviar a cada punto, tratando entre outras cousas de minimizar a distancia que teñen que percorrer, minimizando así os custos ou a contaminación producida neses desprazamentos. Dende un punto de vista matemática, o problema pódese formular cunha matriz, na que incluimos os datos das distancias entre cada traballador nun determinado momento e os puntos onde é preciso prestar o servizo. Con esa matriz, aplicando o que se coñece como algoritmo do método Húngaro (Kuhn, 1955) é dicir, realizando un número finito de operacións (sumar, restar, calcular o máximo dos números da matriz...), conseguimos obter unha solución que é óptima para o noso problema.

Outro exemplo é o abastecemento de servizos como a luz, a electricidade, internet, auga, ou calquera que teña que chegar a través de elementos físicos como tubaxes ou cables. O deseño do trazado desas tubaxes, que deberían conectar todas as casas ou edificios da vila, pode facerse de forma óptima se se aplica o algoritmo axeitado. Neste caso, o algoritmo traballa con outros elementos matemáticos importantes nas sociedades actuais: os grafos. Estes elementos son estruturas matemáticas compostas por puntos, que se chaman vértices ou nodos (e na práctica poderían representar, por exemplo, distintas vivendas), e por conexións entre eles que se chaman arestas (e na práctica representarían tubaxes, cables...). Os grafos son de grande utilidade pois, ao representar as conexións entre elementos, poden servir para modelizar distintos problemas que xorden nas nosas vilas, dado que vivimos en sociedades cada vez máis conectadas.


2.3 Os xemelgos dixitais

Un xemelgo dixital é unha representación virtual dun obxecto, sistema ou proceso que abarca o seu ciclo de vida, que se actualiza a partir de datos en tempo real e utiliza a simulación, a aprendizaxe automática e o razoamento para axudar á toma de decisións. É dicir, é un modelo virtual moi complexo que é o equivalente exacto (ou xemelgo) dun obxecto ou sistema físico en tempo real que nos permitirá comprender o presente, experimentar e predicir o futuro creando escenarios hipotéticos. Pode deseñarse un xemelgo virtual de calquera cousa, desde unha depuradora de augas residuais, unha cunca hidrográfica ata un parque eólico ou unha cidade enteira, (Juarez, Botti, e Giret, 2021; Lv e Fersman, 2022).

O sistema ou proceso en estudo está equipado con varios sensores relacionados con áreas vitais de funcionalidade. Estes sensores producen datos sobre diferentes aspectos do rendemento do sistema físico, como a produción de enerxía, a temperatura, as condicións climáticas e demais. Estes datos son transmitidos a un sistema de procesamento que o aplica á copia dixital.

Unha vez que os datos foron procesados, o modelo virtual pódese utilizar para executar simulacións, estudar problemas e xerar posibles melloras. O xemelgo dixital proporciona información valiosa que logo se pode aplicar de novo ao sistema físico no mundo real.

Figura 1. Esquema de funcionamento dun xemello dixital e interaccións entre as distintas compoñentes



Aínda que a primeira aplicación do concepto de xemellos dixitais se atribúe ao Dr. Michael Grieves (entón profesor da Universidade de Michigan) en 2002 (Grieves, 2002) a NASA foi pioneira no uso da tecnoloxía de xemellos dixitais durante as súas misións de exploración espacial na década de 1960, cando cada unha das naves foi replicada exactamente nunha versión terrestre.

Os matemáticos e expertos en ciencias de datos estudan o obxecto que teñen que duplicar mediante un modelo matemático que simulará o obxecto orixinal físico. Este é un proceso común tanto nas simulacións matemáticas como nos xemellos dixitais. Con todo, mentres que unha simulación normalmente estuda un proceso en particular, un xemello dixital pode executar por si mesmo calquera cantidade de simulacións que servirán para estudar múltiples procesos. Ademais, polo xeral, as simulacións non usan datos en tempo real, pero os xemellos dixitais están deseñados ao redor dun fluxo de información bidireccional. Este fluxo prodúcese primeiro cando os sensores do sistema físico proporcionan datos relevantes ao procesador do sistema e despois cando os coñecementos creados polo procesador se comparten co sistema de orixe. Grazas a que dispoñen de datos máis completos, que se actualizan continuamente e que están relacionados cunha ampla gama de áreas, unido á potencia computacional adicional que proporciona unha contorna virtual, os xemellos dixitais poden estudar máis cuestións desde moitos máis puntos de vista que as simulacións estándar.

No contexto das cidades intelixentes, os xemellos dixitais recollen continuamente información do entorno mediante sensores, drones e dispositivos móbiles, así como de vehículos, edificios, ou persoas (Morandi,

Rolando, e Di Vita, 2016). Estas tecnoloxías son capaces de procesar datos estáticos, históricos e sintetizados de forma case inmediata para, así, proporcionar información valiosa sobre o rendemento da cidade. Deste xeito, un xemelgo dixital permite aos responsables do sector público identificar perspectivas e conexións de forma rápida, máis eficaz, así como ofrecer maior confianza.

Destacamos dúas aplicacións nas que se usan os xemelgos dixitais: servizos sanitarios e planificación urbana. No primeiro, os pacientes que reciben atención médica tamén poden identificarse mediante o seu xemelgo dixital. Así, cun sistema de datos apropiado xerados por sensores pódense rastrexar unha variedade de indicadores de saúde e xerar información clave. No segundo, a planificación urbana beneficiaríase co uso de xemelgos dixitais, que, por exemplo, poden mostrar datos espaciais 3D e 4D en tempo real e incorporar sistemas de realidade aumentada en contornas construídas.

Hai que notar que non todos os sistemas ou procesos físicos son o suficientemente complexos como para necesitar o intenso e regular fluxo de datos de sensores que require os xemelgos dixitais. Polo que non sempre vale a pena investir grandes cantidades de recursos na creación dun xemelgo dixital.

2.4 Convertendo Ames nunha cidade intelixente

A transformación do concello de Ames nas últimas décadas foi espectacular. Ames tivo un carácter basicamente rural ata a década de 1980. Tras un forte crecemento de poboación, provocado pola súa proximidade a Santiago de Compostela, se consolidan dous núcleos urbanos de alta densidade, Bertamiráns e O Milladoiro, que se transforman en cidades dormitorio con un alto grao de dependencia do concello de Santiago. Este gran crecemento converte a Ames no concello de Galicia coa maior taxa de natalidade e crecemento vexetativo e foi, segundo os datos do INE, o único concello galego no que se rexistraron máis nacementos que mortes no 2022. Na actualidade, Ames xa ten superada a fase de transición dende un modelo de “cidade dormitorio” cara a unha realidade urbana máis complexa na que os seus veciños poden realizar o seu día a día sen saír do concello. Esta situación provocou que Ames tivera, e siga tendo, que afrontar dificultades e desafíos en moitos ámbitos para conseguir un concello mais equilibrado social, ambiental e territorialmente, e lograr a súa transformación nun territorio intelixente.

As matemáticas poden desempeñar un papel importante na transformación de Ames nunha cidade/territorio intelixente. Pódense empregar para mellorar a planificación e deseño urbano, optimizar recursos, tomar mellores decisións e medir o impacto das iniciativas intelixentes.

En concreto, pódense realizar as seguintes actuacións:

- Planificación e deseño urbanístico: pódense analizar os datos demográficos, económicos e ambientais de Ames, identificando as necesidades e oportunidades da cidade. Tamén se poden deseñar infraestruturas e servizos públicos de forma eficiente e sostible.
- Optimización de recursos: pódese optimizar o uso de recursos como a enerxía, a auga e tamén a xestión dos residuos. Por exemplo, pódense desenvolver sistemas de xestión enerxética que permitan reducir o consumo.
- Toma de decisións: para tomar mellores decisións pódense empregar os datos, por exemplo, analizando aqueles obtidos do tráfico para mellorar a eficiencia do transporte público.
- Medir o impacto: é importante medir o impacto das iniciativas levadas a cabo.

Algúns exemplos concretos de como se poderían empregar as matemáticas en Ames para converterse nunha cidade intelixente son:

- Promoción dunha mobilidade intelixente a través da creación de:
 - Un modelo de mobilidade que permita prever o fluxo de tráfico na cidade. Este modelo podería servir para planificar a construción de novas infraestruturas de transporte e para optimizar os servizos de transporte público.
 - Un plan de mobilidade urbana sostible que promova o uso do transporte público, maneiras sostibles de desprazamento, que priorice opcións libres de contaminación, tanto nos núcleos urbanos como na conexión con cidades próximas. Un plan que recolla modos de transporte alternativos ao vehículo privado, practicamente inexistentes nas conexións entre os demais asentamentos do concello. Ademais, unha cidade intelixente debe apoiar o emprego de TICs para promover a dispoñibilidade de información en tempo real, facilitando realizar viaxes máis curtas e monitorizar aspectos relacionados co tráfico ou facer uso de sensores que detecten prazas libres de aparcamentos públicos.
- Promoción dun entorno intelixente a través de:
 - Un sistema de xestión enerxética que permita reducir o consumo nos edificios públicos. Este sistema podería empregar sensores para recoller datos sobre o consumo de enerxía e aplicar algoritmos matemáticos para optimizar este consumo.

- Dar soporte ao proxecto do modelo de transición enerxética, no que colaboran a Deputación da Coruña e o concello de Ames, de creación de comunidades enerxéticas a través de iniciativas xa creadas a nivel local. Un proxecto que podería sentar as bases dun modelo replicable en diferentes partes do territorio para lograr a transición enerxética.
- Creación dun sistema de xestión de residuos que permita reducir a cantidade de residuos xerados na cidade. Este sistema podería utilizar sensores para recoller datos sobre a produción de residuos e aplicar algoritmos matemáticos para optimizar a recollida e tratamento de residuos.

3. Algunhas accións concretas

Polos exemplos anteriores e outros moitos, a integración intelixente de algoritmos, modelos matemáticos ou xemelgos dixitais na planificación das nosas vilas permitiría abordar os desafíos contemporáneos e construír un futuro máis sostible.

3.1 Regulación do tráfico

Cada vez mais, a poboación tende a concentrarse en núcleos urbanos, o que pode ocasionar problemas para os seus habitantes, como a contaminación ou as dificultades para a mobilidade. Nunha cidade intelixente, o obxectivo é empregar os datos e tecnoloxías dispoñibles para tratar de mitigar este tipo de problemas. Algúns exemplos disto son os sensores, que permiten obter información de certas magnitudes en tempo real, ou a iluminación intelixente.

A regulación do tráfico é un dos grandes problemas das cidades, e aí tamén poden axudar as matemáticas. En concreto mediante a modelización e a simulación, pódese estimar o efecto que terían no tráfico decisións como instalar novos semáforos, cambiar o sentido de circulación nalgunhas rúas, aumentar o número de carrís, ou cuestións temporais como a repercusión que tería o corte por obras e reparacións nalgunhas vías.

Por exemplo, pódese empregar un modelo de tráfico para predicir o número de vehículos que utilizarán unha determinada intersección a unha hora específica do día. Con esta información pódese axustar a programación dos semáforos na intersección, para reducir os tempos de espera.

Para unha adecuada modelización do tráfico é preciso, unha vez mais, dispoñer dunha grande cantidade de datos, que poden ser recollidos mediante vídeo cámaras ou sensores de diversos tipos. Os semáforos ou farois intelixentes poden actuar como plataforma para aloxar toda unha serie de tecnoloxías baseadas en sensores que recollan non so os datos da circulación de tráfico senón

tamén datos sobre condicións meteorolóxicas, contaminación, sismos, circulación de persoas, ruído ou contaminación atmosférica. Hai tamén moitas tecnoloxías que están en fase de desenvolvemento como as comunicacións a través de internet entre os propios vehículos, que permitirán que se intercambien datos como a velocidade ou traxectorias, xerando alertas en situacións de risco que poden estar causadas por exemplo por condicións meteorolóxicas adversas.

3.2 Rede de transporte público

Para mellorar a rede de transporte público, pódese empregar un algoritmo matemático para a optimización de rutas, que permite buscar a ruta máis eficiente para un conxunto de vehículos que deben visitar un conxunto de destinos, por exemplo, os diferentes autobuses que están a percorrer o concello e que comunican Ames con Santiago de Compostela a través do transporte metropolitano.

A optimización podería usarse para atopar as rutas máis eficientes para os autobuses. O algoritmo empregado tería en conta factores como a distancia entre as paradas, o número de pasaxeiros en cada parada, ou a densidade do tráfico.

Os resultados obtidos poden empregarse para tomar decisións que impliquen o cambio das rutas de autobuses, engadir novas paradas ou incluso crear novas liñas de autobuses. Por exemplo, podería detectarse que unha parada está moi transitada e que hai que engadir unha nova parada nas proximidades.

En concreto, o algoritmo de optimización de ruta funciona do seguinte xeito:

- Comeza creando un conxunto de posibles rutas de autobuses. Cada ruta é unha lista de paradas que debes visitar.
- Calcúlase o custo de cada ruta. Isto pódese facer tendo en conta factores como a distancia, o tempo e o número de pasaxeiros.
- O algoritmo selecciona a ruta co menor custo.

Este procedemento pódese repetir varias veces para atopar a ruta máis eficiente.

Técnicas como esta, ou outras como pode verse en Medina-Tapia, Robusté, e Estrada (2020), poderían utilizarse para mellorar a rede de transporte público de varias maneiras:

- Mellorar a eficiencia das rutas: pódense atopar rutas máis curtas e rápidas para os autobuses. Isto podería reducir os atrasos e mellorar a puntualidade do autobús.

- Mellorar a cobertura da rede: poderíanse identificar zonas que non estean ben cubertas pola rede de transporte público. Isto podería permitir engadir novas paradas ou crear novas liñas de autobús.
- Mellorar a comodidade do usuario: o algoritmo podería atopar rutas que eviten zonas de alto tráfico. Isto podería reducir o tempo de viaxe e mellorar a experiencia do usuario.

En concreto, poderá ser de utilidade no desenvolvemento do plan dun novo sistema de transporte urbano de Ames. Dentro da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable Integrado (EDUSI) do Concello de Ames, unha das súas liñas de actuación é un Programa de mellora integral da mobilidade e a conectividade por transporte público a través dun plan de mobilidade urbana sustentable (PMUS) (PMUS Concello de Ames). Unha das propostas recollidas no plan é un Estudo de Viabilidade dun novo sistema de transporte urbano, denominado Amesbus, de forma que se avalíen as necesidades, a posible oferta e demanda deste Servizo, así como o desenvolvemento dunha análise económica para asegurar a súa viabilidade e rendibilidade.

Figura 2. Liñas de actuación do PMUS de Ames

Mobilidade peonil	Mobilidade ciclista	Potencioación do transporte público	Control e ordenación do tráfico e estrutura da rede viaria
Xestión e regulación do Estacionamento	Mellora Distribución Urbana de Mercadorías	Seguridade viaria	Melloras de calidade ambiental e aforro enerxético
Promoción de boas prácticas de mobilidade	Desenvolvemento de tecnoloxías aplicadas á mobilidade	Integración da mobilidade nas políticas urbanas	Incentivos. Outras medidas de apoio á mobilidade.

3.3 Transportes de mostras biomédicas


Unha correcta regulación dos transportes e do tráfico é preciso, non só dende un punto de vista de axilizar a mobilidade dos cidadáns senón incluso en problemas máis concretos como é o transporte de mostras biomédicas.

Por exemplo, en moitos núcleos urbanos existen centros de saúde aos que os cidadáns poden acudir a realizar análises de sangue. Porén, aínda que a extracción

do sangue se realiza nos distintos centros de saúde, todas as mostras se analizan nun mesmo laboratorio común.

No caso da área sanitaria de Santiago de Compostela, existen 69 centros de saúde pertencentes ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) que están coordinados polo Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS). É neste hospital onde se realizan as análises clínicas das mostras de sangue, que teñen que ser trasladadas dende os distintos centros ata o CHUS.

Figura 3. Rutas de recollida de mostras de sangue na área sanitaria de Santiago de Compostela



Fonte. Davila Pena (2017).

Na actualidade, o sistema de rutas está formado por 7 rutas diarias, excepto os mércores, que contan cunha ruta especial de apoio á recollida de mostras. Co paso do tempo, fóronse incorporando novos centros médicos ás rutas sen unha revisión precisa das mesmas.

Distintas investigacións (Casas Méndez e Davila Pena,2021) detectaron que os pacientes das zonas mais afastadas do CHUS tiñan niveis mais altos de potasio en sangue. As altas concentracións detectadas deste mineral parecen reflectir un problema de pseudohyperkalemia (cando as concentracións de potasio que se rexistran son falsas).

Entre as posibles causas destas diferenzas nos valores de potasio en sangue está o feito de que algunhas mostras tardan demasiado en chegar ao laboratorio, e o tempo que pasa entre a recollida da mostra e a súa análise pode afectar aos

resultados obtidos no relativo á cantidade de potasio. Ademais, nalgúns ocasións, varios repartidores chegan ao hospital ao mesmo tempo, retrasando o procesamento das mostras.

Entre as accións propostas, para axudar a solucionar estes resultados erróneos, está a de redeseñar e mellorar as rutas de transporte ao hospital, tratando de reducir o tempo de transporte das mostras, reducindo o tempo que pasa entre a recollida e o seu procesamento. Outra proposta é a modificación do que se coñece como disciplina de cola, é dicir, a orde en que se atenden e procesan as mostras que chegan ao hospital, que neste momento é por orde de chegada. Sería positivo, por exemplo, procesar primeiro as mostras que veñen de centros de saúde máis afastadas e que levan máis tempo de espera no transporte.

3.4 Mellorar a xestión enerxética

Para crear un sistema que mellore a xestión da enerxía nunha vila como Ames, podemos utilizar as seguintes etapas:

- Recollida de datos: a primeira etapa consiste na recollida de datos sobre o consumo enerxético. Estes pódense recoller a través de contadores intelixentes, sensores ou rexistros de consumo, por exemplo.
- Análise de datos: unha vez recollidos os datos, hai que analízalos para identificar patróns e tendencias. O uso de procedementos matemáticos é esencial nesta análise e pódese utilizar para identificar oportunidades para mellorar a eficiencia enerxética.
- Desenvolvemento de solucións: Unha vez identificados os problemas, pódense desenvolver solucións para mellorar a eficiencia enerxética, por exemplo, cambios nas infraestruturas ou cambios nos hábitos de consumo. Este proceso require a participación de expertos en enerxía, enxeñaría e tecnoloxía.
- Implantación de solucións: as solucións deben ser postas en marcha e probadas para garantir que sexan eficaces, requirindo a cooperación dos propietarios de edificios e infraestruturas así como dos seus usuarios.

Algúns exemplos concretos de como se poden usar as matemáticas para mellorar a xestión da enerxía son os seguintes:

- Utilización de algoritmos matemáticos para optimizar o consumo de enerxía en edificios públicos. Por exemplo, pódese usar un algoritmo para determinar cando acender e apagar as luces e os equipos en función da ocupación do edificio. Isto será de grande utilidade para o éxito dunha das liñas de actuación do EDUSI do Concello de Ames sobre o

programa de mellora dos índices de consumo de enerxía nas vías, infraestruturas e edificios públicos.

- Desenvolvemento de sistemas de alerta temperá para detectar problemas enerxéticos. Por exemplo, pódese utilizar un algoritmo para analizar os datos de consumo de enerxía para detectar anomalías que poidan indicar un problema.
- Posta en marcha de programas de eficiencia enerxética para educar á cidadanía sobre como reducir o seu consumo enerxético. Por exemplo, pódese utilizar un algoritmo para enviar mensaxes personalizadas aos cidadáns en función do seu historial de consumo de enerxía.
- Configurar comunidades enerxéticas óptimas mediante o deseño de modelos matemáticos baseados en machine learning e a creación dunha comunidade enerxética virtual.

As Comunidades Enerxéticas son entidades xurídicas baseadas na participación aberta e voluntaria, autónomas e controladas por socios ou membros que poden ser persoas físicas, pemes ou autoridades locais, incluídos os municipios. O obxectivo social polo que se rexen é o de ofrecer beneficios enerxéticos á comunidade, dos que se derivan tamén importantes obxectivos ambientais, económicos ou sociais para os membros da comunidade ou da localidade. Son organizacións onde os membros están implicados directamente na planificación e implementación das medidas para a implantación de enerxías renovables na produción, consumo e/o comercialización de enerxía eléctrica, térmica (calefacción), mecánica ou combustible (biogás), así como no desenvolvemento de medidas de eficiencia enerxética ou de mobilidade sostible.

Para a optimización de resultados, o modelo matemático (ver, por exemplo, Elomari, Mateu, Marín-Genescà e Boer, 2024)), ten en conta variables que describen as características meteorolóxicas do entorno, o consumo de enerxía e outros patróns de consumo dos usuarios e o coste da tecnoloxía necesaria así como o seu impacto ambiental. Isto permite dimensionar e configurar o equilibrio óptimo de enerxía solar fotovoltaica, eólica,..., e a capacidade de almacenamento para minimizar o impacto económico e ambiental do equipamento. Ademais, mediante a creación dunha comunidade enerxética virtual e a xestión intelixente, coa aplicación dos algoritmos convenientes, conséguese optimizar os parámetros enerxéticos e económicos das comunidades enerxéticas locais e, a través da predicións, anticiparse á xeración e demanda de

enerxía e adaptar o reparto enerxético entre os membros da comunidade maximizando o beneficio común.

Esta actuación podería sentar as bases dun modelo na Comunidade Enerxética no Concello de Ames (proxecto no que colabora tamén a Deputación da Coruña) que podería ser replicable en diferentes partes do territorio para lograr a transición enerxética.

3.5 Xestión sostible da auga

O ser humano sempre tivo a necesidade de coñecer as cantidades de auga que flúen nos ríos, con fins de aproveitamento, de prevención ou de mitigación dos danos causados polas inundacións. Ademais, o quecemento global está a xerar un cambio climático que inflúe, entre outros aspectos, nos patróns de choiva e na dispoñibilidade dos recursos hídricos. Por iso faise necesario a vixilancia permanente das concas hidrográficas para detectar alteracións e tomar os correctivos adecuados. Tamén determinar a velocidade e cantidade dos fluxos de auga foi clave en procesos industriais e empresas para controlar a súa pegada hídrica. Mesmo nos fogares o controlar da calidade da auga, o consumo, a temperatura...facilitaría un consumo sostible e económico, ademais da concienciación sobre o uso da auga.

É imprescindible tomar conciencia da necesidade de xestionar de forma eficiente os recursos hídricos, garantindo a súa calidade e evitando a súa degradación para non comprometer nin poñer en risco a súa dispoñibilidade futura.

Os sensores de control de caudal son dispositivos situados en lugares estratéxicos dentro da infraestrutura hidráulica que permiten supervisar o comportamento, volume e velocidade de auga que atravesa unha superficie ou tubaxe nun tempo específico. O seu uso permite medir determinadas variables e convertelas en información para lectura ou procesamento adicional. Entre as súas aplicacións máis comúns, atópanse: a vixilancia do consumo de auga, o control da calidade da auga, o control de fugas de redes hidráulicas, o control de verteduras e a verificación da dirección do fluxo (directo ou inverso). Outros sensores poden controlar tamén o consumo en tempo real e outros parámetros importantes para a xestión intelixente da auga.

A dixitalización dos procesos implicados no ciclo integral da auga, xunto coa utilización das matemáticas e de técnicas de intelixencia artificial permite unha mellora considerable nas actuacións e na xestión de recursos hídricos. Así os sensores poden enviar os datos en tempo real, directa e automaticamente a cadros de mando virtuais e sistemas de análises de datos na nube. Desta maneira, facilita a medición intelixente, a supervisión remota e a optimización na toma de decisións. O avance da tecnoloxía en materia hidráulica avanza rapidamente,

beneficiando ao ecosistema, persoas, cidades e empresas. Nas cidades intelixentes o consumo de auga podería reducirse entre un 20 e un 30 % mediante o uso de tecnoloxías adecuadas. O seu uso evitaría desperdicio de auga, pois axuda a detectar fugas e desperdicios, coa mellora da sustentabilidade e aforro económico. Tamén facilitaría a obtención de información precisa para realizar unha análise de comportamentos, cos que desenvolver estratexias á medida para reducir a pegada hídrica ou resolver outras necesidades. E supoñería un aforro de tempo xa que a vixilancia de auga con tecnoloxía adecuada, facilita o proceso, ao facelo máis rápido, conectado, simple e con menos utilización de recursos humanos.

Algunhas actuacións nesta liña xa se están a realizar no Concello de Ames. Un exemplo é o sistema de detección temperá de inundacións instalado no rego dos Pasos, afluente do río Sar, no paseo fluvial de Bertamiráns. É un sistema de prevención de inundacións que proporciona unha alerta en zona de risco de enchentes. En caso de alerta actívase o plan de emerxencias municipal.

O sistema monitoriza o nivel do caudal do río a tempo real. Consiste nun sensor que transmite os seus datos a un rexistrador de datos (datalogger) que, a través dunha comunicación GSM, os envía a teléfonos ou ordenadores. É una tecnoloxía sustentable e respectuosa co medio ambiente pois ten un sistema de alimentación autónomo mediante enerxía solar. A información que transmite en tempo real permite anticiparse e tomar as medidas axeitadas ante o risco de enchente. Esta estación de aforo responde ao Plan de Xestión de Riscos de Inundación da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, que recolle a declaración de 207 Áreas con Risco Potencial de Inundación.

3.6 Seguridade e privacidade

Como dixemos, hai unha grande cantidade de datos que se obteñen e empregan nas cidades intelixentes. Isto pode levar á aparición dalgúns problemas de privacidade e seguridade, pois a recompilación masiva de información sobre os cidadáns e as súas actividades pode ser invasiva se non se xestiona de forma adecuada. A protección da privacidade debe ser un dos obxectivos das nosas cidades.

Tamén neste aspecto as matemáticas teñen un papel importante, xa que son o fundamento das técnicas de cifrado que se empregan para garantir que os datos recollidos se empregan respectando a privacidade dos cidadáns e dun xeito ético.

Ademais, a maior conexión que se da entre os sistemas das cidades intelixentes, fai que estas sexan máis susceptibles a posibles ameazas cibernéticas. As matemáticas desempeñan un papel clave no deseño de protocolos de seguridade robustos, así como na detección de posibles vulnerabilidades. A

implementación de criptografía avanzada e técnicas de análise de riscos baseada en modelos matemáticos permite fortalecer a seguridade das nosas cidades.

Aínda que o recente desenvolvemento de tecnoloxías de intelixencia artificial (IA) tamén pode por si mesmo ocasionar certos problemas de privacidade, no sentido inverso pode empregarse para mellorar a seguridade nas cidades intelixentes. Con intelixencia artificial poden analizarse patróns de comportamento sospeitosos en tempo real, identificando posibles ameazas antes de que cheguen a ocorrer.

A correcta implementación de técnicas matemáticas na protección de datos e a seguridade contribuirá a garantir que o desenvolvemento de cidades intelixentes beneficie á sociedade sen comprometer a privacidade e a seguridade dos cidadáns.

3.7 Patróns de movemento urbano

Tamén sobre a base de datos de mobilidade a gran escala de diversas cidades de todo o mundo, pódese crear un modelo matemático para captar o espectro temporal e espacial dos movementos da poboación. A mobilidade humana inflúe en moitos aspectos dunha cidade, desde a súa estrutura espacial, ata a súa resposta a unha epidemia e, en última instancia, tamén é clave para as interaccións sociais, a innovación e a produtividade. A construción dun modelo de mobilidade (Schläpfer, Dong, O’Keeffe, *et al.*, 2021) pode corroborar algunhas conxecturas na xeografía humana e permitir prever fluxos recorrentes, proporcionando unha base para aplicacións en planificación urbana, enxeñería de tráfico e mitigación de enfermidades epidémicas.

4. Conclusións

Neste capítulo tratamos de dar unha visión global do que son as cidades intelixentes, describindo algunhas iniciativas que as caracterizan e que poden axudar a mellorar a vida das persoas.

En todas estas iniciativas, unha das claves é o emprego das matemáticas e as TIC, que permiten xestionar e aproveitar a gran cantidade de datos que se xeran na sociedade actual. Como ferramentas máis concretas destacamos o uso de algoritmos, que son esenciais para a toma de decisións ou os xemelgos dixitais, que son modelos virtuais complexos que empregan datos en tempo real para comprender a realidade e predicir a evolución futura.

En canto aos ámbitos de aplicación, as iniciativas intelixentes abranguen todos os aspectos da vida dos cidadáns, dende a xestión da enerxía e a auga, ata a regulación do tráfico e do transporte público, a mellora da seguridade e privacidade ou da sanidade.

O concello de Ames avanza cara un modelo de vila intelixente, con iniciativas como a creación de comunidades enerxéticas (no que colabora coa Deputación da Coruña), o sistema de detección temperá de inundacións instalado no rego dos Pasos, a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable Integrado (EDUSI) na que se atopan entre outros o plan de mobilidade urbana sustentable (PMUS) ou a recente Estratexia de Desenvolvemento Integrado Local (EDIL).

Converter as nosas cidades e vilas en intelixentes é por tanto un desafío científico e tecnolóxico e ao mesmo tempo unha oportunidade para construír un futuro máis sostible, seguro e equitativo para todas as persoas.

Bibliografía

- Budd, C. (2019). Maths in the City: Future Cities.
- Casas Méndez, B. V. y Davila Pena, L. (2021): *Problemas de transporte de mostras biomédicas*. Boletín da SGAPEIO. Número 59, I.S.S.N.:1695-7083.
- Davila Pena, L. (2017). *Un Modelo de Teoría de Colas: La Redes Abiertas de Jackson*, Tráballo Fin de Grao.
- Elomari, Y., Mateu, C., Marín-Genescà y M., Boer, D. (2024): “A data-driven framework for designing a renewable energy community based on the integration of machine learning model with life cycle assessment and life cycle cost parameters”. *Applied Energy*, Volume 358, 122619.
- Grieves, M. (2002): *Completing the Cycle: Using PLM Information in the Sales and Service Functions*, Society of Manufacturing Engineers Conference, Michigan.
- Juarez, M. G., Botti, V. J. y Giret, A. S. (2021). “Digital Twins: Review and Challenges”. *J. Comput. Inf. Sci. Eng.*, 21(3): 030802 (23 pages).
- Kuhn, H. W. (1955): “The Hungarian Method for the assignment problem”. *Naval Research Logistic Quarterly*, 2, 83-97.
- Lv, Z., Fersman, E. (2022): *Digital Twins: Basics and Applications*. Springer Cham.
- Medina-Tapia, M., Robusté, F. y Estrada, M.: “Modeling public transportation networks for a circular city: the role of urban subcenters and mobility density”. *Transportation Research Procedia* 47 (2020) 353–360.
- Morandi, C., Rolando, A. y Di Vita, S. (2016): *From Smart City to Smart Region Digital Services for an Internet of Places*. Springer Briefs in Applied Sciences and Technology.

Plan de Movilidad Urbana Sostenible del Municipio de Ames. Concello de Ames.
PMUS

Schläpfer, M., Dong, L., O’Keeffe, K. *et al.* (2021): “The universal visitation law of human mobility”. *Nature* 593, 522–527.

O desafio da construção de cidades mais inovadoras, democráticas e justas no Noroeste da Península Ibérica

José A. Rio Fernandes

Luís Carvalho

Universidade do Porto

1. O que é a cidade hoje?

Com a melhoria das comunicações à distância, Frank Lloyd Wright afirmava há cerca de um século que “the big city in no long modern” (Wright, 1932). Ainda nos Estados Unidos, poucas décadas depois, William Whyte referia-se à explosão da cidade (Whyte, 1957), face à intensidade de um crescimento urbano espacialmente fragmentado, que era impulsionado pela massificação do automóvel e pela produção de residência de modo standardizado e empresarial. Uma e outra ideia associam-se ao anúncio do aumento da indiferença locativa, donde um eventual fim da cidade, ou, pelo menos, o fim da necessidade de uma cidade compacta, agora feita em pedaços e sem limites, entre campos e floresta, como outros sublinhariam mais tarde, face a desenvolvimentos tecnológicos (Toffler, 1980), assim como para o contexto da Europa meridional (Font, 2004).


Neste processo, se a cidade resiste, a verdade é que designação de urbano ganha maior relevância, como conceito mais abrangente e menos associado a territórios geográficos precisos, capaz de incluir várias possibilidades de articulação entre a cidade e diversas formas de urbanização, incluindo relações com o rural, onde é possível a proximidade – física ou em distância-tempo – ao emprego e a bens e serviços diversificados. A melhoria das infraestruturas e o aumento da mobilidade, bem como as enormes melhorias na comunicação à distância, ajudam a compreender as profundas alterações que se verificaram no modo como se constroem e estruturam os territórios urbanos contemporâneos e como se chegou até a equacionar o fim da cidade.

A par das mudanças, vistas no tempo, a abordagem de base espacial é essencial. As cidades, todavia, persistem e importa compreender os nexos que estabelecem entre si, em complexos sistemas, assim como as articulações urbano-rurais especialmente ricas em cidades de menor dimensão, ainda que tenham de ser vistas, quase sempre, no contexto de espaços urbanos alargados e multicêntricos. Nesse sentido, há hoje evidência que aponta para que pandemia covid-19 tenha vindo a favorecer este carácter multicêntrico da aglomeração urbana, com o reforço de atratividade económica e diversificação funcional de

outros territórios nos entornos das maiores cidades (e.g. Florida, 2021; Hill and Jacobs, 2022).

Neste quadro, a perspetiva multi-escalar adquire maior acuidade. Veja-se por exemplo, como o olhar para o quadro ibérico de Portugal e Espanha, a partir de uma simples representação da densidade da população residente (fig. 1), nos permite identificar na parte ocidental uma faixa de maior densidade de Santiago de Compostela a Setúbal; mas, noutra escala, uma concentração nas Rias Baixas (de Pontevedra a Vigo), no Noroeste de Portugal (de Viana a Aveiro) e de Mafra a Setúbal; e, observar igualmente núcleos fortes junto a Pontevedra e Vigo, Braga, Porto e Lisboa. Ou seja, a cidade existe, mas como centro de espaços urbanos alargados e complexos (no caso de Porto e Lisboa, por exemplo) ou como pequeno ou médio núcleo de um destes espaços, como é o caso de Bertamirans e Milladouro (em Ames) face a Santiago de Compostela, no contexto de concentrações urbanas estendidas ou de uma densificação da fachada ocidental.

Figura 1. Densidade populacional em 2021



Fonte. INE (Portugal e Espanha). Elaboração de Pedro Chamusca.

2. O regresso da cidade como centro de inovação e de consumo

